

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 5**

### **SESION ORDINARIA 31 DE MARZO DE 2014**

#### **ASISTENTES**

##### **POLO GRUPO MPAL. SOCIALISTA**

Excmo. Sr. Alcalde  
Abelairas Rodríguez, Isaura  
Fernández Pérez, José Manuel  
Lago Rey, M<sup>a</sup> Jesús  
López Font, Carlos  
Regades Fernández, David  
Rivas González, Angel  
Rodríguez Díaz, Santos H.  
Rodríguez Escudero, Cayetano  
Silva Rego, M<sup>a</sup> Carmen

##### **POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG**

Alonso Pérez, Fco. Xabier  
Domínguez Olveira, Santiago  
Velo Ríos, Iolanda M<sup>a</sup>

##### **POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR**

Alonso Alonso, Alexia María  
Álvarez Pérez, José Luís  
Araújo Pereira, Marcos  
Beiro Diz, Pablo  
Bernárdez de Dios, Antonio  
Cendón Alonso, M<sup>a</sup> Teresa  
Egerique Mosquera, Teresa  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Figueroa Vila, José M  
García Míguez, M<sup>a</sup> Angeles  
Iglesias Bueno, Marta  
Pérez Dávila, Alejandro  
Relova Quinteiro, Roberto F.

#### **NON ASISTE:**

Díaz Vázquez, Raquel (grupo municipal Socialista)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día trinta e un de marzo do ano dous mil catorce, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Pérez Dávila, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e Velo Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros

e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratarlos asuntos da orde do día.

### **PARTE RESOLUTIVA**

#### **1(39).- ACTAS ANTERIORES: (ACTA ORDINARIA DO 27.01.2014).**

Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, aprobase a acta do Pleno da Corporación correspondente á sesión ordinaria do 27 de xaneiro de 2014.

#### **2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.**

Non houbo.

#### **3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:**

##### **3.1(40).- DAR CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA POLO QUE SE APROBA A LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DESTE CONCELLO E DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS 2013. EXPTE. 102311/140 (852/1101).**

ANTECEDENTES.- Dáse conta do decreto da Alcaldía, de data 5 de febreiro de 2014, polo que se aproba a Liquidación do Orzamento deste Concello e dos seus Organismos Autónomos, correspondente ao exercicio 2013, que di:

“En uso das facultades que me confire a normativa vixente en materia de Réxime Local ( Art. 191.3 do T.R.L.R.F.L. e 90.1 del R.D. 500/1990), vistos os informes emitidos e a proposta formulada pola Sra. Concelleira Delegada da Área de Economía e Facenda de data 5 de febreiro, en cumprimento do previsto no artigo 192 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, tramítase a Liquidación do Orzamento da Entidade

Local, e incorpóranse as Liquidacións dos Organismos Autónomos Administrativos. En consecuencia, a Liquidación queda conformada polas seguintes institucións:

**Entidade Local**

Organismo Autónomo Administrativo, Xerencia Municipal de Urbanismo  
 Organismo Autónomo Administrativo, Instituto Municipal dos Deportes  
 Organismo Autónomo Administrativo, Escola Municipal de Artes e Oficios  
 Organismo Autónomo Administrativo, Parque das Ciencias Vigo Zoo

**R E S O L V O:**

1º) Aprobar a Liquidación do Orzamento deste Concello e dos seus Organismos Autónomos, propostos polo Órgano competente, correspondente ao exercicio 2013 cos estados que conforman os catro tomos que forman parte do expediente de Liquidación da Entidade Local e un por cada un dos Organismos Autónomos, que reproducen tódola documentación que obriga a Orde do Ministerio de Economía e Facenda 4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local, incorporando a esta Resolución as magnitudes mas importantes e que resumen a totalidade da xestión económica e financeira da Entidade o longo do ano 2013, conformada por:

**Entidade Local**

Organismo Autónomo Administrativo, Xerencia Municipal de Urbanismo  
 Organismo Autónomo Administrativo, Instituto Municipal dos Deportes  
 Organismo Autónomo Administrativo, Escola Municipal de Artes e Oficios  
 Organismo Autónomo Administrativo, Parque das Ciencias Vigo Zoo

**Remanente de Tesourería e Resultado orzamentario dos Organismos Autónomos Administrativos**

| XMU           |              |                | IMD           |            |                |
|---------------|--------------|----------------|---------------|------------|----------------|
| R. Tesourería |              | R.orzamentario | R. Tesourería |            | R.orzamentario |
| 2013          | 2012         |                | 2013          | 2012       |                |
| 1.234.222,62  | 1.136.553,50 | 464.321,87     | 6.510,64      | -77.128,62 | 83.639,26      |

| EMAO          |              |                | VIGO-ZOO      |            |                |
|---------------|--------------|----------------|---------------|------------|----------------|
| R. Tesourería |              | R.orzamentario | R. Tesourería |            | R.orzamentario |
| 2013          | 2012         |                | 2013          | 2012       |                |
| 1.506.573,34  | 1.344.848,77 | 161.609,49     | 1.281.416,21  | 796.061,02 | 485.355,19     |

**Remanente de Tesourería Entidade Local e estados consolidados cos axustes pertinentes**

| Remanente de Tesourería | Entidade |          | Estados Consolidados |          |
|-------------------------|----------|----------|----------------------|----------|
| Componentes             | Ano 2013 | Ano 2012 | Ano 2013             | Ano 2012 |
|                         |          |          |                      |          |

|   |               |                      |               |                       |               |                       |               |                       |
|---|---------------|----------------------|---------------|-----------------------|---------------|-----------------------|---------------|-----------------------|
| <b>1. (+) Fondos Líquidos</b>                                   |               | <b>77.677.952,61</b> |               | <b>90.943.645,55</b>  |               | <b>83.622.395,46</b>  |               | <b>96.557.703,32</b>  |
| <b>2. (+) Dereitos pendentes de cobro</b>                       |               |                      |               | <b>103.639.080,75</b> |               | <b>102.391.910,29</b> |               | <b>107.508.661,00</b> |
| (+) Do Orzamento Corrente                                       | 28.449.871,67 | <b>98.222.436,34</b> | 27.882.062,28 |                       | 29.344.982,39 |                       | 29.201.833,20 |                       |
| (+) De Orzamentos Pechados                                      | 71.644.916,04 |                      | 77.115.518,37 |                       | 74.870.813,02 |                       | 79.952.541,77 |                       |
| (+) De Operacións non Orzamentarias                             | 1.383.573,81  |                      | 1.506.499,49  | <b>33.673.354,91</b>  | 1.441.425,10  |                       | 1.564.350,78  |                       |
| (-) Cobros realizados pendentes de aplicación                   | 3.255.925,18  | <b>28.843.034,03</b> | 2.804.999,39  |                       | 3.265.310,22  | <b>30.759.311,76</b>  | 3.210.064,75  | <b>35.263.732,17</b>  |
|   |               |                      | 23.338.220,33 |                       | 18.613.746,97 |                       | 24.311.871,10 |                       |
| <b>3. (-) Obrigas pendentes de Pagamento</b>                    |               |                      | 78.057,72     |                       | 271.833,72    |                       | 80.400,53     |                       |
| (+) Do Orzamento Corrente                                       | 17.570.935,18 |                      | 10.262.178,93 |                       | 11.878.833,14 |                       | 10.876.562,61 |                       |
| (+) De Orzamentos Pechados                                      | 119.130,75    |                      | 5.102,07      |                       | 5.102,07      |                       | 5.102,07      |                       |
| (+) De Operacións non Orzamentarias                             | 11.158.070,17 |                      |               |                       |               |                       |               |                       |
| (-) Pos realizados pendentes de aplicación                      | 5.102,07      |                      |               |                       |               |                       |               |                       |
| I Remanente de Tesourería Total (1 + 2 + 3)                     |               | 147.057.354,92       |               | 160.909.371,39        |               | 155.254.993,99        |               | 168.802.632,15        |
| II Saldos de dubidoso cobro                                     |               | 65.127.982,52        |               | 70.806.866,99         |               | 66.645.865,52         |               | 72.031.890,35         |
| III Excesos de financiamento afectado                           |               | 5.201.038,69         |               | 4.260.673,27          |               | 8.222.451,69          |               | 7.728.576,00          |
| <b>IV Remanente de Tesourería para Gastos Xerais (I-II-III)</b> |               | <b>76.728.333,71</b> |               | <b>85.841.831,13</b>  |               | <b>80.386.676,78</b>  |               | <b>89.042.165,80</b>  |

### Resultado Orzamentario Entidade Local e estados consolidados

| Resultado Orzamentario                                 | Entidade                   |                           |               |                             | Estados consolidados       |                           |               |                             |
|--|----------------------------|---------------------------|---------------|-----------------------------|----------------------------|---------------------------|---------------|-----------------------------|
|  | Dereitos Reconocidos Netos | Obrigas Reconocidas Netas | Axustes       | Resultado Orzamentario      | Dereitos Reconocidos Netos | Obrigas Reconocidas Netas | Axustes       | Resultado Orzamentario      |
| a) Operacións correntes                                | 232.847.720,25             | 199.815.612,03            |               | 33.032.108,22-11.901.466,54 | 234.737.886,60             | 201.283.682,22            |               | 33.454.204,38-11.635.257,38 |
| b) Outras operacións non financeiras                   | 993.553,44                 | 12.895.019,98             |               | 21.130.641,68-6,21          | 236.922.444,36             | 13.819.815,14             |               | 21.818.947,00               |
| 1. Total Operacións non financeiras (a+b)              | 233.841.273,69             | 212.710.632,01            |               | -16.902.064,10              | 526.493,79                 | 215.103.497,36            |               | 2.993,79                    |
| 2. Activos Financeiros                                 |                            | 466.493,79                |               |                             | 8.831.560,08               | 523.500,00                |               | -16.902.064,10              |
| 3. Pasivos Financeiros                                 |                            | 466.500,00                |               |                             |                            | 25.733.624,18             |               |                             |
| <b>RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO</b>             | 8.831.560,08               | 25.733.624,18             |               | 4.228.571,37                | 246.280.498,23             | 241.360.621,54            |               | 4.919.876,69                |
|  | 243.139,327,56             | 238.910.756,19            |               |                             |                            |                           |               |                             |
| <b>Axustes</b>   |                            |                           |               |                             |                            |                           |               |                             |
| 4. Créditos gastados financiados con RTGX              |                            |                           | 18.051.530,77 |                             |                            |                           | 18.051.530,77 |                             |
| 5. Desviacións de financiamento negativas do exercicio |                            |                           | 3.441.998,07  |                             |                            |                           | 4.126.031,27  |                             |
| 6. Desviacións de financiamento positivas do exercicio |                            |                           | 3.547.242,31  |                             |                            |                           | 4.096.520,47  |                             |
| <b>RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO</b>                 |                            |                           |               | <b>22.174.857,90</b>        |                            |                           |               | <b>23.000.918,26</b>        |

Hai un Remanente de tesourería positivo na Entidade e nos seus Organismo Autónomos así como no perímetro de consolidación.

Hai Resultado Orzamentario positivo na Entidade e nos seus Organismo Autónomos así como no perímetro de consolidación.

Dáse cumprimento ao principio de Estabilidade Orzamentaria regulamentado no artigo 11 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, pechándose cun superávit de 5.158.479,44 euros.

Dado o nivel endebedamento, en termos cuantitativos de 38.956.509,87 euros, dáse cumprimento a sustentabilidade financeira tendo en conta o previsto no artigo 4 da Lei Orgánica 2/2012.

Dáse cumprimento a Regra de Gasto, tendo os estados consolidados un nivel algo máis baixo de gasto computable co legalmente previsto tendo en conta a TRCPIB e o gasto computable na Liquidación do ano 2012, polo tanto, cúmprese co previsto no artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Dáse cumprimento ao período medio de pagamentos dentro dos límites que establece a Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, facéndose o pagamento no ano 2014 nun período medio de 26,57 días.

Hai aforro neto positivo, calculado nos termos que establece Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Local e a Disposición Final Trixésima primeira da Lei 17/2012, de Orzamentos Xerais para o ano 2013.

2) En cumprimento do regulamentado no artigo 193.4 do TRLRFL e artigo 90.2 do R.P., da liquidación do Orzamento, unha vez aprobada, darase conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que este órgano celebre .

Han de remitirse copias das liquidacións dos Orzamentos á Comunidade Autónoma e á Delegación Provincial do Ministerio de Facenda antes de rematar o vindeiro mes de marzo (artigo 193.5 TRLRHL. e 91 do R.P.). A remisión farase seguindo o procedemento de reporting electrónico dos datos económicos, financeiros e orzamentarios referentes a Entidade Local e OO.AA coa taxonomía LENLOC.

A Comisión Informativa de Economía, Facenda e Educación, na súa sesión ordinaria do 21 de marzo, quedou informada.

DEBATE.-

PRESIDENCIA: Previo acordo dos tres grupos, os puntos 3.1, 3.2, 3.3 e 3.4 que son catro informes de “dar conta”, debateranse conxuntamente nunha quenda de dez

minutos para cada un dos voceiros dos diferentes grupos.

SRA. SILVA REGO: Imos dar conta de catro documentos de carácter económico, voume centrar nesta primeira intervención na Liquidación do Orzamento do ano 2013, o resto dos documentos que son eminentemente técnicos, pero se vostedes precisan dalgunha aclaración ou teñen algún comentario que facer, estarei encantada de facer referencia a eles na quenda de réplica.

Pasando xa ao balance da Liquidación do ano 2013, quero comezar destacando que no referente aos parámetros de legalidade non hai ningún reparo por parte do órgano fiscalizador, polo tanto afirmar con contundencia que se cumpre total e absolutamente a legalidade. Quero continuar facendo referencia a algunhas cifras que me parecen moi relevantes, en primeiro lugar destacar que se chegou a liquidar o 106,7% dos ingresos previstos, o que pon de manifesto a prudencia e responsabilidade na formación dos orzamentos e o cumprimento do obxectivo de manter saneado e en equilibrio ao Concello. Isto non é un tema menor, vostedes saben que son moitos os Concellos que están quebrados.

En canto á execución do Estado de Gastos, teño que dicir con satisfacción que se acadou unha porcentaxe histórica o 94,19%, o que representa a porcentaxe máis alta coñecida neste Concello, repito a máis alta coñecida.

Seguindo cos resultados quero agora poñer de manifesto outros datos importantes, no que se refire ao coeficiente de endebedamento hai que sinalar que se pasou dun 33,03% do ano 2006 ao 16,66% do ano 2013, a peche do 2014 vai estar ao redor do 13%.

Como saben imos camiño de conseguir a débeda cero, débeda cero que non conseguirá ningún outro concello e que permitirá que os recursos se destinen a novos servizos e investimentos, en definitiva, que se invista no benestar dos cidadás. Outro dato salientable é o endebedamento por habitante, cando chegamos era de 226,74 euros, hoxe é de 131,39 euros, ao peche de 2014 estará no entorno dos 100 euros. Un dato que seguramente interesará ás viguesas/es é saber a débeda que o Concello ten cos bancos, no ano 2006 estaba preto dos 60,5 millóns de euros, ao pecho do 2013 non chega ao 39 millóns, unha minoración do 41,42%, permítanme que o cualifique de extraordinariamente positivo, e non queda aquí, no ano no ano 2014 estará en torno ao 30 millóns, unha minoración dun

53,38%, e isto en menos de sete anos, coñecen outro concello con estes datos?

Ademais, e non menos salientable, é que somos uns dos concellos que paga aos provedores en menos tempo, no ano 2006 facíanse os pagamentos en 50,57 días, no 2013 en 26,57 días, unha mellora de 24 días. Se falamos dos acredores comerciais as cifras tamén son moi positivas, no 2006 tiñan un saldo pendente de máis de 44 millóns, mentres que no 2013 non chega a 29 días, o máis baixo da historia, unha redución do 34,75%.

Seguindo con esta análise de xestión eficiente dos recursos públicos, quero poñer en valor tamén que se cumpre de forma extraordinaria cos principios de Estabilidade Orzamentaria e de cumprimento da Regra de Gasto, como saben no 2012 tivemos un superávit de 5.900.000 euros que permitiu aprobar un plan de investimentos que vai xerar importantes melloras na cidade e na vida dos cidadáns e o máis importante, vai a promover a creación de emprego, pois ben, no 2013 tamén se liquida con superávit de 5.100.000 euros. E se estes datos non foran suficientes para avaliar cunha elevada nota a xestión económica deste goberno, hai que subliñar que o remanente de tesourería para gastos xerais foi no 2013 de preto de 77 millóns de euros, cando no 2006 era de 48 millóns, vinte e oito millóns máis.

De todos estes datos quítase unha conclusión clara, non hai unha soa magnitude negativa no resultado da Liquidación, nin unha soa. Isto non é casualidade, é o resultado dun gran esforzo de xestión que permitiu adoptar por primeira vez a conxelación no transporte público e na auga e saneamento no 2013 e no 2014 e ademais a conxelación total dos impostos e taxas en 2014 e o aumento das bonificacións para as familias con máis dificultades, son fitos históricos e o máis importante, todo este esforzo de planificación, execución e cumprimento das normas permite que poidamos levar adiante políticas públicas que favorecen a vida das viguesas/es, cos aforros xerados puidemos adicar ás políticas de benestar social máis recursos, pasamos de 5,6 millóns no ano 2007 a 9,4 no 2013, de 5,6 a 9,4 millóns, establecéronse como beneficiarios os nenos dos colexios públicos cun aumento de bolsas de comedor e libros de texto que pasou de 400.000 euros a máis de dous millóns no ano 2013. O mesmo está acontecer coas axudas a comedores sociais que no ano 2013 tivo un financiamento de preto dun millóns de euros e que con outros gobernos era testimoniais, case nulas, tamén serviu para poñer en funcionamento o centro de servizos sociais cun custe de 700.000 euros.

Tamén se puxo en marcha un programa de tres millóns de euros de axudas ás persoas que máis o precisan e que no 2014 vai ter unha aplicación en axudas para alugueiros, alimentación e para facer fronte ao pago da luz e o gas. Un dos empregos máis destacables que se fixeron neste período foi os das axudas aos usuarios do transporte público, no ano 2007 gastábanse 5,6 millóns, no 2013 case once millóns e no 2014 serán doce millóns. Ademais unha das apostas máis fortes do goberno foron os investimentos en políticas de emprego, estes programas pasaron de 2,3 millóns en 2007 a 5,2 no 2013, mencionar tamén as partidas destinadas ás asociacións veciñais, centros cívicos, axudas contra a crise que pasaron de 1,2 millóns non 2007 a 5,1 no 2013.

Outro dos avances son os investimentos que se adican a Educación, novas escolas infantís e máis gastos educativos para facer fronte aos recortes da Xunta de Galicia e do Goberno do Estado, pasouse de sete millóns a 10,6 e todo isto sen diminuír, todo o contrario, nin unha soa política social, cultural, de xuventude, promoción da igualdade, e que dicir dos investimentos en obras, humanizacións, mantemento do sistema viario, saneamento, abastecemento, parques públicos, infantís, biosaudables que estar a ter un investimento como nunca se vira na cidade, ou a aposta pola recuperación do noso patrimonio histórico, cultural e medio ambiental.

SRA. VELOSO RÍOS: Hoxe si podemos dicir que son bos días porque deixou de chover e ademais chegamos directamente ao país das marabillas. Vemos a liquidación dos orzamentos e non recibimos máis que alegrías, un alto grao de execución, superávit e mesmo no informe do Interventor se nos di que sigamos así, que imos polo bo camiño. O mellor de todo tamén agardando con curiosidade a intervención do Partido Popular, seguramente estes mesmos informes darían pe a unha intervención bastante diferente hai un ano, pero a día de hoxe estamos agardando con moita curiosidade ver como sae do “papelón” que lle toca ao Sr. Fidalgo. Desgraciadamente estes documentos económicos con estas porcentaxes que nos relatou a Sr. Silva, non reflicten realidades que non se poden describir en termos porcentuais, non están describindo as axudas de emerxencia que non chegaron sequera a tramitarse. Non describen os cheques do Plan Social contra a crise que non se entregaron porque houbo que adicar parte a “propaganda e publicidade”, a boa execución non fala dos nenos e nenas que no puideron quedar



no comedor do seu colexio porque non sabían se ían ter bolsa ou non, nin das persoas en paro que non reciben prestación ningunha e non teñen cartos nin para coller o autobús e tampouco se lles ofrece ningún tipo de axuda por parte deste Concello.

Estes documentos non reflicten nas liquidacións que os esforzos deste Goberno foron para falar, non cos veciños/as senón coas aeroliñas e para darlles os cartos aos bancos, non a quen os precisa para comer. Tampouco se solucionaron os grandes problemas da cidade e non se lograron grandes investimentos, nin darlle un mínimo impulso á recuperación económica e ao emprego nesta cidade con máis dun 22% de taxa de desemprego, iso si que é un fito histórico.

O apoio que logrou este Goberno na última parte do ano por parte do Partido Popular non é casualidade, é a consecuencia directa dunha coincidencia absoluta nas políticas, porque hoxe escoitando a intervención da Sra. Silva poderíamos trasladarnos perfectamente e cernos que estamos no Parlamento Galego escoitando representantes da Xunta de Galicia ou mesmo na Deputación de Pontevedra, escoitando ao Goberno do Partido Popular. De feito, tanto é así, poderíamos pensar que estamos na Deputación de Pontevedra que aquí hoxe non se falou, seguramente se falará na quenda de peche por parte de Goberno, pero no se falou da liquidación dos orzamentos dos Organismos Autónomos, porque tampouco parece que o vaíamos falar senón que imos pasar a falar directamente da liquidación dos Organismos Autónomos. Na Deputación así se fixo, aquí parece que tamén se vai facer, na Deputación o Partido Socialista opúxose á liquidación dos Organismos Autónomos, aquí e agora parece que está a favor e clarexou o Sr. Rodríguez Díaz que se opoñía porque non estaban de acordo con como se facía, porque non había un estudo económico que indicase que aforro ía supor porque non se falara co persoal dos organismos autónomos, cos usuarios/as e aquí? Falouse aquí? Porque nun dos Organismos Autónomos, precisamente o que preside o Sr. Rodríguez Díaz, a Escola Municipal de Artes e Oficios, puidemos escoitar a preocupación do profesorado e do alumnado polo futuro da institución, e o mesmo podemos dicir do IMD, do Vigo-Zoo. Nós insistimos sen saber, sen ter ningún tipo de información económica do aforro que vai supoñer, a nós parécenos que simplemente é asumir, tamén neste caso, as políticas do Partido Popular e camiñar cara unha privatización encuberta, que seguirá provocando problemas como os que

hoxe mesmo se están denunciando aquí neste Pleno.

Non sabemos que queren facer, nin por que, nin para que, máis aló de aplicar as políticas do Partido Popular en canto á administración local, e agora convenlles por razóns electoralistas ós dous e todo cambia. Antes o Alcalde tiña que defender á cidade dos ataques do Partido Popular, que non quería sequera que fose a cabeza da Área Metropolitana, había que defender á presidencia da Área Metropolita para o Alcalde de Vigo, agora pagaremos o transporte metropolitano, a secas, sen Área Metropolitana, nin servizos, nin infraestruturas, nin intermodalidade, nin modelo territorial, nin nada de nada, por uns orzamentos.

Xa non hai chantaxes como dicía antes o Alcalde cando falaba da Cidade da Xustiza, era todo chantaxes por parte da Xunta de Galicia, agora son acordos. Para o Partido Popular xa non hai incumprimentos, no último Pleno xa escoitábamos ao Sr. Fidalgo dicindo que o Goberno xa ía mellorando na súa xestión, xa non ía tan mal como o mes anterior e como progresa adecuadamente, quita boas notas, imos regalarlle a bicicleta que pediu polos Reis, pero a cambio de que? Piden vostedes algunha das cousas que pedía o Sr. Figueroa cando criticaba os incumprimentos do Sr. Abel Caballero, porque podemos ver na páxina web do Partido Popular, non o quito nin sequera da hemeroteca, ao Sr. Figueroa denunciando as mentiras do Sr. Abel Caballero. Están todas estas mentiras do Sr. Abel Caballero recollidas no acordo que asinaron o Goberno Local e o Partido Popular que asina acordos nos que non sabemos se se recollen estas mentiras ou non, porque nin sequera o coñecemos. Si sabemos dalgunhas, porque entre as mentiras denunciaba 50 pisos da rúa Rosalía de Castro para aluguer, non imos ter cincuenta pisos de Rosalía de Castro para aluguer, nin corenta, non os imos ter nin para aluguer nin para nada, non os imos ter. Está recollido no acordo que asinaron o Partido Popular e o Partido Socialista, o que antes eran mentiras agora son acordos do Partido Popular e do Partido Socialista.

Non se está reclamando nada diso, non se está reclamando unha solución para os problemas reais desta cidade, piden vostedes un local para Sereos, que levan tantos meses pedindo un local para Sereos cando a xente está tirada na rúa? Non, piden o de sempre que os vigueses/as paguemos o que vostedes non queren pagar dende a Xunta de Galicia e que a cidade quede sen recursos propios para facer fronte ao desmantelamento industrial, a taxa de desemprego histórica, os recortes

sociais, a ausencia de transportes e infraestruturas e a privatización da sanidade que xa ten o visto bo tamén deste Goberno, e que o Partido Popular está perpetrando, e o Alcalde asúmeo, e falan vostedes dun acordo pola cidade cando os grandes problemas de Vigo seguen aí, porque seguen na rúa persoas que están no desemprego e que non reciben ningún tipo de prestación e que non teñen axudas para coller o autobús. Antes era o Partido Popular quen nos poñía a perna enriba e non nos deixaba levantar cabeza, agora xa son dúas pernas, xa temos dúas pernas enriba que non nos deixan levantar cabeza.

Esa é a realidade porque a Sra. Silva falaba dunha serie servizos sociais e de infraestruturas importantes para a cidade como o aumento na partida das bolsas de comedor, como as escolas infantís municipais, quero lembrar quen emendou os orzamentos deste Concello para incluír partidas para construír escolas infantís municipais nesta cidade, o Bloque Nacionalista Galego. Quero lembrar quen emendou os orzamentos deste Concello para aumentar as partidas en bolsas de comedor, o Bloque Nacionalista Galego, quero lembrar quen emendou os orzamentos deste Concello para incluír 3.200.000 euros para un plan social contra a crise, unha parte por certo dedicada a comedores sociais dos que tamén falou a Sra. Silva, o Bloque Nacionalista Galego foi quen emendou os orzamentos desta cidade para que se recollesen seis millóns adicados á creación de emprego nesta cidade. Agora que hai un acordo entre o Partido Popular e o Partido Socialista e ningún deles vai incluír partidas para construcións de escolas municipais novas, infantís, para aumentar as bolsas de comedor para un plan social contra a crise cando imos pasar de 3.200.000 euros para un plan social contra a crise a tres partidas de 700.000 euros para distintos usos, aluguer, tarifa eléctrica, cando non imos ter un bono-bus para as persoas desempregadas porque o Partido Popular non o recolle no pacto, insisto, pacto que só coñecemos pola prensa, entón veremos cales son os servizos sociais que se prestan dende este Concello. Porque aquí vivimos no país das marabillas e executamos todo, sóbrannos cartos, temos un superávit de máis de cinco millóns de euros, pero a xente segue sen recibir as axudas que precisa, a xente segue sen recibir as axudas deste Concello, e estamos aplicando neste Concello as mesmas políticas que o Partido Popular na Xunta de Galicia e no Goberno do Estado, igual que se lle sobe o IVE a todo o mundo, se lle baixa o IVE a todo o mundo, tamén ós que máis teñen, para ter menos recursos

para darlle aos que menos teñen, esas non son políticas sociais, esas non son políticas de esquerda, que non se describen porcentualmente.

Nós non podemos valorar positivamente, como fan vostedes, a liquidación destes Orzamentos porque é o reflexo das políticas de dereitas que se están aplicando neste Concello.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sra. Veloso, parece que non lles gusta o Alcalde que vostedes, cos seus votos, elixiron e critican a responsabilidade que ten o Partido Popular con esta cidade para que Vigo non se paralice nun momento no que máis o necesita e que vostedes deixaron tirados sen orzamentos aos vigueses. Pero hoxe estamos aquí falando de economía, a liquidación do Orzamento reflicte o comportamento dos ingresos e dos gastos durante un exercicio, e saben que valoración facemos dende o Partido Popular sobre as contas de 2013? Pois que este Goberno estivo máis preocupado por recadar que por investir. Recadouse non un 100% senón un 106% do presupostado, mentres se gastou un 94% do presupostado inicialmente. Dende que vostedes gobernan en 2007 os ingresos tributarios por habitante subiron un 16%, de 452 euros por habitante en 2007 ata 524 euros por habitante en 2013. Sen embargo destes 524 euros que nos cobran de media a cada vigués, só dedican 43 euros a investimentos, este é o esforzo inversor por habitante máis baixo dos últimos oitos anos.

Estas contas do 2013 seguen demostrando cal é o seu auténtico punto débil, o seu talón de Aquiles segue sendo a xestión. Vostedes non saben xestionar, no capítulo de investimentos deixaron sen executar máis de un de cada tres euros, é lamentable que os vigueses nos sacrifiquemos pagando impostos e que logo vostedes non sexan capaces de cumprir co proxectado por unha absoluta falla de xestión. Mala xestión e escaso control tamén sobre o gasto corrente, o improdutivo o que non xera riqueza na cidade. O gasto corrente incrementouse en máis dun 25% dende que vostedes gobernan.

E as multas merecen un capítulo aparte, aí son os campións, a recadación por multas segue machacando aos vigueses, isto non o inventa o Partido Popular senón que son os datos que o propio Interventor reflicte na súa liquidación. Presupostaron 4,4 millóns de euros en multas e impuxeron multas por 8,7 millóns de euros, o dobre do presupostado, dende que vostedes gobernan impuxeron multas de tráfico

por valor de 58,7 millóns de euros que se di pronto.

Para acabar coas valoracións dos ingresos, lembrarlles que o Partido Popular tiña razón cando dicía que non había que subir os impostos senón que había que baixalos, por exemplo os ingresos previstos polo Imposto de Bens Inmóveis superaron en 2013 en catro millóns de euros aos presupostados, e tamén os ingresos pola recollida de lixo e polas plusvalías foron superiores aos presupostados.

Outra cuestión importante, o Goberno Municipal acerta cando fan caso ao Partido Popular, por exemplo na redución da débeda, o Goberno Municipal por fin tomou nota do que lle viñamos avisando dende o Partido Popular, que o aumento exponencial do endebedamento do Concello ata os cen millóns de euros era completamente inasumible e por iso, o noso apoio á amortización extraordinaria e anticipada de débeda por importe de 16,7 millóns de euros, que posibilitou que este ano se reduza significativamente o peso de endebedamento e que nos aforrásemos en intereses máis de 3,5 millóns de euros. Ademais a aplicación do superávit do 2013 case 5,1 millóns de euros a unha nova redución do endebedamento, tal e como avanza o Interventor que haberá que facer, contribuirá novamente a sanear as contas do Concello e xa lle anuncio que contarían co noso apoio.

Imos falar agora dos gastos, xa lles advertía antes que é urxente un maior control do gasto, é fundamental un maior control do gasto, entre cousas porque o gasto corrente aumentou en máis dun 25% dende que vostedes gobernan. Pero o control do gasto tamén é importante porque nos quedamos a escasos 460.000 euros de sobrepasar o teito do gasto fixado para o 2013, o que nos houbera obrigado a presentar un Plan Económico Financeiro e que a Xunta de Galicia, dalgunha maneira, nos chegara a tutelar as contas do Concello. É certo que non nos pasou o de hai dous anos cando o Concello de Vigo incumpriu por primeira vez na súa historia o seu obxectivo de estabilidade, cun desequilibrio de máis de 25 millóns de euros que lle obrigou a facer un plan económico financeiro, pero ollo, hai que estar atentos Sra. Silva porque nas liquidacións dos organismos autónomos comprobamos con preocupación que tanto a Xerencia de Urbanismo como o Instituto Municipal dos Deportes, a Escola Municipal de Artes e Oficios superaron o teito de gasto previsto para estes organismos.

Por último, un comentario sobre os marcos presupostarios, este é un documento que por lei hai que remitir ao Ministerio de Facenda porque así o obriga a Lei de Estabilidade Presupostaria, aprobada polo Goberno do Partido Popular en Madrid. Aínda que o propio Interventor no seu informe indica que son moi provisionais estes datos, dicir que nas previsións para o período 2015-2017 chama a atención algunhas cuestións como por exemplo, a afirmación que realiza o Interventor de que non se prevén novos servizos que supoñan unha alteración cuantitativa do gasto, senón que se se aumenta algún sería a costa de diminuír outros como fonte compensatoria de financiamento. Polo tanto, a marxe de manobra é cero.

Outra cuestión, que o informe reflicte que os ingresos provenientes do Estado van seguir incrementándose ao longo dos próximos anos, o cal agrádanos bastante, vemos que o compromiso do Goberno de España e do Estado coa cidade de Vigo vai seguir incrementándose no futuro e iso é moi positivo.

Por último, tamén neste informe, este Marco Orzamentario contempla un novo endebedamento, prevese un novo préstamo para 2015 de 6,8 millóns de euros, outro de cinco millóns de euros para 2016 e outro de cinco millóns de euros para 2017, co cal esa promesa de endebedamento cero non vemos moi ben como vai encaixar.

En resumen, e para rematar, dúas cuestións fundamentais para rematar unha, que non só hai que preocuparse de recadar senón tamén de investir e que hai que aplicarse moito máis na xestión. Segunda, que é necesario máis rigor e máis control sobre as contas deste Concello porque están manexando algo moi valioso, que para o Partido Popular é sagrado, os cartos de tódolos vigueses/as.

SRA. SILVA REGO: Eu non esperaba que a oposición felicitara ao Goberno, non sería propio da oposición, aínda que analizando as contas da liquidación o certo é que habería que felicitar a este Goberno. Non vou repetir tódolos datos que aquí dixen, datos da porcentaxe dos ingresos, dos gastos pero si que quero facer algunha proposta Sr. Fidalgo, a execución orzamentaria da Xunta de Galicia foi do 92% e foi cualificada pola Xunta do Goberno Popular como extraordinaria, a anterior do 2012 fora do 88%, pero claro, se a da Xunta de Galicia é extraordinaria co 92%, que me vai dicir vostede dunha que superou o 94%, se aquela é extraordinaria esta é superextraordinaria. O certo é que tódolos datos, absolutamente todos, que se

contemplan no informe da liquidación do ano 2013 son históricos, nunca houbo outros mellores, Sr. Fidalgo. Pódese mellorar? Sempre se pode mellorar, imos traballar para mellorar? Si, de feito o pago a provedores que xa foi extraordinario neste informe de liquidación está a ser mellorado no 2014 e así todos e cada un dos parámetros económicos da xestión dos recursos públicos deste Concello.

Vou agora a adicarme a facer política en serio, e vou falar directamente co Bloque Nacionalista Galego, coa Sra. Veloso, dixo o Sr. Abraham Lincoln “que hai momentos na vida dun político no que o mellor que pode facer en non despegar os labios”, iso é o que hoxe vostede tería que estar facendo aquí. Vostede está incumprindo, o Bloque Nacionalista Galego, está a incumplir o compromiso que acadou cos cidadáns nas eleccións, vostede está incumpríndoo. Sra. Veloso, vostede ten que saír máis a rúa e escoitar aos cidadáns máis, vostede está pouco na rúa porque case ningún fin de semana está na cidade e polo tanto móvese pouco pola cidade, móvese máis por outras cidades do norte, estea máis en Vigo, pregúntelle ao Sr. Domínguez antigo voceiro do Bloque Nacionalista Galego que si que está bastante máis que vostede na cidade, e xa verá como os cidadáns de Vigo están encantados coa xestión deste Goberno, Sra. Veloso. Vostede fala de que en Vigo hai un 22% de desemprego, sabe canto hai en Pontevedra onde gobernan vostedes? Un 24% de desempregados, que políticas desenvolven vostedes para facer fronte a ese 24% de desempregados da provincia de Pontevedra? Ningunha, vostede é unha demagoga, ven aquí a esixir a esta Goberno o que non fan onde gobernan. Vostede non falou ningunha palabra da liquidación do Orzamento que foi aprobado con once votos do Partido Socialista e con tres votos do Bloque Nacionalista Galego, vostede tiña que estar encantada de que ese orzamento que se aprobou conxuntamente, se teña executado en máis dun 94%, pero vostede ven aquí a seguir as ordes dos seus xefes de Santiago de Compostela, e a dicir cousas que nada teñen que ver con este debate. Vostede ven aquí a falar do orzamento que teremos que falar cando toque e non toca agora, e eu vou ver que vai facer vostede, vai votar en contra de partidas para alugueiros para as persoas? Vai votar en contra de partidas para a alimentación? Vai votar en contra de políticas para atallar a pobreza enerxética? Vai vostede facer iso Sra. Veloso? Menos demagogia.

*De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que*

*queda enterado.*

**3.2(41).- DAR CONTA DO INFORME DO INTERVENTOR XERAL DE AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA 2013. EXPTE. 102312/140 (851/1101)**

ANTECEDENTES.- Dáse conta dos informes, de data 4 de febreiro de 2014, do Interventor Xeral de “Avaliación do cumprimento do obxectivo de Estabilidade orzamentaria. Liquidación do Orzamento do Concello de Vigo do 2013”, así como da “Análise de cumprimento da regra de gasto”, que din:

"ANALISE DE CUMPRIMENTO DA REGRA DE GASTO  
LIQUIDACIÓN ORZAMENTO ANO 2013: CONCELLO E ORGANISMOS  
AUTÓNOMOS ADMINISTRATIVOS

Lexislación aplicable

Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en diante TRLRHL), aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenrolo da Lei 18/2001, de 12 decembro de Estabilidade Orzamentaria.

Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-95) aprobado polo Regulamento (CE) 2223/96 do Consello da Unión Europea, de 25 de xuño de 1996.

Manual de cálculo de déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Entidades Locais editado polo Ministerio de Economía e Facenda. IGAE

Guía para a determinación da Regra de Gasto do artigo 12 da LOEOeSF para as Corporacións Locais, 1ª edición. IGAE

*Regra de Gasto*

En cumprimento do previsto no artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, LEOeSF, e o desenvolvemento que está a facer a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro e notas publicadas polo Minhap, deberase dar a seguinte equivalencia entre os saldos da Liquidación do Orzamento do ano 2012 e a Liquidación do ano 2013.

Vaise facer o cálculo, a partires da fórmula que establece a guía para a determinación da Regra do Gasto do artigo 12 da LOEOSF, 1ª edición do MINHAP.

TV Gasto computable = (( Gasto computable ano n /Gasto computable n-1) -



1 )x100 ≤ TRCPIB

Seguindo a formulación de desenvolvemento que está a facer a Orde do MINHAP 2105/2012, do 1 de outubro, facendo unha comparativa entre as dúas Liquidacións, sometendo esta aos axustes da TRCPIB para o ano 2013 e aos cambios normativos, aplícase a seguinte fórmula.

$$\Sigma \text{ GCL } 2012 \times \text{TRCPIB} \pm \text{Cambios normativos} \geq \Sigma \text{ GCL } 2013$$

Taxa de referencia de crecemento do PIB (TRCPIB) de medio prazo da economía española para o ano 2013, 1,7%

*Variacións ou cambios normativos que puidesen xerar axustes:*

| Administración                | Concepto   | Importe              |
|-------------------------------|--|----------------------|
| <b>Estatal</b>                |  | <b>1.498.078,63</b>  |
|                               | Subvención ao transporte   | 1.041.381,34         |
|                               | Transferencia ao CZFV  | 281.133,42           |
|                               | Ministerio de Sanidade, Modificacións de crédito 3 e 25/2013           | 175.563,87           |
| <b>Autonómica</b>             |  | <b>2.854.259,29</b>  |
|                               | Plan Concertado e Dependencia  | 1.691.240,92         |
|                               | Drogodependencia   | 448.624,74           |
|                               | Modificacións crédito, 2,4,6,7,10,11,13,56,62,75,78 e 79/2013, emprego | 714.393,63           |
| <b>UE</b>                     |  | <b>467.377,40</b>    |
|                               | Modificacións 1,8,60/2013, Imos Traballar e Sum Project                | 467.377,40           |
| <b>Deputación</b>             |  | <b>17.936,06</b>     |
|                               | Plan de emprego ano 2005-2006  | 17.936,06            |
| <b>Outras Administracións</b> |  | <b>546.690,20</b>    |
|                               | Bembrive   | 271.247,53           |
|                               | MAIV   | 275.442,67           |
| <b>OO.AA</b>                  |  | <b>14.023.792,19</b> |
|                               | Transferencia corrente e de capital                                    | 14.023.792,19        |

*Detalle axustes Xerencia Municipal de Urbanismo*

| Administración | Concepto   | Importe    |
|----------------|--|------------|
| Estatal        | Convenio de subvencións rehabilitación Cascos Históricos | 511.591,76 |
| Autonómica     | Convenio de subvencións rehabilitación Cascos Históricos | 424.601,61 |

### Entidade Local con axustes

| Concepto   | Liquidac. 2012 | P. aprobado 2013 | Liquidación 2013 |
|--|----------------|------------------|------------------|
| Capítulos I a VII, menos gastos financeiros débeda | 212.843.043,08 | 214.096.789,68   | 211.983.261,76   |
| + operacións pendentes de aplicar ao orzamento     | 2.501.686,25   |                  | 4.265.995,34     |
| Empregos non financeiros SEC                       | 215.344.729,33 | 214.096.789,48   | 216.249.257,10   |
| -Transferencias a OO.AA                            | -16.208.089,88 | -14.187.614,16   | -14.023.792,19   |
| -Gasto financiado con fondos finalistas            | -5.866.857,87  | -3.922.203,04    | -5.384.341,58    |
| UE, ingresos                                       | -55.313,04     |                  | -467.377,40      |
| Estado, ingresos                                   | -1.990.071,85  | -1.131.133,42    | -1.498.078,63    |
| CA, ingresos                                       | -3.288.490,98  | -2.250.000,00    | -2.854.259,29    |
| Deputación Pontevedra                              |                |                  | -17.936,06       |
| Outras Administracións, transferencias, pagamento. | -532.982,00    | -541.069,62      | -546.690,20      |
| Total  | 193.269.781,58 | 195.986.972,28   | 196.841.123,33   |

### Estados consolidados incluídos os axustes de consolidación

| Concepto               | Liqui. 2012    | TRCPIB         | Δ/▼, art.12.4 | Límite liqui.2013 | P. aprobado 2013 | Liqui. 2013    |
|------------------------|----------------|----------------|---------------|-------------------|------------------|----------------|
| Entidade               | 193.269.781,58 | 196.555.367,87 | 1.491.286,62  | 198.046.654,50    | 214.096.789,68   | 196.841.123,33 |
| IMD                    | 7.252.364,05   | 7.375.654,24   |               | 7.375.654,24      | 8.037.574,30     | 7.570.591,06   |
| Vigo Zoo               | 1.422.317,65   | 1.446.497,05   | ,00           | 1.446.497,05      | 1.505.616,64     | 1.393.647,24   |
| EMAO                   | 1.105.202,14   | 1.123.990,58   |               | 1.123.990,58      | 1.319.261,22     | 1.173.456,04   |
| XMU                    | 4.708.999,16   | 4.789.052,15   |               | 4.789.052,15      | 6.956.764,37     | 5.342.769,83   |
| Inexecucións           |                | ,00            | ,00           | ,00               | -471.105,00      |                |
| Transf. a OAAA         |                |                |               |                   | -14.187.614,16   |                |
| Transferir. á entidade |                |                |               |                   | -1.681.230,51    |                |
| Ax. F. Finalista       |                |                |               |                   | -3.982.203,04    |                |
| Total                  | 207.758.664,58 | 211.290.561,89 | 1.491.286,62  | 212.781.848,52    | 211.593.853,50   | 212.321.587,50 |

### Resumo por cada unha das institucións.

| Institución | GC Liqui.2012  | TRCPIP 2013 | Máximo         | V. Permanentes | Máx. Total legal | Real           | Diferencia    |
|-------------|----------------|-------------|----------------|----------------|------------------|----------------|---------------|
| CONCELLO    | 193.269.781,58 | 1,70%       | 196.555.367,90 | 1.491.286,62   | 198.046.654,50   | 196.841.123,33 | -1.205.531,16 |
| VII                               | 464.213,41            |                | 546.133,42            |                | 546.133,42            |              | 551.594,75            |
| Gasto capital NF                  | 18.167.285,81         | -11,92%        | 16.001.640,95         | -17,87%        | 13.141.702,88         | -11,15%      | 11.676.942,68         |
| <b>Total Gasto N. Financiero</b>  | <b>224.661.808,27</b> | <b>0,77%</b>   | <b>226.390.091,00</b> | <b>-0,71%</b>  | <b>224.782.621,56</b> | <b>0,63%</b> | <b>226.205.274,73</b> |
| C) Detalle Gastos Capital Financ. |                       |                |                       |                |                       |              |                       |
| VIII                              | 10.680.040,18         |                | 5.680.040,18          |                | 680.040,18            |              | 680.040,18            |
| IX                                | 6.800.355,46          |                | 6.795.355,47          |                | 5.285.965,21          |              | 5.785.965,21          |
| <b>Total Gasto Financiero</b>     | <b>17.480.395,64</b>  | <b>-28,63%</b> | <b>12.475.395,65</b>  | <b>-52,18%</b> | <b>5.966.005,39</b>   | <b>8,38%</b> | <b>6.466.005,39</b>   |
| Total Orzamento                   | 242.142.203,91        | -1,35%         | 238.865.486,65        | -3,40%         | 230.748.626,95        | 0,83%        | 232.671.280,12        |

### Estado de ingresos Consolidado

| Capítulos                              | 2014                  | % Variación  | 2015                  | % Variación  | 2016                  | % Variación  | 2017                  |
|--|-----------------------|--------------|-----------------------|--------------|-----------------------|--------------|-----------------------|
| A) Detalle de ingresos corrientes      |                       |              |                       |              |                       |              |                       |
| <b>I e II</b>                          | <b>112.764.447,67</b> |              | <b>113.328.269,90</b> |              | <b>113.894.911,26</b> |              | <b>115.033.860,36</b> |
| IBI                                    | 66.136.358,58         |              | 66.467.040,37         |              | 66.799.375,59         |              | 67.467.369,31         |
| IAE                                    | 13.407.809,08         |              | 13.474.843,13         |              | 13.542.222,36         |              | 13.677.644,59         |
| IVTM                                   | 15.437.596,48         |              | 15.514.784,46         |              | 15.592.358,38         |              | 1.574.828,97          |
| IIVTNU                                 | 6.146.277,29          |              | 6.177.008,67          |              | 6.207.893,72          |              | 6.269.972,66          |
| ICIO                                   | 1.333.163,01          |              | 1.339.828,82          |              | 1.346.527,97          |              | 1.359.993,25          |
| Cesión Tributos Estado                 | 10.303.243,23         |              | 10.354.759,45         |              | 10.406.533,24         |              | 10.510.598,58         |
| <b>III</b>                             | <b>46.090.178,18</b>  |              | <b>46.320.629,08</b>  |              | <b>46.552.232,22</b>  |              | <b>47.017.754,54</b>  |
| <b>IV</b>                              | <b>72.643.140,01</b>  |              | <b>73.006.355,71</b>  |              | <b>73.371.387,48</b>  |              | <b>74.105.101,37</b>  |
| FCF                                    | 60.943.183,60         |              | 61.247.899,52         |              | 61.554.139,01         |              | 62.169.680,41         |
| Resto transferencias e subvenciones    | 11.699.956,41         |              | 11.758.456,19         |              | 11.817.248,47         |              | 11.935.420,96         |
| <b>V</b>                               | <b>3.254.252,29</b>   |              | <b>3.270.523,55</b>   |              | <b>3.286.876,17</b>   |              | <b>3.319.744,93</b>   |
| <b>Total I. Corrente N. Financiero</b> | <b>234.752.018,15</b> | <b>0,50%</b> | <b>235.925.778,24</b> | <b>0,50%</b> | <b>237.105.407,13</b> | <b>1,00%</b> | <b>239.476.461,20</b> |
| B) Detalle Ingresos Capital N.F        |                       |              |                       |              |                       |              |                       |
| VI                                     |                       |              | 6.000.000,00          |              |                       |              |                       |



|  |                       |              |                       |               |                       |              |                       |
|--|-----------------------|--------------|-----------------------|---------------|-----------------------|--------------|-----------------------|
| VII                                    | ,00                   |              |                       |               | ,00                   |              | ,00                   |
| Ingresos capital NF                    | ,00                   |              | 6.000.000,00          |               | ,00                   |              | ,00                   |
| <b>Total Ingresos N. Financieros</b>   | <b>234.752.018,15</b> | <b>3,06%</b> | <b>241.925.778,24</b> | <b>-1,99%</b> | <b>237.105.407,13</b> | <b>1,00%</b> | <b>239.476.461,20</b> |
| <b>C) Detalle Ingresos Financieros</b> |                       |              |                       |               |                       |              |                       |
| VIII                                   | 680.040,18            |              | 680.040,18            |               | 680.040,18            |              | 680.040,18            |
| IX                                     | 6.800.000,00          |              | ,00                   |               | 5.000.000,00          |              | 5.000.000,00          |
| <b>Total Ingreso Financiero</b>        | <b>7.480.040,18</b>   |              | <b>680.040,18</b>     |               | <b>5.680.040,18</b>   |              | <b>5.680.040,18</b>   |
| Total Orzamento                        | 242.232.058,33        | 0,15%        | 242.605.818,42        | 0,07%         | 242.785.447,31        | 1,00%        | 245.156.501,38        |

### Capacidade/Necesidade de financiamento e Débeda viva

| Conceptos                                  | 2014           | Variación | 2015           | Variación | 2016           | Variación | 2017           |
|--|----------------|-----------|----------------|-----------|----------------|-----------|----------------|
| Saldo operacións correntes N.F             | 28.257.495,69  |           | 25.537.328,19  |           | 25.464.488,45  |           | 24.948.129,15  |
| Saldo operacións capital N.F               | -18.167.285,81 |           | -10.001.640,95 |           | -13.141.702,88 |           | -11.676.942,68 |
| Saldo operacións non financeiras           | 10.090.209,88  | 53,97%    | 15.535.687,24  | -20,68%   | 12.322.785,57  | 7,70%     | 13.271.186,47  |
| (+/-) axustes, SEC-95                      | -9.877.775,17  |           | -11.579.298,22 |           | -10.514.572,80 |           | -10.833.955,45 |
| Capacidade (+) / Necesidade (-)            | 212.434,71     |           | 3.956.389,02   |           | 1.808.212,77   |           | 2.437.231,02   |
| Débeda viva a 31/12                        | 38.955.798,95  | -17,44%   | 32.160.443,48  | -0,89%    | 31.874.478,27  | -2,47%    | 31.088.513,06  |
| A curto prazo                              | 6.795.355,47   |           | 5.285.965,21   |           | 5.785.965,21   |           | 6.285.965,21   |
| A longo prazo                              | 32.160.443,48  |           | 26.874.478,27  |           | 26.088.513,06  |           | 24.802.547,85  |
| Ratio Débeda viva/ Ing. Corrt.consolidados | 16,60%         | -17,47%   | 13,69%         | -1,46%    | 13,49%         | 3,34%     | 13,04%         |

### Amortización ordinaria de débeda 2014-2017

| Pte. 2013     | Amort. 2014   | Pte. 2014     | Amort.2015    | Pte.2015      |
|---------------|---------------|---------------|---------------|---------------|
| 38.956.154,41 | -6.800.355,46 | ,00           | -6.795.355,47 | 32.160.443,48 |
|               | 6.800.000,00  | 38.955.798,95 |               |               |

| Amort.2016    | Pte 2016      | Amort.2017    | Pte.2017      |
|---------------|---------------|---------------|---------------|
| -5.285.965,21 | 31.874.478,27 | -5.785.965,21 | 31.088.513,06 |
| 5.000.000,00  |               | 5.000.000,00  |               |

TERCEIRO, remitir telemáticamente a información a través da aplicación de captura de datos que ten o MINHAP na súa páxina web oficial antes do 31/03/2014.

CUARTO, dar conta da Resolución ao Pleno da Corporación aos efectos do previsto no artigo 123.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

A Comisión Informativa de Economía, Facenda e Educación, na súa sesión ordinaria do 21 de marzo, quedou informada.

*De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.*

### **3.4(43).- DAR CONTA DA MEMORIA DO TRIBUNAL ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO DO EXERCICIO 2013. EXPTE. 857/1101**

ANTECEDENTES.- Dáse conta da Memoria do Tribunal Económico-Administrativo do Exercicio 2013, polo Presidente do Tribunal Económico-Administrativo, que di:

#### MEMORIA DO ANO 2013

Cumprimentando o disposto na Disposición adicional terceira do Regulamento do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo (RTEACV), aprobado por acordo plenario de 14 de xuño de 2004, elabórase a presente Memoria correspondente ó ano 2013, en base ós datos que obran no arquivo do Tribunal, da que se da conta ó Pleno da Corporación.

Despois de varios anos de funcionamento, o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo tense consolidado como un órgano técnico e independente na garantía dos dereitos dos cidadáns e cidadás de Vigo, en tanto que contribuintes, coa resolución das reclamacións económico-administrativas interpostas, en relación ós tributos e outros ingresos de dereito público que nutren a facenda municipal.

Ademáis, o Tribunal seguíu exercendo funcións de colaboración e asesoramento ós distintos órganos de xestión do Concello en relación coas normas e procedementos de xestión, recadación e inspección dos ingresos municipais de dereito público. Todo isto tense traducido nunha mellora da actividade municipal e nunha diminución da conflictividade fiscal.

No ano 2013 segue a consolidación e o coñecemento do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo. Nembargantes, nalgúns casos obsérvase certa confusión a hora de dirixir as reclamacións presentadas ante este Tribunal, dirixindo as mesmas ao Tribunal Económico-Administrativo Rexional. Esta circunstancia xenera certo retraso na tramitación destas reclamacións concretas, xa que dito órgano as remite, como e lóxico, ao Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo, coa conseguinte demora na súa tramitación.

As reclamacións presentadas teñen unha mellor e individualizada fundamentación xurídica, tendo diminuído as presentadas baixo un mesmo modelo ou tipo sen ter en conta as peculiaridades de cada unha. Tamén apréciase non só un aumento dos motivos de impugnación, tanto de dereito substantivo (suxeito pasivo, contribuínte, responsabilidade solidaria e subsidiaria, exencións, bonificacións, etc.), como de dereito procedimental (carencia ou notificacións defectuosas, caducidade, prescrición, etc.), senón tamén que a maioría das reclamacións presentadas baseáanse en varios motivos.

O exercicio 2013, ó non ter habido modificacións legislativas sobor da financiación das entidades locais que obrigasen a adoptar novos criterios sobor os distintos supostos da regulación dos ingresos que integran a Facenda local, pódese considerar coma unha continuación dos anteriores, no que consolídanse os criterios sostidos polo Tribunal nas resolucións das distintas reclamacións económico-administrativas, compartidos na súa casi totalidade polos Tribunais da xurisdicción contencioso-administrativa.

No exercicio 2013, celebráronse 26 sesións do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo; nas que tratáronse un total de 256 asuntos. O que supón unha media lixeiramente superior ás dúas sesións por mes. Estes datos reflicten unha continuidade e normalidade da actividade respecto ao exercicio anterior.

Ó longo do exercicio 2013 tiveron lugar as sesións que se citan, no seguinte cadro, que reflicte o número da Sesión, a súa data e o número de asuntos tratados en cada unha delas.

|             |  |    |
|-------------|--|----|
| 2013/01     | vintecatro de xaneiro de dous mil trece  | 12 |
| 2013/02     | trinta e un de xaneiro de dous mil trece | 12 |
| 2013/03     | vintecinco de febreiro de dous mil trece | 10 |
| 2013/04     | vinteoito de febreiro de dous mil trece  | 7  |
| 2013/05     | catorce de marzo de dous mil trece       | 1  |
| 2013/06     | vintedous de marzo de dous mil trece     | 12 |
| 2013/07     | vinteseite de marzo de dous mil trece    | 10 |
| 2013/08     | quinze de abril de dous mil trece        | 11 |
| 2013/09     | vintecinco de abril de dous mil trece    | 12 |
| 2013/10     | dous de maio de dous mil trece           | 12 |
| 2013/11     | vintedous de maio de dous mil trece      | 12 |
| 2013/11 bis | vinteoito de maio de dous mil trece      | 3  |

|              |  |            |
|--------------|--|------------|
| 2013/12      | dezasete de xuño de dous mil trece       | 12         |
| 2013/13      | vinteito de xuño de dous mil trece       | 12         |
| 2013/14      | dezaioito de xullo de dous mil trece     | 10         |
| 2013/15      | vintecatroy de xullo de dous mil trece   | 10         |
| 2013/16      | vinteno ve de xullo de dous mil trece    | 10         |
| 2013/17      | vintedous de agosto de dous mil trece    | 11         |
| 2013/18      | trinta de agosto de dous mil trece       | 12         |
| 2013/19      | tres de setembro de dous mil trece       | 22         |
| 2013/20      | vinteseite de setembro de dous mil trece | 10         |
| 2013/21      | dezaioito de outubro de dous mil trece   | 8          |
| 2013/22      | trinta e un de outubro de dous mil trece | 5          |
| 2013/23      | vintedous de novembro de dous mil trece  | 8          |
| 2013/24      | vinteseite de novembro de dous mil trece | 5          |
| 2013/25      | dezaseis de decembro de dous mil trece   | 7          |
| <b>TOTAL</b> |  | <b>256</b> |

#### **Reclamacións económico-administrativas**

|                               |            |
|-------------------------------|------------|
| Pendientes a 01/01/2013       | 230        |
| Presentadas no exercicio 2013 | 194        |
| <b>Total</b>                  | <b>424</b> |

#### **Tramitación de reclamacións económico-administrativas**

|   |     |            |
|---|-----|------------|
| Acumuladas, arquivadas, devoltas, caducadas e desestamentos | 40  |            |
| Resoltas  | 277 |            |
| Tramitadas no exercicio 2013                                |     | 317        |
| Pendientes a 31/12/2013                                     |     | 107        |
| <b>Total</b>  |     | <b>424</b> |

#### **Tramitación por órganos**

|   |     |            |
|---|-----|------------|
| <b>Sala</b>                                 |     | <b>53</b>  |
| <i>Dictames</i>                             |     | 25         |
| <i>Reclamacións</i>                         |     | 22         |
| Estimadas parcialmente                      | 1   |            |
| Desestimadas                                | 17  |            |
| Inadmitidas                                 | 4   |            |
| <i>Recursos extraordinarios de revisión</i> |     | 2          |
| Estimados                                   | 2   |            |
| <i>Recursos de anulación</i>                |     | 2          |
| Estimados                                   | 1   |            |
| Inadmitidos                                 | 1   |            |
| <i>Solicitudes de suspensión</i>            |     | 2          |
| Inadmitidas                                 | 2   |            |
| <b>Organos unipersonais</b>                 |     | <b>202</b> |
| <i>Reclamacións</i>                         |     | 197        |
| Estimadas                                   | 9   |            |
| Estimadas parcialmente                      | 3   |            |
| Desestimadas                                | 157 |            |

|                                  |    |            |
|----------------------------------|----|------------|
| Inadmitidas                      | 28 |            |
| <i>Rectificación de erros</i>    |    | 3          |
| Estimados                        | 3  |            |
| <i>Cuestións incidentáis</i>     |    | 1          |
| Estimados                        | 1  |            |
| <i>Solicitudes de suspensión</i> |    | 1          |
| Inadmitidas                      | 1  |            |
| <b>Total</b>                     |    | <b>255</b> |

#### **Notificacións**

|              |            |
|--------------|------------|
| Internas     | 145        |
| Externas     | 117        |
| <b>Total</b> | <b>262</b> |

#### **Recursos contencioso-administrativos interpostos**

|  |          |
|--|----------|
| Recursos contencioso-administrativos interpostos | 7        |
| <b>Total</b>                                     | <b>7</b> |

Achéganse, o Libro de Entrada e Saída; e o Libro de Actas do Tribunal Económico-Administrativo correspondentes ao exercicio 2013.

A Comisión Informativa de Economía, Facenda e Educación, na súa sesión ordinaria do 21 de marzo, quedou informada.

*De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.*

### **3.5(44).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 90190/301 (856/1101)**

ANTECEDENTES.- Con data 20.02.2014, o asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar Social, co conforme do xefe da área de Benestar Social e da concelleira delegada da Área de Política de Benestar, formula o seguinte,

## INFORME - PROPOSTA

### I. ANTECEDENTES

I.1. A teleasistencia domiciliaria é, segundo o disposto no Art. 20 da L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, un servizo social de natureza tecnolóxica de carácter normalizador, nun casos, e esencial noutros (persoas con déficit de autonomía persoal incluídas no sistema de atención á dependencia) co que se procura a permanencia das persoas usuarias no seu medio habitual.

Xustifícase a súa existencia na necesidade de facilitar unha atención domiciliaria a determinados colectivos especialmente vulnerables como o das persoas maiores, con minusvalías, dificultades de autonomía persoal, carencia de relacións persoais e familiares ou afectados por enfermidades crónicas e outras patoloxías asociadas; situacións que a miúdo veñen acompañadas de sentimentos de soidade, angustia, inseguridade, aillamento, depresión, etc.

Trátase en xeral de mellorar a súa calidade de vida e de permitirlles, ás que non necesitan coidados permanentes, continuar no seu domicilio habitual e no ámbito no que desenvolveron a súa vida, evitando internamentos innecesarios en centros e coa tranquilidade de que en calquera situación de risco ou emerxencia serán atendidas con dilixencia.

I.2. O Concello de Vigo asumiu en exclusiva a partir do exercicio de 2013 a prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria das persoas usuarias do Concello de Vigo sen recoñecemento da situación de dependencia; servizo que ata esa data viña prestando a Deputación provincial de Pontevedra con recursos propios e as achegas económicas do IMSERSO e do Concello de Vigo.

I.3. A XGL, na súa sesión extraordinaria e urxente do 19.12.2013 (corrección de erro: XGL 14.02.2014), acordou adxudicar á mercantil «EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A.» o procedemento aberto para a contratación do servizo de teleasistencia domiciliaria por un prazo de 2 anos (prorrogable), contado desde o 01.02.2014.

I.4. Unha vez adxudicado e formalizado en data 30.01.2014 o contrato administrativo para a prestación deste servizo municipal, resulta necesario proceder á súa regulación, a fin de determinar as condicións esenciais nas que se levará a cabo (requisitos de acceso, servizos que inclúe, financiamento...) e de garantir o seu axeitado desenvolvemento, ó tempo que se plasman os dereitos e deberes das persoas usuarias.

I.5. Para estes efectos, a Concelleira delegada da Área de Política de Benestar decretou o 31.01.2014 a incoación de expediente administrativo para a tramitación e aprobación do «REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA DO CONCELLO DE VIGO», encomendando a súa redacción ós servizos técnicos e xurídicos desta Concellería.

I.6. En execución desa encomenda, e como resultado do traballo conxunto dos técnicos municipais da Área de Política de Benestar, elaborouse unha proposta de

Regulamento que inclúe os contidos necesarios para organizar o funcionamento do servizo municipal de teleasistencia domiciliaria.

## II. NORMATIVA EXAMINADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- Carta Europea da Autonomía Local, do 15 de outubro de 1985 (Instrumento de Ratificación, do 20 de xaneiro de 1988; BOE nº 47, do 24.02.1989).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- TRRL (RDLEX. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- RSCL (Decreto do 17 de xuño de 1955, Regulamento de Servizos das Corporacións locais).
- ROF (RD.2568/1986, do 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).
- Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo (Pleno 31.05.2010; BOP nº 180, do 17.09.2010).

## III. INFORME

III.1. Emítase este informe-proposta en relación co «REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA DO CONCELLO DE VIGO» a pedimento verbal da Xefatura de Área da Concellería de Política de Benestar do Concello de Vigo de data 18.02.2014.

III.2. O TAX que subscribe foi adscrito ó posto de traballo de «Asesor xurídico adxunto» da Área de Benestar social do Concello de Vigo mediante Resolución do Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal do 07.02.2013 e, nesa cualidade

e a teor da Resolución da Alcaldía - Presidencia do 20.03.2013, emite o informe-proposta solicitado.

III.3. A Constitución Española de 1978, no Capítulo III do Título I, relativo ós principios reitores da política social e económica, compromete ós poderes públicos na promoción das condicións necesarias para garantir e asegurar unha digna calidade de vida a todos os cidadáns.

Tal mandato ós poderes públicos, referido xa concretamente ós poderes públicos de Galicia, aparece recollido, en termos idénticos ós do Art. 9.2 da CE/1978, no Art. 4 do Estatuto de Autonomía de Galicia, segundo o que correspóndelle a eles promover as condicións para que a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social.

En concreto, a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o disposto no artigo 27.23º do seu Estatuto de Autonomía, en concordancia co artigo 148.1º.20 da Constitución Española, ostenta a competencia exclusiva en materia de asistencia social.

En uso da precitada competencia estatutaria, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que define e regula o sistema galego de servizos sociais como servizo público destinado a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e a participación social de toda a poboación, mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos estratéxicos do sistema.

III.4. Coa reforma introducida recentemente na lexislación reguladora das Bases do Réxime local pola L.27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Admón. local (en vigor desde o 31.12.2013), as competencias en materia de *“prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social”*, na que debe entenderse incluída a teleasistencia domiciliaria, deberán ser asumidas polas CCAA a 31.12.2015 (Disp. Transit. 2ª), limitándose, en principio, a municipal nesta materia á *avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social*; servizo de prestación obrigatoria para os municipios de máis de 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

Todo isto sen prexuízo da súa eventual delegación polas Admóns. estatal e autonómica nos municipios (Art. 27.3.c] LRBRL e Disp. Transit. 2ª, apdo. 4 L.27/2013), coas garantías implícitas agora en toda delegación desta natureza (financiamento, duración, cláusula de garantía de pagamento no exercicio das competencias delegadas ex Art. 57 bis LRBRL, etc.) ou mesmo da posibilidade de que os concellos continúen coa prestación dos servizos sociais non englobados dentro dese impreciso título de *“avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social”*, exercéndoa como competencia distinta das propias e das



delegadas previo cumprimento dos requisitos establecidos no novo Art. 7.4 da LRBRL; a saber:

a) Que non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da Facenda municipal, cumprindo os principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

b) Que non se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo público con outra Admón. pública.

Para este efectos, deberíanse recabar polo Concello dous informe previos e vinculantes; un da CA, no que se sinale a inexistencia de duplicidades e outro, da Admón. que teña atribuída a tutela financeira, sobre a sostibilidade financeira derivada desas “novas” competencias; neste caso, en materia de servizos sociais.

III.5. O «REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA DO CONCELLO DE VIGO» inclúe os contidos necesarios para organizar o funcionamento dun servizo que a Concellería de Política de Benestar do Concello de Vigo pretende extender, na medida das súas posibilidades e no ámbito das actuais competencias locais en materia de servizos sociais, a todas ás persoas maiores de 65 anos ou discapacitadas empadroadas en Vigo que realmente o necesiten e que non son atendidas polas demáis Administracións públicas.

III.6. Do seu contido poderíamos salientar os aspectos referidos a:

-Características do servizo, con descrición de todos os que inclúe a TAD (Arts. 3).

-Financiamento do servizo (Art. 5).

-Persoas destinatarias: dereitos e deberes (Arts. 6-8).

-Condicións e procedemento para o acceso ó servizo (Arts. 9-11).

-Modificación, suspensión e extinción do servizo de TAD (Arts. 12-14).

III.7. Formalmente, a parte dispositiva do «REGULAMENTO...» consta de 14 artigos, precedida dunha Exposición de Motivos na que se dá conta do vixente marco normativo e das competencias en materia de servizos sociais, da natureza e características do servizo regulado, xustificación da súa prestación, persoas destinatarias, obxectivos perseguidos, etc. A súa parte final divídese en 2 disposicións adicionais e 2 disposicións finais, nas que se faculta expresamente á Concelleira delegada da Área de Política de Benestar para elaborar, tramitar e aprobar toda clase de documentos (Manuais de organización e funcionamento, formularios, Cartas de servizos, etc.), necesarios para o axeitado desenvolvemento e implantación e para ditar as instrucións de funcionamento interno complementarias que se precisen para o correcto funcionamento do servizo, sen que en ningún caso poidan contradicir o establecido no Regulamento (D. Adics. 1ª e 2ª).

III.8. As ordenanzas e regulamentos municipais, en tanto que disposicións acordadas polas Corporacións locais para rexer con carácter xeral (Arts. 55 TRRL, 7 RSCL...), son un medio ordinario de intervención na actividade dos cidadáns e de ordenación dos seus propios servizos e constitúen a manifestación típica da potestade regulamentaria recoñecida ás Entidades locais nos Arts. 4.1.a] da LRBRL e do ROF e 6.1.a) da LALGA; potestade vinculada necesariamente á autonomía local recoñecida nos Arts. 140 e 141 da CE/1978 e que forma parte do seu contido esencial.

III.9. Tal intervención administrativa deberá axustarse, en todo caso, ós principios de legalidade, igualdade de trato, necesidade, proporcionalidade e congruencia cos motivos e fins que xustifiquen a potestade e o respecto á liberdade individual (Arts. 84.2 LRBRL, 286 LALGA e 2, 4 e 6 do RSCL).

III.10. As súas disposicións serán aplicables en todo o non previsto pola lexislación básica e pola LALGA, non podendo conter preceptos contrarios ás leis e a outras disposicións xerais de superior rango xerárquico pero sí tipificar infraccións e establecer sancións de conformidade co determinado pola lexislación sectorial (Arts. 4 e 287 LALGA, 55 TRRL e 11 RSCL) ou, en defecto desta, de acordo cos criterios establecidos nos Arts. 139-141 da LRBRL.

III.11. A concelleira delegada da Área de Política de Benestar ostenta a iniciativa para propoñer ó órgano competente a aprobación desta norma regulamentaria (Art. 88 R.O. do Pleno e Apdo. cuarto, pto. 3, Resolución Alcaldía - Presidencia do 07.02.2013; BOP nº 46, do 06.03.2013).

III.12. Correspóndelle á XGL a aprobación dos proxectos normativos e ó Pleno da Corporación a aprobación e modificación das ordenanzas e regulamentos municipais (Arts. 127.1.a] e 123.1.d] LRBRL); atribución esta última tamén recollida nos Arts. 64.2.d) da LALGA e 50.3 do ROF.

Para a adopción destes acordos plenarios é suficiente a maioría simple de votos (Art. 123.2 pfo. 2º LRBRL), polo que non será necesario recabar o informe da secretaría xeral do Pleno e, non afectando a dereitos ou obrigas de contido económico, tampouco o da Intervención xeral municipal (Art. 54 TRRL, Art. 89 R.O. Pleno).

III.13. De acordo cos Arts. 49 da LRBRL (na redacción dada pola L.11/99, do 21 de abril) e 56 do TRRL, e os Arts. 88 e ss. do R.O. do Pleno do Concello de Vigo, a súa aprobación axustarase ó seguinte procedemento:

a) Aprobación do proxecto pola XGL.

b) Remisión do expediente pola Secretaría xeral do Pleno á Comisión competente por razón da materia ("*Comisión de Política social, Cultura e Deportes*") para que o seu presidente/a, a través da súa secretaría, traslade copia ós/ás voceiros/as dos distintos grupos comunicando no mesmo acto a apertura dun prazo de 6 días para a presentación de enmendas (á totalidade ou ó articulado) perante a secretaría da

Comisión, a non ser que exista acordo de todos os grupos a respecto do proxecto.

c) Debate, de ser o caso, das enmendadas presentadas e ditame da Comisión (de devolución / de proposta de aprobación ó Pleno).

d) Debate e aprobación inicial polo Pleno, se procede.

e) Información pública e audiencia dos interesados polo prazo mínimo de trinta (30) días hábiles para a presentación de reclamacións e suxestións, con publicación dos correspondentes anuncios no BOP de Pontevedra, no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello e na web municipal, nos que se advertirá da posta a disposición dos posibles interesados do expediente completo.

Sinala o Art. 92.2 do R.O. do Pleno que «non se efectuará trámite específico de audiencia cando o obxecto do Regulamento sexa a regulación de órganos municipais ou disposicións que se refiran a organizacións dependentes ou adscritas á Administración municipal, por se tratar de normas de carácter interno».

A xuízo do técnico que informa, non sería de aplicación no caso presente esa disposición. Primeiro, porque non se trata propiamente da regulamentación dun “órgano municipal” nin dunha “organización dependente ou adscrita” a esta Admón., senón da organización e funcionamento dun servizo municipal de natureza asistencial encadrado nos servizos sociais municipais e adscrito á Concellería de Política de Benestar.

Segundo, porque este Regulamento trascende da mera regulamentación interna (como podería ser o regulamento dun arquivo municipal, p.ex.) para incidir necesariamente, «ad extra», sobre os dereitos e deberes das persoas usuarias.

Polo demais, os principios de transparencia, publicidade, información e participación pública e servizo á cidadanía que deben presidir, en xeral, a actuación das Admóns. (Arts. 9.2 e 105 CE/1978; 3.2 e 3.5, LRX-PAC; 5.1 LALGA...), avalarían tamén o sometemento deste Regulamento ó trámite ordinario de información pública previsto no Art. 49 da LRBRL, que configura un «*procedimiento que encarna los valores propios de un sistema democrático en la elaboración de las normas que han de regir la vida ciudadana*» (STS 23.10.2002; RJ 2002/9393) e cuxa omisión sería causa de nulidade de pleno Dereito.

f) De se presentar en prazo reclamacións ou suxestións, recabaranse os informes técnicos/xurídicos que se precisen. A XGL realizará a valoracións das mesmas e decidirá en consecuencia sobre a eventual modificación do proxecto inicial ou o seu mantemento.

g) Remisión do proxecto pola XGL á Secretaría xeral acompañado da memoria que conteña a valoración das alegacións para os efectos do trámite de aprobación definitiva polo Pleno, previo ditame da Comisión competente. De non introducírense modificacións no texto inicial, non se presentarán enmendadas no trámite de Comisión nin no do Pleno. En caso contrario, no trámite de Comisión, os seus membros disporán dun prazo de 3 días para presentalas, que versarán sobre

as modificacións introducidas.

h) Resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno.

i) De non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional. Neste suposto, ditarase resolución pola Alcaldía-Presidencia declarando definitivo o acordo e dispoñendo a súa publicación nos termos legalmente establecidos. Desta resolución daríase conta ó Pleno na vindeira sesión deste órgano.

III.14. Unha vez aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación, este Regulamento entrará en vigor logo de que se publique o seu texto íntegro no BOP de Pontevedra e de que transcorra o prazo de 15 días hábiles establecido no Art. 65.2 en relación cos Arts. 70.2 da LRBRL e 196.2 do ROF, e rexerá en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

#### IV. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, propónse ó Pleno da Corporación, previa aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local e ditame da *“Comisión de Política social, Cultura e Deportes”*, a adopción do seguinte,

De seguido o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 28.02.2014, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de Regulamento do Servizo Municipal de Teleasistencia domiciliaria do Concello de Vigo.

A Comisión Informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión do 21 de marzo de 2014, ditaminou favorablemente a devandita proposta.

**VOTACIÓN:** Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

**ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Aprobar inicialmente o «REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA DO CONCELLO DE VIGO», elaborado polos servizos técnicos e xurídicos da Concellería delegada da Área de Política de Benestar, cuxo

texto insírese no Anexo a este acordo.

SEGUNDO: Abrir un período de información pública polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.

TERCEIRO: Declarar que, consonte co establecido no Art. 49.c] da L.7/1985 (LRBRL), de non se presentar reclamacións ou suxestións no período de información pública, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional. Para estes efectos, a Alcaldía-Presidencia ditará Resolución, da que se dará conta ao Pleno, declarando definitivo o acordo e dispoñendo a publicación do texto íntegro do Regulamento no BOP. A entrada en vigor desta norma terá lugar unha vez realizada dita publicación e transcorrido o prazo previsto no Art. 65.2 da LRBRL».

## ANEXO

«REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA DO CONCELLO DE VIGO»

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

*A Constitución Española de 1978, no Capítulo III do Título I, relativo ós principios reitores da política social e económica, compromete ós poderes públicos na promoción das condicións necesarias para garantir e asegurar unha digna calidade de vida a todos os cidadáns e, especificamente, na prestación dunha atención especializada ás persoas maiores e ás persoas con algún tipo de minusvalía física, sensorial ou psíquica.*

*Tal mandato ós poderes públicos, referido xa concretamente ós poderes públicos de Galicia, aparece recollido, en termos idénticos ós do Art. 9.2 da CE/1978, no Art. 4 do Estatuto de Autonomía de Galicia, segundo o que correspóndelle a eles promover as condicións para que a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social.*

*En concreto, a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o disposto no artigo 27.23º do seu Estatuto de Autonomía, en concordancia co artigo 148.1º.20 da Constitución Española, ostenta a competencia exclusiva en materia de asistencia social.*

*En uso da precitada competencia estatutaria, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que define e regula o sistema galego de servizos sociais como servizo público destinado a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e a participación social de toda a poboación, mediante intervencións que permitan*

*o logro dos obxectivos estratéxicos do sistema.*

*Ademais, estrutura o sistema galego de servizos sociais en forma de rede, en dous niveis de atención, comunitaria e especializada, e con carácter xeral correspóndelle ós concellos a competencia na creación e xestión dos servizos sociais comunitarios. Estes, pola súa vez, diferéncianse en dous subniveis: servizos sociais comunitarios básicos e servizos sociais comunitarios específicos.*

## *II*

*A teleasistencia domiciliaria é, segundo o disposto no Art. 20 da L.13/2008, un servizo social de natureza tecnolóxica de carácter normalizador, nun casos, e esencial noutros (persoas con déficit de autonomía persoal incluídas no sistema de atención á dependencia) co que se procura a permanencia das persoas usuarias no seu medio habitual.*

*En efecto, a súa existencia xustifícase na necesidade de facilitar unha atención domiciliaria a determinados colectivos especialmente vulnerables como o das persoas maiores, con minusvalías, dificultades de autonomía persoal, carencia de relacións persoais e familiares ou afectados por enfermidades crónicas e outras patoloxías asociadas; situacións que a miúdo veñen acompañadas de sentimentos de soidade, angustia, inseguridade, aillamento, depresión, etc.*

*Trátase en xeral de mellorar a súa calidade de vida e de permitirlles, ás que non necesitan coidados permanentes, continuar no seu domicilio habitual e no ámbito no que desenvolveron a súa vida, evitando internamentos innecesarios en centros e coa tranquilidade de que en calquera situación de risco ou emerxencia serán atendidas con dilixencia.*

## *III*

*Coa reforma introducida recentemente na lexislación reguladora das Bases do Réxime local pola L.27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Admón. local (en vigor desde o 31.12.2013), as competencias en materia de “prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social”, na que debe entenderse incluída a teleasistencia domiciliaria, deberán ser asumidas polas CCAA a 31.12.2015 (Disp. Transit. 2ª), limitándose, en principio, a municipal nesta materia á avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo de prestación obrigatoria para os municipios de máis de 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).*

*Todo isto sen prexuízo da súa eventual delegación polas Admóns. estatal e autonómica nos municipios (Art. 27.3.c] LRBRL e Disp. Transit. 2ª, apdo. 4 L.27/2013) ou mesmo da posibilidade de que os concellos continúen coa prestación dos servizos sociais non englobados na “avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social”, exercéndoa como competencia distinta das propias e das delegadas previo cumprimento dos requisitos establecidos no novo Art. 7.4 da LRBRL.*

*O Concello de Vigo asumiu en exclusiva a partir do exercicio de 2013 a prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria das persoas usuarias do Concello de Vigo sen recoñecemento da situación de dependencia; servizo que ata esa data viña prestando a Deputación provincial de Pontevedra con recursos propios e as achegas económicas do IMSERSO e do Concello de Vigo.*

*Unha vez adxudicado e formalizado o contrato administrativo para a prestación do servizo municipal de teleasistencia domiciliaria do Concello de Vigo, resulta necesario proceder á regulación deste, a fin de determinar as condicións esenciais nas que se prestará (acceso,*

financiamento...) e de garantir o seu axeitado desenvolvemento, ó tempo que se plasman os dereitos e deberes das persoas usuarias.

O presente Regulamento inclúe os contidos necesarios para organizar o funcionamento dun servizo como o de teleasistencia domiciliaria municipal que a Concellería de Política de Benestar do Concello de Vigo pretende estender, na medida das súas posibilidades e no ámbito das actuais competencias locais en materia de servizos sociais, a todas ás persoas maiores de 65 anos ou discapacitadas empadroadas en Vigo que realmente o necesiten e que non son atendidas polas demais Administracións públicas.

## CAPÍTULO I DISPOSICIÓNS XERAIS

### Artigo 1: Obxecto

Este Regulamento ten por obxecto establecer as condicións para a prestación do servizo municipal de teleasistencia domiciliaria do Concello de Vigo en réxime de libre concorrencia.

### Artigo 2: Definición e obxectivos do servizo

2.1. O servizo municipal de teleasistencia domiciliaria é unha prestación social de natureza tecnolóxica que, a través dunha liña telefónica e cun equipo de comunicacións e informático específico, permite ás persoas usuarias porse en contacto cun centro de atención de chamadas que conta con personal especializado para dar resposta ás necesidades plantexadas de forma ininterrumpida as 24 horas do día e os 365 días do ano.

2.2. Os obxectivos xerais deste servizo son a permanencia das persoas usuarias no seu medio habitual de vida e o contacto co seu contorno socio-familiar, evitando o desarraigo e os ingresos innecesarios en centros residenciais, así como a garantía dunha intervención inmediata en situacións de crises persoais, sociais ou médicas, proporcionando seguridade no seu domicilio e unha mellor calidade de vida.

2.3. Constitúen os obxectivos específicos do servizo a prestación do apoio e axuda necesarios ás persoas usuarias a través dunha conexión permanente co centro de atención, a actuación no propio domicilio en situacións de emerxencia, mobilizando os recursos que sexan necesarios e o recordatorio para a realización de actividades ou tarefas concretas da vida cotiá (visitas médicas, toma de medicamentos, etc.).

## CAPÍTULO II CONTIDO, ORGANIZACIÓN E FINANCIAMENTO DO SERVIZO

### Artigo 3: Contido do servizo

De acordo coa valoración técnica realizada polos servizos sociais comunitarios básicos do Concello de Vigo, poderánse facilitar ás persoas usuarias, a través da teleasistencia municipal os seguintes servizos:

1. Servizo de resposta rápida, que permitirá a comunicación directa entre o usuario e o centro de atención, que estará atendido por persoal cualificado durante as 24 horas do día os 365 días do ano.
2. Servizo de mobilización de recursos en resposta a posibles situacións de emerxencia sanitaria, doméstica ou social. Estes recursos poderán ser comunitarios, do Concello ou da entidade que

xestione directamente o servizo, da persoa beneficiaria e/ou da súa familia.

3. Seguimento permanente desde a central de atención con chamadas telefónicas de frecuencia quincenal, agás excepcións motivadas por razóns de saúde ou risco da persoa usuaria, establecidas polos servizos sociais municipais.

4. Servizos de atención persoal, por iniciativa da entidade prestadora, dos servizos sociais municipais ou a pedimento das persoas usuarias, tales como:

a) Chamadas axenda, para lembrar datos importantes sobre a saúde (medicación, citas médicas...), xestións sociais e outras actividades de natureza análoga.

b) Chamadas de cortesía: felicitacións onomásticas, aniversarios, interese por situacións de convalecencia, regreso de vacacións, etc.

c) Chamadas informativas sobre asuntos e actividades de interese para a persoa usuaria que determinen os servizos sociais municipais.

d) Chamadas das propias persoas usuarias solicitando información sobre temas do seu interese.

O servizo iniciárase ordinariamente nun prazo máximo de 7 días hábiles desde a comunicación da alta por parte do Concello á entidade xestora.

Por razóns excepcionais debidamente xustificadas, poderase prestar provisionalmente atención inmediata cando unha situación sexa considerada urxente por concorrer circunstancias que, polo seu especial risco social, grave crise ou enfermidade, precise un rápido control da persoa usuaria.

#### Artigo 4: Organización e dirección do servizo

Correspóndelle ó Concello de Vigo a planificación, programación e dirección técnica do servizo municipal de teleasistencia domiciliaria, así como a súa coordinación, seguimento, supervisión e control e a análise, avaliación e aprobación das altas e baixas do servizo.

O Concello poderá contratar a execución do servizo a través das fórmulas previstas na normativa de contratación do sector público, pero reservándose sempre a súa superior dirección e coordinación técnica a través dos servizos sociais municipais.

#### Artigo 5: Financiamento

O financiamento deste servizo municipal de teleasistencia domiciliaria realizarase con cargo ós orzamentos do Concello de Vigo, sen que as persoas usuarias e beneficiarias do mesmo deban aboar taxa ou prezo público ningún por tal concepto.

### CAPÍTULO III PERSOAS DESTINATARIAS

#### Artigo 6: Persoas destinatarias

6.1. Serán destinatarias do servizo municipal de teleasistencia domiciliaria as persoas maiores de 65 anos ou discapacitadas que estean empadroadas en Vigo, se atopen en situación de risco psicosocial ou físico, vivan soas, total ou parcialmente, nos termos que se establecen neste Regulamento e non teñan recoñecemento da situación de dependencia, nin a titular do servizo nin a beneficiaria.

6.2. A persoa usuaria titular do servizo contará con Unidade de Control Remoto (UCR: medallón/pulseira) e gozará das demais prestacións asociadas. Poderá ser usuaria beneficiaria do



servizo municipal de teleasistencia a persoa que conviva co titular na mesma vivenda, aínda que neste caso non disporá de UCR.

6.3. As persoas usuarias serán propostas polos servizos sociais comunitarios básicos, sendo competencia da concelleira delegada a resolución das solicitudes de prestación deste servizo.

*Artigo 7: Dereitos das persoas usuarias*

En congruencia co establecido especificamente na normativa vixente en materia de servizos sociais, as persoas usuarias do servizo municipal de teleasistencia domiciliaria do Concello de Vigo terán os seguintes dereitos:

- A seren tratadas coa consideración debida á súa dignidade e ó respecto dos seus dereitos e liberdades fundamentais.
- A recibiren unha atención adaptada ás súas necesidades, coa calidade e nas condicións prescritas en cada caso.
- A seren informadas das normas de organización e funcionamento do servizo.
- Á confidencialidade, sigilo e respecto en relación cos seus datos persoais e información que sexa coñecida polo servizo en razón da intervención profesional, de conformidade coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.
- A recibir información clara e precisa sobre as posibles modificacións sobrevidas durante a prestación efectiva do servizo.
- A presentar queixas, suxestións e reclamacións, que serán respostadas nun prazo non superior a 5 días.
- Ó cese voluntario na utilización do servizo.
- Ó respecto ós seus dereitos lingüísticos e ós demais dereitos que, en materia de servizos sociais, recoñeza a normativa vixente en cada momento.

*Artigo 8: Deberes das persoas usuarias*

As persoas usuarias deste servizo terán os seguintes deberes:

- 1.Facilitar correctamente os datos necesarios para a concesión e prestación do servizo, así como responsabilizarse da súa veracidade.
- 2.Cumprir coas condicións do servizo, colaborando no seu desenvolvemento, seguimento e avaliación.
- 3.Respectar a dignidade persoal e profesional das persoas que presten o servizo, observando unha conduta de respecto mutuo e colaboración e facilitándolles a execución das tarefas que teñan encomendadas.
- 4.Utilizar correctamente o equipo instalado, cuidándoo e manténdoo en condicións de bo uso e, eventualmente, facerse cargo dos gastos de reparación e/ou substitución dos elementos que resulten danados pola súa incorrecta utilización ou mantemento. Prohíbese expresamente calquera forma de cesión do equipo instalado.
- 5.Facilitar a retirada do terminal cando cause baixa no servizo, en perfecto estado de conservación.
- 6.Permitir á entrada ó domicilio ás persoas habilitadas para a instalación dos equipos e para a supervisión do servizo, sen prexuízo do seu dereito a pedir as oportunas identificacións.
- 7.Informar inmediatamente de calquera cambio que poida implicar unha modificación na súa capacidade económica, así como de circunstancias relevantes de carácter persoal ou familiar que puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou extinción da prestación do servizo.

O incumprimento das anteriores obrigas determinará a baixa como usuarias do servizo, previo informe da traballadora social conformado pola xefatura do servizo.

## *Artigo 9: Condicións de acceso ó servizo*

### *9.1. Serán requisitos para que as persoas interesadas poidan acceder a este servizo:*

- 1. Estar empadroadas no Concello de Vigo.*
- 2. Vivir soas permanentemente ou durante gran parte do día, ou, aínda convivindo con outras persoas, éstas presenten semellantes características de idade ou discapacidade.*
- 3. Non ter recoñecemento da situación de dependencia, xa que neste suposto o servizo de teleasistencia inclúese no sistema de atención á dependencia. As persoas usuarias do servizo municipal que, posteriormente, sexan recoñecidas como dependentes, causarán baixa nél.*
- 4. Ter cubertas as necesidades básicas de vivenda, alimentación e hixiene persoal e do domicilio.*
- 5. Dispor de liña telefónica e subministro eléctrico.*
- 6. Aceptación voluntaria e consciente do servizo por parte da persoa usuaria ou do seu representante legal.*
- 7. Autorización expresa para o tratamento dos seus datos, para o acceso ó seu domicilio e para a utilización do "recurso claves".*
- 8. A capacidade física, psíquica ou sensorial das persoas usuarias deberá ser compatible coa prestación do servizo, o que implica non padecer deficiencias graves de audición e/ou expresión oral nin enfermidades mentais graves, incluídas as demencias.*
- 9. A renda persoal bruta non será superior a 3 veces o IPREM (1597,53€/mes ou 19.170,36 €/ano). No caso de que a solicitante teña cónxuxe ou parella de feito, entenderase como renda persoal a metade da suma dos ingresos brutos de ambos dous, non superando en 3 veces o IPREM.*
- 10. Dispoñer de, alomenos, tres contactos (familiares, veciños...) con xogo completo de claves da vivenda e que vivan en Vigo, para a efectividade do "recurso claves".*

*9.2. As solicitudes de acceso ó servizo de teleasistencia domiciliaria resolveranse en réxime de libre concorrència e de acordo cos criterios establecidos no baremo contido na Anexo III deste Regulamento.*

*9.3. No suposto de existir un maior número de solicitudes que o de persoas usuarias titulares e beneficiarias inicialmente previsto (550 e 25, respectivamente), establecerase unha lista de agarda por orde de puntuación de acordo co baremo aplicado para a valoración do expediente. En caso de empate, a prioridade establecerase por rigurosa orde de entrada das solicitudes no Rexistro xeral do Concello.*

*9.4. A vixencia, cobertura e extensión do servizo de teleasistencia domiciliaria do Concello de Vigo estarán condicionadas, desde a perspectiva da persoa usuaria, polo mantemento das condicións iniciais que determinaron a súa concesión e, en todo caso, pola dispoñibilidade orzamentaria e as posibles modificacións das competencias municipais en materia de servizos sociais, que determinen a prestación deste servizo con cargo a outra Administración.*

## *CAPÍTULO IV PROCEDIMENTO DE ACCESO*

### *Artigo 10: Procedemento*

*10.1. O procedemento para o acceso ó servizo iníciarase xeralmente por instancia de parte, cubrindo o correspondente modelo de solicitude (Anexo I). Con todo, cando concorran circunstancias debidamente acreditadas no expediente que así o xustifiquen, o procedemento poderá iniciarse de oficio.*

*10.2. Se a solicitude non reunise todos os datos ou non se achegasen os documentos esixidos,*

requirirase ó interesado para que, no prazo de dez (10) días, subsane a falta ou presente os documentos preceptivos, con indicación expresa de que, de non facelo así, teraselle por desistido da súa petición, arquivándose a mesma sen máis trámite.

10.3. A instrucción do procedemento corresponderá ó Servizo de Política de Benestar do Concello de Vigo. As solicitudes serán debidamente valoradas por unha traballadora social, que emitirá informe sobre a idoneidade do servizo e posteriormente realizarase a visita domiciliaria. Sobre a base dese informe e da demais documentación do caso, a xefatura do servizo formulará a proposta de resolución que proceda á concellería delegada de Política de Benestar.

10.4. O prazo máximo para resolver e notificar a concesión ou denegación do servizo (ou a inclusión da solicitude na lista de agarda) será de 3 meses, contados desde a data de entrada da solicitude no Rexistro xeral municipal. A falta de resolución expresa producirá efectos positivos. En caso de denegación, a resolución será motivada, expresando os recursos que contra a mesma procedan.

As solicitudes incluídas na lista de agarda terán vixencia durante o ano seguinte á súa presentación. Transcorrido este prazo e para o caso de seguir o solicitante interesado no servizo, solicitaráselle que actualice a documentación presentada.

10.5. Ademais da resolución expresa, porán fin ó procedemento o desistimento e a renuncia ó dereito por parte das persoas interesadas, a declaración de caducidade e a imposibilidade de continualo por causas sobrevidas.

#### Artigo 11: Documentación

Xunto coa solicitude (Anexo I) e os Anexos II (informe de saúde) e III (informe social), debidamente cubertos, as persoas interesadas deberán presentar a través do Rexistro xeral municipal ou por calquera dos medios previstos no Art. 38.4 da L.30/1992, a seguinte documentación:

1. Fotocopia do DNI e, no seu caso, DNI do representante legal.
2. Fotocopia da tarxeta sanitaria.
3. Xustificación documental dos recursos económicos. Teranse en conta os ingresos brutos da persoa solicitante, debendo achegar:

3.1. A última declaración da renda, autorizando -de ser o caso- ó Concello de Vigo para consultar os datos tributarios das persoas interesadas que obren en poder da AEAT (segundo modelo que se anexa).

3.2. No caso de que a persoa solicitante tivese cónxuxe ou parella de feito, entenderase como renda persoal a metade da suma dos ingresos brutos da parella e terán que achegar a mesma documentación cá solicitante.

3.3. Se a persoa solicitante carecese de ingresos, valoraranse os da/s persoa/s da/s que dependa economicamente (pai, nai, fillo, etc). Neste caso calcularase a renda per cápita familiar. A chegarase a declaración da renda das persoas das que dependa.

Sen prexuízo do anterior, o Concello poderá solicitar a achega de calquera outra documentación complementaria que se considere necesaria para a tramitación da solicitude, sempre que non estea xa en poder desta Administración.

## CAPÍTULO V MODIFICACIÓN, SUSPENSIÓN E EXTINCIÓN DO SERVIZO

### Artigo 12: Alteración das condicións do servizo

*Con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo de teleasistencia domiciliaria poderá dar lugar á modificación ou suspensión das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente.*

### Artigo 13: Suspensión temporal do servizo

*Serán causas de suspensión temporal deste servizo as seguintes:*

*A ausencia temporal da persoa usuaria do seu domicilio motivada por ingresos ou internamentos en centros sanitarios, goce de respiro familiar nun centro residencial, vacacións, visitas ou estancias con familiares e, en xeral, calquera outra circunstancia análoga que determine a súa permanencia fóra do seu domicilio un máximo de 60 días naturais nun ano, debendo acreditar as causas que motivaron a súa ausencia.*

*No caso de superarse ese prazo, a prestación considerarase extinguida, a non ser que, previa petición razonada da persoa interesada e informe da traballadora social conformado pola xefatura do servizo, se decida prorrogar excepcionalmente a duración da suspensión temporal ata o máximo que en cada caso se determine.*

*A modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo, incluíndo os cambios sobrevidos nas condicións da vivenda que impidan temporalmente a prestación do servizo (habitabilidade, corte da liña telefónica, subministro eléctrico, etc.).*

### Artigo 14: Extinción do servizo

*Serán causas de extinción do servizo:*

- a) O pasamento das persoas usuarias.*
- b) O rexeitamento voluntario do servizo.*
- c) O traslado definitivo da súa residencia a outro Concello.*
- d) O ingreso en centro residencial con carácter definitivo.*
- e) A concesión do servizo por parte da Xunta de Galicia (recoñecemento de dependencia) ou de calquera outra Administración, institución ou entidade.*
- f) O incumprimento dos deberes e obrigas das persoas usuarias do servizo, incluída a inadecuada e reiterada manipulación ou incorrecta conservación do equipo individual asignado.*
- g) A superación do límite establecido de suspensión temporal do servizo (60 días) e, de ser o caso, da prórroga que se puidese conceder.*
- h) A modificación das condicións psicofísicas da persoa usuaria que lle imposibiliten o axeitado uso do servizo ou da súa situación persoal ou familiar que determine a desaparición da situación de necesidade tida en conta inicialmente.*
- i) O ocultamento e/ou falsidade dos datos facilitados pola persoa solicitante.*

### DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

*Para o axeitado desenvolvemento e implementación deste Regulamento, a Concellería delegada da Área de Política de Benestar poderá elaborar, tramitar e aprobar toda clase de documentos, como Manuais de organización e funcionamento, formularios, Cartas de servizos, etc.*

### DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

*Facúltase expresamente á Concelleira delegada da Área de Política de Benestar para ditar as*

instrucións de funcionamento interno complementarias que sexan necesarias para o correcto funcionamento do servizo, sen que en ningún caso poidan contradicir o establecido neste Regulamento.

**DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA**

A promulgación futura e entrada en vigor de normas de rango superior ó desta disposición que afecten ás materias reguladas na mesma determinará a aplicación automática daquelas, sen prexuízo dunha posterior adaptación, no que fose necesario, do Regulamento.

**DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA**

Unha vez aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación, este Regulamento entrará en vigor logo de que se publique o seu texto íntegro no BOP de Pontevedra e de que transcorra o prazo de 15 días hábiles establecido no Art. 65.2 en relación co Art. 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, e rexerá en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

|                |                      |
|----------------|----------------------|
| Expediente B.S | <input type="text"/> |
| Expte. Xestión | <input type="text"/> |
| Puntuación     | <input type="text"/> |

**SERVIZO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA MUNICIPAL**  
**ANEXO I- MODELO DE SOLICITUDE**

**1.- DATOS DA PERSOA SOLICITANTE - TITULAR DO SERVIZO**

1º APELIDO: \_\_\_\_\_ 2º APELIDO: \_\_\_\_\_

NOME: \_\_\_\_\_ DNI/NIE/ Outros \_\_\_\_\_

ENDEREZO: \_\_\_\_\_ C.P.: \_\_\_\_\_

MUNICIPIO: \_\_\_\_\_ DATA DE NACEMENTO: \_\_\_\_ / \_\_\_\_ / \_\_\_\_

TLF. FIXO (imprescindible na vivenda): \_\_\_\_\_ TLF MÓBIL: \_\_\_\_\_

Nº SEG. SOCIAL: \_\_\_\_ / \_\_\_\_\_ OUTROS SISTEMAS (MUFACE, ISFAS) \_\_\_\_\_

¿TEN SOLICITADO OU CONCEDIDO O RECOÑECEMENTO DE DEPENDENCIA?: SI   
NON

¿CONTA CON OUTRO SERVIZO MUNICIPAL? SI  NON

¿Cal ou cales? (XANTAR, SAD, ETC.).....

**2.- DATOS DA PERSOA BENEFICIARIA**

1º APELIDO: \_\_\_\_\_ 2º APELIDO: \_\_\_\_\_

NOME: \_\_\_\_\_ DNI/NIE/ Outros \_\_\_\_\_

DATA DE NACEMENTO: \_\_\_\_ / \_\_\_\_ / \_\_\_\_

Nº SEG. SOCIAL: \_/\_\_\_\_ OUTROS SISTEMAS (MUFACE, ISFAS) \_\_\_\_\_

**3.- DATOS DA/S PERSOAS DE CONTACTO CON CHAVE ("RECURSO CHAVES")**

1º APELIDO: \_\_\_\_\_ 2º APELIDO: \_\_\_\_\_

NOME: \_\_\_\_\_ DNI/NIE/ Outros \_\_\_\_\_

ENDEREZO: \_\_\_\_\_ C.P.: \_\_\_\_\_

MUNICIPIO: \_\_\_\_\_ PROVINCIA: \_\_\_\_\_

RELACIÓN COA PERSOA SOLICITANTE : \_\_\_\_\_

TLF FIXO: \_\_\_\_\_ TLF MÓBIL: \_\_\_\_\_

1º APELIDO: \_\_\_\_\_ 2º APELIDO: \_\_\_\_\_

NOME: \_\_\_\_\_ DNI/NIE/ Outros \_\_\_\_\_

ENDEREZO: \_\_\_\_\_ C.P.: \_\_\_\_\_

MUNICIPIO: \_\_\_\_\_ PROVINCIA: \_\_\_\_\_

RELACIÓN COA PERSOA SOLICITANTE : \_\_\_\_\_

TLF FIXO: \_\_\_\_\_ TLF MÓBIL \_\_\_\_\_

1º APELIDO: \_\_\_\_\_ 2º APELIDO: \_\_\_\_\_

NOME: \_\_\_\_\_ DNI/NIE/ Outros \_\_\_\_\_

ENDEREZO: \_\_\_\_\_ C.P.: \_\_\_\_\_

MUNICIPIO: \_\_\_\_\_ PROVINCIA: \_\_\_\_\_

RELACIÓN COA PERSOA SOLICITANTE : \_\_\_\_\_

TLF FIXO: \_\_\_\_\_ TLF MÓBIL: \_\_\_\_\_

**4.- CAUSAS QUE MOTIVAN A SOLICITUDE**

Soidade/illamento

Situacións de fragilidade/vulnerabilidade

Situación de inseguridade ante emerxencias domésticas, sanitarias e/ou sociais

Outros \_\_\_\_\_

#### 5.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

- 1.- Solicitud (Anexo I). Aínda que exista beneficiario, presentárase unha soa solicitude.
- 2.- Fotocopia do DNI (do titular e do beneficiario, no seu caso).
- 3.- Fotocopia da tarxeta sanitaria (do titular e do beneficiario, no seu caso).
- 4.- Xustificante dos ingresos económicos do titular e do beneficiario ou autorización ao Concello de Vigo para recabar os seus datos tributarios, segundo o modelo que se anexa (Anexo IV).
- 5.- Informe de saúde do titular e do beneficiario (Anexo II).
- 6.- Informe social do titular e do beneficiario (Anexo III).

SINATURA DO SOLICITANTE OU REPRESENTANTE  
LEGAL

Vigo,        de        de 201

#### SERVIZO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA MUNICIPAL

#### ANEXO II - INFORME DE SAÚDE

| INFORME DE SAÚDE            |                     |
|-----------------------------|---------------------|
| Doutor/a:                   |                     |
| Colexiado:                  | Centro de Traballo: |
| DATOS DA PERSOA SOLICITANTE |                     |
| Nome e apelidos:            |                     |
| DNI:                        |                     |

| DATOS DO ESTADO DE SAÚDE DO/A SOLICITANTE |                          |                          |                          |                          |                          |
|---|--------------------------|--------------------------|--------------------------|--------------------------|--------------------------|
|   | NON HAI<br>PROBLEMA      | PROBLEMA<br>A LIXEIRO    | PROBLEMA<br>A MODERADO   | PROBLEMA<br>A GRAVE      | PROBLEMA<br>COMPLETO     |
| DISCAPACIDADE MOTORA. MOBILIDADE          | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| DISCAPACIDADE DESTREZA MANUAL             | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| DISCAPACIDADE VISUAL                      | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |

|                           |                          |                          |                          |                          |                          |
|---------------------------|--------------------------|--------------------------|--------------------------|--------------------------|--------------------------|
| DISCAPACIDADE AUDITIVA    | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| PROBLEMAS DE COMUNICACIÓN | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| TRANSTORNO COGNITIVO      | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |

Outros problemas de saúde:

Tratamento actual:

Selo e Sinatura: ..... Vigo,.....de.....de 201\_

Expediente B.S.

Expte. Xestión

Puntuación

SERVIZO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA MUNICIPAL

ANEXO III- INFORME SOCIAL

|                                 |                |
|---------------------------------|----------------|
| <b>1.- TRABALLADOR/A SOCIAL</b> |                |
| Traballador/a Social:           | Nº Colexiado/a |
| Referente a D/Dna:              | DNI:           |

|   |
|---|
| <b>2.- DATOS PERSOAIS DA PERSOA SOLICITANTE (TITULAR)</b> |
|---|

1º APELIDO: \_\_\_\_\_ 2º APELIDO: \_\_\_\_\_

NOME: \_\_\_\_\_ DNI/NIE/ Outros \_\_\_\_\_

ENDEREZO: \_\_\_\_\_ C.P.: \_\_\_\_\_

TLF. FIXO (imprescindible na vivenda): \_\_\_\_\_ TLF MÓBIL: \_\_\_\_\_



DATA DE NACEMENTO: \_\_\_\_ / \_\_\_\_ / \_\_\_\_

3.- DATOS DO/ BENEFICIARIO/A SEN DISPOSITIVO (de ser o caso)

1º APELIDO: \_\_\_\_\_ 2º APELIDO: \_\_\_\_\_

NOME: \_\_\_\_\_ DNI/NIE/ Outros \_\_\_\_\_

DATA DE NACEMENTO: \_\_\_\_ / \_\_\_\_ / \_\_\_\_

RELACIÓN COA PERSOA SOLICITANTE : \_\_\_\_\_

RECOÑECEMENTO DE DEPENDENCIA: SI

4.- PERSOAS COAS QUE CONVIVE

| Nome e apelidos | Idade | Parentesco | Profesión |
|-----------------|-------|------------|-----------|
|                 |       |            |           |
|                 |       |            |           |
|                 |       |            |           |
|                 |       |            |           |
|                 |       |            |           |
|                 |       |            |           |

5.- SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR (marcar só unha opción das puntuacións propostas)

|  |    |  |   |
|--|----|--|---|
| Persoa que vive soa con problemas de mobilidade                      | 15 | Convive con outras persoas que sofren minusvalías físicas, psíquicas ou que pola súa idade non poidan atender debidamente ao usuario/a | 8 |
| A persoa vive soa, carece de fillos ou familiares no termo municipal | 13 | Convive con persoas adecuadas pero ausentes do fogar varias horas ao día   | 6 |
| A persoa vive soa pero recibe axuda puntual de familiares ou veciños | 11 | Convive con persoas válidas que prestan axuda  | 4 |

Puntuación: \_\_\_\_\_

6.- REDE SOCIO-FAMILIAR / REDE SOCIAL DE APOIO (marcar só unha opción das puntuacións propostas)

|                        |   |                       |   |
|------------------------|---|-----------------------|---|
| Relacións normalizadas | 2 | Relacións conflitivas | 5 |
| Ausencia de relación   | 8 | Relacións escasas     | 6 |

Puntuación: \_\_\_\_\_

7.- CARACTERÍSTICAS DA VIVENDA (marcar só unha opción das puntuacións propostas)

|   |   |  |   |
|---|---|--|---|
| Está en núcleo de poboación con barreiras arquitectónicas         | 3 | Illada do núcleo de poboación con dificultades de comunicación e barreiras arquitectónicas | 6 |
| Está en núcleo de poboación con boas condicións de habitabilidade | 2 | Illada do núcleo de poboación con dificultades de comunicación con boas condicións de      | 5 |

|  |                |             |
|--|----------------|-------------|
|  | habitabilidade |             |
|  |                | Puntuación: |

8.- SITUACIÓN ECONÓMICA (ingresos brutos - pensións, prestacións, retribucións...)

|                    |    |                               |   |
|--------------------|----|-------------------------------|---|
| Ata 400 euros      | 15 | De 901 a 1100 euros           | 6 |
| De 401 a 700 euros | 13 | De 1101 euros a 1597.53 euros | 4 |
| De 701 a 900 euros | 10 | Mais de 1597.54               | 0 |
|                    |    | Puntuación:                   |   |

9.- AUTONOMÍA PERSOAL: vestimenta, aseo e alimentación (marcar só unha opción das puntuacións propostas)

|   |   |  |   |
|---|---|--|---|
| Vístese, aséase e aliméntase sen axuda    | 2 | Precisa axuda para vestirse, asearse e alimentarse | 5 |
| Precisa axuda para as tomas de medicación | 4 |  |   |
|   |   | Puntuación:  |   |

10.- IDADE (marcar só unha opción das puntuacións propostas)

|                    |    |                    |    |
|--------------------|----|--------------------|----|
| 81 anos ou máis    | 15 | Entre 65 e 70 anos | 10 |
| Entre 71 e 80 anos | 13 | Menos de 65 anos   | 8  |
|                    |    | Puntuación:        |    |

11.- OUTROS DATOS DE INTERESE (sen puntuar)

Realiza algunha actividade de lecer e tempo libre. Especifique cal/cales

12.- OUTRAS CIRCUNSTANCIAS NON ESPECIFICADAS

Neste apartado valoraranse as situacións específicas que se estime oportuno considerar e que non foron contempladas nos anteriores apartados, ata un máximo de 5 puntos.

Puntuación:

PROPOSTA E VALORACIÓN PROFESIONAL

PROPOSTA DO SERVIZO:      CONCESIÓN :       DENEGACIÓN:

|                         |  |
|-------------------------|--|
| VALORACIÓN PROFESIONAL: |  |
|                         |  |
| Puntuación:             |  |

Vigo, ..... de .....de 20\_\_

O/A traballador/a social

Asdo.: .....

ANEXO IV

AUTORIZACIÓN SOLICITUDE DE DATOS

*AUTORIZACIÓN DA/S PERSOA/S INTERESADA/S PARA QUE O CONCELLO DE VIGO POIDA RECABAR DA «AEAT» E DAS RESTANTES ADMINISTRACIÓN S E ORGANISMOS PÚBLICOS INFORMACIÓN DE NATUREZA OU CON TRASCENDENCIA ECONÓMICA.*

*De acordo co establecido no artigo 95.1.k) da L.58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e na demais normativa aplicable; en especial, na L.11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos e na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, a/s persoa/s que abaixo asina/n AUTORIZA/N ao Concello de Vigo para que consulte, verifique e/ou solicite da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e, de ser o caso, das restantes Administración s e organismos públicos, os datos, informes e antecedentes de natureza ou con trascendencia económica que sexan precisos para os exclusivos efectos da tramitación da súa solicitude de prestación do SERVIZO MUNICIPAL DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA.*

*DATOS DA/S PERSOA/S QUE OUTORGA/N A AUTORIZACIÓN.*

*NOME E APELIDOS.....*

*DNI/NIF/NIE/OUTROS.....*

*SINATURA.....*

*NOME E APELIDOS.....*

*DNI/NIF/NIE/OUTROS.....*

*SINATURA.....*

Vigo, ..... de ..... de .....

*NOTA: A autorización concedida polo/s asinante/s poderá ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido ó Departamento de Política de Benestar do Concello de Vigo. Neste caso, será/n a/s persoa/s interesada /s a/s que deberá/n recabar e achegar os datos económicos requiridos.*

*Os datos persoais recollidos nesta autorización serán incorporados e tratados nos ficheiros automatizados do Concello de Vigo – Área de Política de Benestar, cuxa finalidade é posibilitar a xestión dos servizos e prestacións sociais da súa competencia. Poderán ser utilizados para fins estatísticos e cedidos de conformidade coa lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, estando prevista a cesión á entidade que*

*xestionará o servizo de teleasistencia. O órgano responsable do ficheiro é a Concellería de Política de Benestar do Concello de Vigo (Praza do Rei, 1 CP 36202 Vigo), perante a que o interesado poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición (Art. 5 LO.15/1999).*

**3.6(45).-INFORME DE INTERPRETACIÓN DE CONCEPTO DUBIDOSO NO ÁMBITO DA ORDENANZA 2 DO PXOM DO CONCELLO DE VIGO, APROBADO DEFINITIVAMENTE O 16.05.2008. (APROBACIÓN). EXPTE. 2149/426 (854/1101).**

ANTECEDENTES.- Con data 18.02.2014, a xefa de Área de Cascos Históricos e Patrimonio Histórico co conforme da Xerente de Urbanismo, informa o seguinte,

“ANTECEDENTES

Primeiro.- O Plan xeral de ordenación municipal de Vigo (PXOM) de Vigo, aprobado definitivamente, de forma parcial, por Orde da Conselleira da CPTOPT da Xunta de Galicia do 16.05.2008 (DOG nº 106, do 03.06.2008), normativa integramente publicada no BOP de Pontevedra o 06.08.2008 (BOP nº 151 - Suplemento), e aprobado definitivamente por orde do 13.07.2009 do Conselleiro da CMATI do documento de cumprimento da Orde da CPTOPT do 16.05.2008 sobre aprobación definitiva do PXOM de Vigo (DOG nº 144, do 24.07.2009), publicada a normativa no BOP nº 175, do 10.09.2009, delimita un ámbito nos planos de ordenación da serie 2 (escalas 1/2000 e 1/1000), coa grafía correspondente ós Planes Especiais, para o seu desenvolvemento mediante un Plan Especial de Protección e Reforma Interior, coa finalidade e obxectivo de establecer as condicións de Ordenación e Protección adecuadas para o Tratamento Integral e Recuperación do Centro de Vigo. (Plan Especial do Ensanche).

Este Plan Especial substituirá, segundo artigo 9.2.1.3 das Normas urbanísticas PXOM, nun ámbito maior, ó vixente Plan Especial e Catálogo Complementario de Conxuntos e Elementos a Conservar (PEEC), aprobado definitivamente en 1991.

Segundo.- Co fin de definir a interpretación municipal en canto ás condicións das obras de derruba no ámbito da ordenanza 2 do Plan xeral de ordenación municipal, ante as diverxencias nas interpretacións sostidas pola Delegación provincial da Consellería de Cutlrua e o Concello de Vigo, o Consello da Xerencia municipal de Urbanismo de Vigo, en sesión do 27 de xullo de 2012, presta conformidade ó informe redactado pola Oficina de Barrios históricos da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Terceiro.- A arquitecta municipal, en data 12 de xullo de 2012 emite o seguinte informe:

## **“ANTECEDENTES**

*Con fechas 16.05.2008 y 13.07.2009 se aprobo definitivamente el Plan General de Ordenación Municipal de Vigo, que incluye la ordenanza 2 de CONSERVACION y PROTECCION AMBIENTAL que “ Corresponde al ámbito que el Plan General define para su desarrollo mediante un Plan Especial de Protección y Reforma interior, con la finalidad y objetivo de establecer las condiciones de ordenación y protección adecuadas para el Tratamiento Integral y Recuperación del centro de Vigo ( Plan Especial del Ensanche). Este Plan Especial sustituirá , en un ámbito mayor, el Plan Especial y Catálogo Complementario de Conjuntos y Elementos a Conservar, aprobado definitivamente en 1991” “ En tanto no sea desarrollado y aprobado el Plan Especial del Ensanche al que se refiere el punto 2 del articulo anterior, la presente Ordenanza será de aplicación en toda la zona que el Plan General delimita en el plano de suelo urbano Consolidado como de Ordenanza 2.*

*En el art 1.012 de las Normas del PXOM de Vigo se indica: “ El Pleno municipal podrá aprobar la interpretación que considere más adecuada a determinaciones del Plan General que sean ambiguas o para las que pudieran existir dos o mas acepciones diferentes. La interpretación oficial requerirá un informe técnico del servicio de Urbanismo municipal señalando la ambigüedad o doble acepción posible existente y la propuesta de interpretación. Una vez aprobada, la interpretación se incorporará al documento del Plan General como anotación complementaria de la determinación que se interpreta; y se expondrá en lugar adecuado para conocimiento del público. No tendrá carácter de Modificación del Plan.*

## **INFORME**

*La Ordenanza 2 en el articulo 9.2.8 indica: “ Se autorizan todos los tipos de obras en los edificios con excepción de las siguientes: Las de Obras de Demolición, Total o Parcial y las de Reestructuración General y vaciado interior, salvo que hubieran realizado el procedimiento regulado en el Articulo anterior y no se hubiera establecido condición alguna de Protección Preventiva”indicandose en el art anterior ( 9.2.7):*

*B) Se otorga una presunción de Protección Ambiental a todos los edificios incluidos en el ámbito de aplicación que no tengan asignado un grado de catalogación expresa.*

*2- Para las edificaciones a que se refiere el apartado 2 del anterior punto de este Artículo, se aplicará el siguiente procedimiento transitorio:*

*“ Con carácter previo a la solicitud de Licencia Urbanística, que correspondan a obras que no estarían permitidas en edificios con Protección Ambiental, quien adopte la iniciativa de intervención, presentará una documentación de consulta, con expresión de la situación alzados y fotografías acompañadas de breve memoria expositiva y justificativa de las razones de la propuesta de obras en el edificio o, incluso demolición y nueva edificación, ante la Comisión de Seguimiento*

*del PEEC, la cual, emitirá informe que, junto con los informes técnico y jurídico que procedan la elevarán al órgano competente para el otorgamiento de Licencias”.*

*“ La Comisión de Seguimiento del PEEC, a la vista de las circunstancias concretas de cada edificio adaptará la decisión de autorizar la solicitud presentada o declarará la Catalogación Preventiva de Protección que corresponda por razón de los valores de la edificación. Para la adopción de acuerdos la Comisión encomendará a los servicios técnicos municipales que se realice visita de inspección, en los términos establecidos por el PEEC”.*

*. “ La catalogación que por aplicación del párrafo anterior se establece tiene un carácter análogo al de las anotaciones preventivas a que hace referencia el artículo 87 del Reglamento de Planeamiento, y tiene el mismo grado de protección que una catalogación expresa.*

*3- Los edificios en los que la Comisión de Seguimiento no aprecie valor que exija su protección, podrán acogerse a los procedimientos establecidos por el PEEC para los edificios no protegidos.*

*4- por el contrario, aquellos en los que la Comisión de Seguimiento aprecie valores a proteger quedarán sujetos al régimen de los edificios catalogados con Grado de Protección Ambiental y sujetos al régimen del PEEC y de la presente normativa.*

*Por lo tanto se considera que dicho procedimiento de levantamiento de la anotación preventiva es de aplicación a los edificios que no tengan una catalogación expresa por el PEEC, indicándose en el art 9.2.8:3. En los solares existentes y en aquellos edificios a los que no se les hubiera establecido dicha protección Preventiva, en los términos del anterior Artículo 9.2.7 procederán las obras de reestructuración general, vaciado y obra nueva.”*

#### *Tramitación de los edificios catalogados por el PEEC*

*La Comisión Territorial de Patrimonio histórico de Pontevedra, en su sesión del 14 de septiembre de 2010, emite el siguiente Informe- propuesta respecto a dos edificios catalogados con el grado de Protección Ambiental por el “ Plan Especial y Catálogo Complementario de Edificios, Conjuntos y Elementos a Conservar en Vigo”: “ Considerando que as obras que se pretenden realizar comprenden o baleirado e reestructuración xeral do inmovible, obras prohibidas no PXOM pola Ordenanza 2 que establece un réxime transitorio ata a aprobación do Plan Especial do Ensanche, sen quev resulte de aplicación a estes edificios catalogados no PEEC o procedemento regulado no artigo 9.2.7 para a protección preventiva de edificios non catalogados que permitiría excepcionar esa prohibición.*

*Cómpre facer constar que incluso aplicando o PEEC na súa integridade as características dos inmobles poderían xustificar a aplicación do establecido no artigo 7.2 do PEEC que establece que a catalogación dun elemento non confire automaticamente o dereito á propiedade do mesmo de realizar tódalas obras e intervencións correspondentes ao seu grao de catalogación, senón que se poderían*

*limitar, imponiendo a restauración ou conservación daquelas partes consideradas de interese e non a súa demolición para unha posterior e aparente reconstrución, polo que se informa desfavorablemente sobre o baleirado exterior a construción de edificio”.*

*Los edificios incluidos en el Plan Especial y Catálogo Complementario de Edificios, Conjuntos y Elementos a Conservar en Vigo ( A.D. 25.10.90). catalogados con el grado de Protección Ambiental, que de acuerdo con el art. 6.2 de las Normas del PEEC: “Corresponde a los elementos de grado 4 de sustituibilidad, de valor arquitectónico, decorativo, popular, pintoresco, típico o ambiental que, por las características exteriores o por su tipología, y por ser piezas de un escenario urbano o rural concreto, deben conservarse con los detalles ambientales, estéticos o históricos que los caracterizan, admitiendo importantes intervenciones en aquellos aspectos susceptibles de mejora que no contradigan el objeto de su catalogación” “ Hay que indicar aquí lo especificado en el apartado 3 de estas Normas en cuanto a la determinación de protección interna y su incidencia en la catalogación y grado de protección una vez realizada la consulta previa y la consiguiente visita de inspección”. Asimismo en el art 7.2 se indica el tipo de intervención según el grado de catalogación: “Las intervenciones apropiadas en el grado de protección Ambiental ( A), serán las imprescindibles para la conservación de los elementos visibles desde el espacio urbanístico exterior ( fachadas, áticos, cubiertas, etc) que han motivado su catalogación...Se admitirán todas las demás intervenciones que figuran en el Cuadro 602, sometidas, obviamente, a la reglamentaria licencia de edificación”.*

*En el nuevo Plan General de Ordenación Municipal aprobado definitivamente con fecha 16.05.2008, los edificios se encuentran situados en suelo urbano, calificados con la ordenanza 2 de Conservación y Protección Ambiental. De acuerdo con el art 9.2.7 de la ordenanza 2: “ Se mantienen los grados de catalogación y niveles de Protección contenidas en el ámbito PEEC” Asimismo de acuerdo con el art 9.2.8: “ Los tipos de obras definidos en el Capítulo7 del Plan Especial se asimilan a las contenidas en el capítulo 2.6 de las Normas Urbanísticas del Plan General. Lo que representa que las obras de Reestructuración se consideran como parte de las de Rehabilitación en los terminos del Artículo 2.6.2: “ Se autorizan todos los tipos de obras en los edificios con excepción de las siguientes: las de Obras de Demolición, Total o Parcial y las de Reestructuración General y vaciado interior, salvo que hubieran realizado el procedimiento regulado en el Artículo anterior y no se hubiera establecido condición alguna de Protección preventiva”.*

*De acuerdo con el art. 9.2.6 de la Ordenanza 2 Regimen específico del grado 1º: “ Dentro del ámbito del grado 1º, como se recoge en el Artículo anterior, toda la regulación está contenida en la documentación del propio Plan Especial, aprobado por el Pleno Municipal de 25 de octubre de 1990 y publicado en el BOP de Pontevedra de 17 de enero de 1991” “ Dentro de su regulación se consideran de especial aplicación los Capítulos: 6. criterios de Catalogación y niveles de Protección; 7. ordenación urbanística. 8 normas urbanísticas generales”. En el art. 8.5 del PEEC: “ Cuando, por el tipo de catalogación del edificio, las obras solicitadas supongan actuación sobre el exterior del elemento, bien por adición de volumen, bien por actuación sobre la fachada o sobre otros elementos que definen*

su volumetría, se requerirá consulta previa a la comisión de Seguimiento. En el caso de que la solución difiera en algo de la prevista en el PEEC, aún cuando no se variase el grado de protección, será preceptivo el trámite de consulta previa. La visita de inspección del edificio en cuestión dictaminará acerca del grado de protección interna del mismo en función de sus características, estado y arquitectura, proponiendo el tipo de conservación interna adecuado”.

Por lo tanto en tanto no sea desenvuelto y aprobado el Plan Especial del Ensanche la ordenanza 2 será de aplicación ( en regimen transitorio) en toda la zona así delimitada por el PXOM. Dentro del ámbito del grado 1º toda la regulación está contenida en la documentación del propio Plan Especial PEEC aprobado por el Pleno Municipal el 25/10/90 ( BOP 17/01/91). Dentro de su regulación se consideran de especial aplicación los Capítulos. 6. Criterios de Catalogación y Niveles de Protección;7 Ordenación urbanística y 8 Normas Urbanísticas Xerais. La ordenanza 2 establece un régimen transitorio específico de los capítulos anteriores que responden al criterio de mantenimiento de aquellos que el Plan General considera aplicables; incorporando criterios de adaptación o interpretación de conceptos de la Normativa del PEEC a la regulación general del Plan; y estableciendo la inaplicabilidad de algunas de las regulaciones vigentes o limitando determinados aspectos que el PEEC autoriza.

Las edificaciones están en el ámbito del Plan Especial de Edificios a Conservar aprobado definitivamente en fecha 25/10/90, catalogado como ambiental, que por sus características exteriores o su tipología, y ser piezas de un escenario urbano concreto, deben conservarse con los detalles que lo caracterizan admitiendo importantes intervenciones en aquellos aspectos susceptibles de mejora que no contradigan el espíritu de su catalogación.

De acuerdo con el Plano de “ Elementos interiores de interes” del Plan Especial y catálogo Complementario de Edificios, Conjuntos y elementos a conservar en Vigo” ( A.D. 25.10.90), los edificios estan considerados de nivel Arquitectonico Medio, por lo tanto de acuerdo con los cuadros 701 y 702, las obras de Reestructuración ( rehabilitación de acuerdo con el art. 9.2.8 de la Ordenanza 2) estarian permitidas en ese grado de catalogación sometidas preceptivamente a que la Comisión de Seguimiento realice, visita de inspección al inmueble con el fin de determinar si la propia especificidad de esté reclama la adopción de alguna cautela en orden a la protección de algún elemento interno, según previsión de los apartados 3 y 6.3, 7.2 y 8.5 de las Normas del PEEC, capítulos incorporados por la ordenanza 2.

El procedimiento regulado en el art. 9.2.7 es de aplicación, para las edificaciones a que se refiere el apartado 2, siendo por lo tanto de aplicación a los edificios con anotación preventiva, indicandose en el punto 4: “Por el contrario, aquellos en los que la Comisión de Seguimiento aprecie valores a proteger quedarán sujetos al régimen de los edificios catalogados con grado de Protección Ambiental y sujetos al régimen del PEEC y de la presente normativa”.

Por todo lo expuesto se considera, que de acuerdo con la Ordenanza 2, es procedente la aplicación a los edificxios catalogados con el Grado de Protección



Ambiental por el PEEC, la aplicación del régimen del PEEC, capítulos 6,7,8 y de los criterios de Adaptación de la Ordenanza 2.

Teniendo en cuenta el art. 8.5 del PEEC: "Cuando, por el tipo de catalogación del edificio, las obras solicitadas supongan actuación sobre el exterior del elemento, bien por adición de volumen, bien por actuación sobre la fachada o sobre otros elementos que definen su volumetría, se requerirá consulta previa a la Comisión de Seguimiento. En el caso de que la solución propuesta difiera en algo de la prevista en el PEEC, aún cuando no se variase el grado de protección, será preceptivo el trámite de consulta previa. La visita de inspección del edificio en cuestión dictaminará acerca del grado de protección interna del mismo en función de sus características, estado y arquitectura, proponiendo el tipo de conservación interna adecuado".

Por lo tanto la Comisión de Seguimiento del PEEC, en función de sus competencias, de acuerdo con el art 8.5 del PEEC es la que dictaminará acerca del grado de protección interna de los edificios catalogados con el grado de Protección Ambiental, proponiendo el tipo de conservación interna adecuada.

Protección superior a la establecida en el PXOM de Vigo que de acuerdo con el art 6.3 PROTECCION AMBIENTAL ESPECIFICA se indica: " As obras que se efectúen nos edificios, elementos ou conxuntos afectados por este grao de protección, terán por obxecto adecualos aos usos e costumes actuais sen perda dos valores ambientais e tipolóxicos que posúen" Art 6.3.1- Grao A1: " sobre os bens inmoables catalogados co presente subgrao de protección, ademais dos tipos de obras permitidos no grao anterior, poderanse levar a cabo nelas obras de reestructuración".Por lo tanto en los edificios incluidos en el Catalogo con el grado de protección AMBIENTAL del PXOM ( A.D. 16.05.2008) se permiten las obras de REESTRUCTURACION que de acuerdo co art 5.5- Obras de reestructuración:"Son as que ao obxecto de adecuar o ben catalogado ou unha parte do mesmo aos usos que se destina, afectan aos seus elementos estruturantes alterando a súa morfoloxía no que non afecta ás características orixinais da súa envolvente exterior visible desde os espazos públicos, próximos ou afastados. Agrúpanse baixo esta denominación, ente outras actuacións, os de cambios de distribución interior, cambios de localización dos elementos de comunicación xeral, horizontal e vertical, modificación de cota dos diferentes forxados, construción de entreplantas e substitución de estruturas de cuberta para o aproveitamento dos seus volumes. Os cambios de cota dos forxados non poderán afectar á súa posición no encontro coas fachadas, así como os ocas existentes nelas".

Por todo lo expuesto se considera que el art 9.2.8 de las Normas de la Ordenanza 2: " Se autorizan todos los tipos de obras en los edificios con excepción de las siguientes: Las de obras de Demolición, Total o Parcial y las de Reestructuración General y vaciado interior, salvo que hubieran realizado el procedimiento regulado en el Artículo anterior y no se hubiera establecido condición alguna de Protección Preventiva" Tal como esta redactado, produce interpretaciones contradictorias, en lo que se refiere a los edificios con catalogación expresa del PEEC, por lo que se considera que debería redactarse de la siguiente forma:

*Se autorizan todos los tipos de obras en los edificios con excepción de las siguientes: Las de obras de Demolición, Total o Parcial y las de Reestructuración General y vaciado interior, salvo que hubieran realizado el procedimiento regulado en el Artículo anterior y no se hubiera establecido condición alguna de Protección Preventiva. Para los edificios catalogados por el PEEC es de aplicación el procedimiento regulado en el “ Plan Especial y Catálogo Complementario de Edificios, Conjuntos y Elementos a conservar en Vigo”.*

*De acuerdo con la Normativa del PXOM Art. 1.0.12. Interpretación de concepto dudoso- El Pleno Municipal podrá aprobar la interpretación que considere más adecuada a determinaciones del Plan General que sean ambiguas o para las que pudieran existir dos o más acepciones diferentes. La interpretación oficial requerirá un Informe Técnico del Servicio de urbanismo municipal señalando la ambigüedad o doble acepción posible existente, y la propuesta de interpretación. Una vez aprobada, la interpretación se incorporará al documento del Plan General como anotación complementaria de la determinación que se interpreta; y se expondrá en lugar adecuado para conocimiento del público. No tendrá carácter de Modificación del Plan”*

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### I.- Interpretación de concepto dudoso

No art 1.01.2 das Normas urbanísticas do PXOM se indica: “O Pleno municipal poderá aprobar a interpretación que considere mais axeitada ás determinacións do Plan Xeral que sexan ambiguas ou para as que poideran existir dous ou mais acepcións diferentes. A interpretación oficial requerirá un informe técnico do servizo de Urbanismo municipal sinalando a ambigüidade ou dobre acepción posible existente e a proposta de interpretación. Unha vez aprobada, a interpretación incorporárase ó documento do Plan Xeral como anotación complementaria da determinación que se interpreta; e exporase no lugar axeitado para coñecemento do público. Non terá carácter de Modificación do Plan.

### II.- Ámbito da ordenanza 2

A ordenanza 2 de conservación e protección ambiental regulada no capítulo 9.2 das Normas urbanísticas PXOM correspóndese co ámbito que o Plan Xeral define para o seu desenvolvemento mediante un Plan Especial de Protección e Reforma Interior, coa finalidade e obxectivo de establece-las condicións de Ordenación e Protección adecuadas para o Tratamento Integral e Recuperación do Centro de Vigo. (Plan Especial do Ensanche). Esta ordenanza será de aplicación transitoria en tanto non se aprobe o citado plan especial, segundo determinación do artigo 9.2.2 das citadas normas.

### III.-Condicións de edificación na ordenanza 2

Os efectos de aplicación das condicións de edificación na zona se distinguen dous grados grafiados cos números 1º e 2º. O grado 1º sería o ámbito do PEEC e o grado

2º o resto do ámbito da zona de Ordenanza 2.

ZONA Grado 1º

As condicións de edificación no grado 1º (ámbito do PEEC) regúlanse na sección 3ª do capítulo 9.2 PXOM, expresando claramente o artigo 9.2.6 que toda a regulación está contida na documentación do PEEC, aprobado polo Pleno Municipal de 25 de outubro de 1990 e publicado no BOP de Pontevedra de 17 de enero de 1991, apricándose por decisión expresa do planificador os Capítulos: 6. Criterios de Catalogación, e Niveis de Protección; 7. Ordenación Urbanística; e 8. Normas Urbanísticas Xerais, incorporando criterios de adaptación ou interpretación de conceptos destas normas á regulación xeral do Plan, establecendo a inaplicabilidade dalgunha destas regulacións ou limitando aspectos que o PEEC autoriza.

O PXOM, a continuación incorpora eses criterios de adaptación da normativa específica do PEEC, así en canto a:

### II.1.- Niveis de protección

Coa intención de evitar pérdidas de edificacións ou elementos de edificacións que non estean catalogados no PEEC, o artigo 9.2.7.1 das Normas do PXOM, na súa letra "B", outorga unha presunción de protección ambiental a todos os edificios incluídos no ámbito da ordenanza 2 que non estean catalogados, para a través do procedemento de "consulta previa" á solicitude de licenza, a Comisión de seguemento, á vista das circunstancias concretas de cada edificio, autorizar a solicitude de obras presentada, ou declarar a Catalogación preventiva de Protección que corresponda por razón dos valores da edificación. Para este fin se realizará unha visita de comprobación ós edificios polos servizos técnicos municipais.

De non se apreciar valores a protexer, as obras a executar serán as definidas no PEEC para os edificios non catalogados.

De se apreciar valores protexibles, os edificios quedarán sometidos ó réxime dos edificios catalogados con grado de protección ambiental e suxeitos ó réxime do PEEC e da normativa do PXOM.

Xa que logo, en principio, de entender a Comisión que o edificio non debe ser catalogado, será posible a súa derruba, e de se protexer algún elemento concreto, será posible a derruba do resto non protexido, baleirados, reestruturacións, etc

Débase lembrar que para os edificios catalogados no PEEC co grado de estrutural e ambiental, o apdo. 8.5.1 das súas Normas obriga a, cando se pretenda aumentar o volume, modificar a aparencia externa, cando se formulen vaciados ou actuacións que modifiquen a estrutura tipolóxica do edificio, realizar o trámite de consulta previa, idéntico ó definido no artigo 9.2.7 das Normas urbanísticas do PXOM. A visita de inspección ó edificio dictaminará acerca do grado de protección interna deste en función das súas características, estado e arquitectura, propoñendo o tipo de conservación interna axeitado. Inténtase coñecer o interior da edificación e os seus valores dende a perspectiva da protección do patrimonio, de forma que, de se considerar que a estrutura, vertical ou horizontal, ou calquer elemento, aínda que no forme parte da estrutura, deba ser conservado, a Comisión dictamina nese senso e non permite a súa derruba.

A maior abastanza o apdo. 7.2 da normativa do PEEC, determina que a

catalogación dun elemento non confire o dereito á propiedade de realizar as obras definidas como posibles no PEEC (cadro 702), incluso de se atopar achados de interese, poderanse limitar estas. A sensu contrario, se do resultado dunha investigación se deduce que o grado de protección dun elemento é inxustificable polo restrictivo en canto á carencia de interese, se poderán permitir obras de intervención propias dun grado inferior de protección, incluso a descatalogación.

Xa que logo a conclusión é a mesma, as obras de derruba, baleirados, reestruturacións, serán posibles ou non tras o trámite de consulta previa e autorización da Comisión de seguemento.

## II.2.- Ordenación urbanística: tipos de obras

De acordo co disposto no art 9.2.8.1 PXOM, os tipos de obras que define o Capítulo 7 do Plan especial, asimílanse ás contidas no Capítulo 2.6 das Normas Urbanísticas do Plan Xeral, o que representa que as obras de reestruturación se consideran como parte das de rehabilitación nos termos do Artigo 2.6.2.

Segundo artigo 9.2.8.2 das Normas do Plan xeral, autorízanse tódolos tipos de obras nos edificios agás as de demolición, total ou parcial, e as de reestruturación xeral e baleirado interior, agás que tivesen realizado o procedemento regulado no artigo anterior e non se tivese establecido condición algunha de Protección Preventiva.

Este apartado segundo do artigo 9.2.8 remite ó procedemento de consulta previa citado anteriormente, como trámite necesario para que o concello autorice obras de derruba nas edificacións que carecen de protección no PEEC. Sempre que se levante a “anotación preventiva de catalogación” será posible autorizar tales obras, derrubas interiores ou baleirados que entran dentro da categoría de obras de rehabilitación do artigo 2.6.2

Esto tanto para os edificios non catalogados no PEEC, como para os protexidos pola normativa do Plan especial, pois as obras posibles, seguindo tamén o trámite de consulta previa descrito no apartado 8.5.1 das Normas do plan especial, serán as previstas no capítulo 7 do Plan especial. Así, nos cadros 701 y 702, recóllense tódalas obras posibles nos edificios que cataloga o plan especial, incluíndo por exemplo, como autorizables as de Reestruturación (rehabilitación de acordo con el art. 9.2.8 de la ordenanza 2) para o grado de catalogación ambiental, sometidas perceptivamente a que a Comisión de seguimento realice visita de inspección ó inmovible co fin de determinar se a propia especificidade de esté reclama adopción de algunha cautela en orden á protección dalgun elemento interno, según previsión dos apartados 3 e 6.3, 7.2 y 8.5 das Normas do PEEC, capítulos incorporados pola ordenanza 2.

## ZONA GRADO 2

En canto ós niveis de protección rexe a mesma regulación preventiva que a prevista no grado 1: os efectos de evitar a destrución de edificacións que poideran estar protexidas, pasan a ter unha “catalogación preventiva” ata que se levante

seguindo o procedemento do artigo 9.2.7.2 das Normas urbanísticas do PXOM. En canto ás normas urbanísticas xerais serán de aplicación as mesmas limitacións sinaladas para o grado 1º (medianeiras, corpos voados, cubertas,...) e respecto ás condicións xerais de edificación, subsidiariamente se aplican as da ordenanza 3

De conformidade coa fundamentación recollida, propónse ó Consello da Xerencia de urbanismo eleve ó Pleno municipal, a seguinte interpretación en canto ó concepto ambigüo da posibilidade de executar obras de derruba no ámbito da Ordenanza 2 :

De seguido o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 28.02.2014, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en sesión ordinaria, ditaminou favorablemente o referido informe.

**VOTACIÓN:** Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

**ACORDO:**

Aprobar o informe da Xerencia Municipal de Urbanismo municipal sobre concepto dubidoso para determinar o alcance das obras de derruba no ámbito da ordenanza 2 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vigo aprobado definitivamente o 16 de maio de 2008.

I.- O Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Vigo, aprobado definitivamente o 16 de maio de 2008, protexe preventivamente a tódolos edificios do ámbito da ordenanza 2, ámbito do PEEC , nominado “grado1º” e zona ampliada coa grafía de “grado 2º”.

II.- As condicións de edificación no grado 1º (ámbito do PEEC) regúlanse na sección 3ª do capítulo 9.2 PXOM, e por remisión do artigo 9.2.6 no Plan especial de edificios a conservar, aprobado polo Pleno Municipal de 25 de outubro de 1990 e publicado no BOP de Pontevedra de 17 de enero de 1991, expresamente, aínda que con matices, os Capítulos: 6. Criterios de Catalogación, e Niveis de Protección; 7. Ordenación Urbanística; e 8. Normas Urbanísticas Xerais.

III.- As condicións de edificación no grado 2º, serán preventivamente as mesmas que para o grado 1º: os inmobles gozan dunha “catalogación preventiva” en tanto non se levante seguindo o procedemento do artigo 9.2.7.2 das Normas urbanísticas do PXOM.

IV.- Namentres non se aprobe o Plan especial do ensanche previsto no PXOM de Vigo, para outorgar licenzas de derruba total ou parcial, de restructuración ou baleirado dun edificio do ámbito da ordenanza 2, será preceptivo informe favorable da Comisión de seguemento do PEEC, no que se valore a protección interna do mesmo segundo procedemento do artigo 9.2.7.2 do PXOM e 8.5.1 do PEEC.

Será a Comisión de seguemento quen, a través do procedemento de consulta previa, tanto para os inmobles catalogados expresamente como para os catalogados con anotación preventiva, determine se as obras de derruba proxectadas son viables segundo protección que lle corresponda ó edificio

V.-Nos supostos de ordes de execución forzosa de obras ou declaracións de ruína, nas que cesa a obriga de conservación da edificación, a administración municipal ordenará no seu caso a derruba total ou parcial do inmovle con respecto ós elementos protexidos ben polo catálogo do PEEC, ben determinados pola Comisión de seguemento no procedemento de consulta.”

#### **4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.**

Non houbo.

*Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.*

#### **5.- MOCIÓNS:**

**5.1(46).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO GOBERNO DO ESTADO A DESESTIMACIÓN DAS PROPOSTAS DA LEI DE DEMARCACIÓN E PLANTA XUDICIAL E DA LEI ORGÁNICA DO PODER**

## **XUDICIAL, E PRESENTACIÓN DE NOVAS PROPOSTAS. EXPTE. 739/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de setembro de 2013, número 739/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

### MOCIÓN

#### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Ministerio de Xustiza fixo pública, a través da súa páxina web, a Proposta de texto articulado da Lei de Demarcación e de Planta Xudicial e da Lei Orgánica do Poder Xudicial, elaboradas pola Comisión Institucional á que se encomendou a súa redacción.

O propio Ministro de Xustiza compareceu ante a Comisión de Xustiza do Congreso dos Deputados, no mes de maio pasado, para presentar un texto de reforma da Lei Orgánica do Poder Xudicial, texto proposto pola mesma Comisión Institucional que elaborou esta proposta. O texto de reforma de Lei Orgánica do Poder Xudicial xa avanzaba as liñas que agora se concretan na reforma da demarcación e planta xudicial, pero o Ministro anunciou, sementando a confusión, que non facía seu o texto que presentaba en sé parlamentaria abrindo así, a modo de globo sonda, un debate artificial e escondéndose unha vez máis o Goberno, tras unha Comisión de Expertos, para non asumir a súa directa responsabilidade.

A proposta de modificación da demarcación e planta xudicial que formula, segue a senda das reformas da administración que nos vén propoñendo o Goberno, e que como outras, ignora aos cidadáns, as competencias que a Constitución e os seus Estatutos reservan ás Comunidades Autónomas e ten como único eixe rector, co pretexto dun suposto aforro, a redución da administración orientada, en última instancia, ao desmantelamento dos servizos públicos.

De feito a presentación da proposta faise incumplindo o artigo 152.1 da Constitución Española, ademais do art. 35 da LOPJ que obrigan ao Ministro de Xustiza a solicitar informe sobre a proposta ás distintas Comunidades Autónomas e contar coa opinión das mesmas para elaborar o Anteproxecto e ademais a unir logo ao Proxecto de Lei que presente ás Cámaras as propostas das Comunidades Autónomas.

Pese a que a ratio de xuíces por cada cen cidadáns é inferior en España á media europea, a proposta non fai referencia tampouco ao posible incremento do número de

xuíces e maxistrados, senón só ao contrario, o seu diminución como revela a Disposición Transitoria Oitava.

O Ministro afirmou o pasado 9 de xullo en Valladolid, que non se suprimirá ningunha sé xudicial en España pero, de levarse a cabo a proposta publicada, esta

afirmación non sería certa porque da súa lectura extráese que a “implantación do novo modelo condiciona o gasto que as Administracións Públicas poidan realizar en mellora dos medios materiais ao servizo da Administración de Xustiza, sendo así que aquel deberá localizarse nos edificios e instalacións que han de albergar as sedes reflectidas na presente Lei e soamente en elas” que estarán só radicadas nas capitais de provincia segundo derívase do articulado da proposta de Lei Orgánica do Poder Xudicial e dos Anexos da proposta de lei de demarcación e planta. Centralizar e afastar a xustiza dos cidadáns, como fai a proposta, é radicalmente contrario á facilitación da tutela xudicial.

Xa que logo, a proposta presentada supón un severo risco para a pervivencia do servizo público da Xustiza, especialmente no medio rural, pero afectando tamén ao ámbito urbano, pois a demarcación pasa a ser provincial para os Tribunais de Instancia, salvo en Madrid e Barcelona. A proposta das Leis de Demarcación e Planta e Orgánica do Poder Xudicial conleva a desaparición dos partidos xudiciais rurales ameazados de supresión ou dunha perda de funcións tal que os convertería en pouco máis que sedes administrativas.

Calquera proposta que se formule, para merecer unha mínima consideración, ten que ter en conta, ademais das competencias doutras administracións na materia, aspectos demográficos, de redes de comunicación, de tipología da litigiosidad existente en cada zona, do carácter rural, urbano ou turístico da zona, etc. e que, en base a un estudo dos mesmos, chegase a conclusións de dotación debidamente razoadas e articuladas. O PSOE defende o principio de proximidade dos servizos públicos, entre eles a Administración de Xustiza, aos cidadáns, debendo explorarse as potencialidades do sistema existente, que as ten, e a súa reforma, pero non baixo a premisa da desaparición dos partidos xudiciais e as Audiencias Provinciales.

O Goberno do PP estase superando día a día en autoritarismo e soidade política. Hoxe manifestamos a nosa oposición á reforma da Lei de Demarcación e Planta Xudicial e fai unhas semanas faciamos o propio coa Lei de Reforma Local á que o Consello de Ministros deu luz verde facendo caso omiso das recomendacións do Consello de Estado que emitiu un crítico e duro informe. Ambas iniciativas do PP non solucionan ningunha das necesidades territoriais, porque non clarifican competencias, non evita as duplicidades, non simplifica a estrutura da administración e sobre todo non resoven os intereses dos cidadáns que viven no medio rural.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte

#### ACORDO

Instar ao Goberno de España a:

1. Desestimar e non levar a efecto as propostas de reforma da Lei de Demarcación e Planta Xudicial e a Lei Orgánica do Poder Xudicial feita pública na páxina web do Ministerio de Xustiza.
2. Presentar unha nova proposta de reforma na que na súa elaboración e contido:



- Se teña en conta as distintas competencias que concorren, e a opinión das CC.AA, tal e como expresa a Constitución Española e o art 35 da LOPJ.
- Se manteñan a demarcación e planta vinculada aos territorios, con partidos xudiciais como estrutura territorial dos Tribunais de Instancia, mantendo desta forma os partidos xudiciais e suprimindo que o seu ámbito territorial sexa provincial. Deixando sen efecto a recentralización que leva a cabo nas capitais de provincia. Se manteña as Audiencias Provinciales e os Xulgados de Paz para evitar o afastamento e a concentración da administración de xustiza tan contraria aos intereses dos cidadáns, e buscando o consenso nas novas demarcacións, como poden ser os tribunais de base ou primeiro grado.

3. Implantar os Tribunais de Instancia simultaneamente co pleno despregue da nova oficina xudicial, co fin de garantir o completo desenvolvemento dos servizos comúns procesales e axilizar a xustiza, mellorando o servizo público.”

A Comisión Informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 23 de setembro de 2014, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-

SR. LÓPEZ FONT: Traemos esta moción dun debate que xa arrancou case hai un ano, no mes de maio do ano pasado porque a incerteza mantense en toda a xustiza, en todo o Estado español pero especialmente en situacións como a de Vigo dunha forma especial.

Dicía que arranca maio e presentáramos unha moción neste Pleno que foi aprobada para que Vigo mantivese o seu Partido Xudicial, posteriormente atopámonos o ano pasado cunha publicación na páxina web do Ministerio de Xustiza na que o proxecto de lei, aínda que logo deu moitas voltas o algunhas voltas, reafírmase en que este Partido Xudicial desaparecería e sería en favor dunha estrutura provincial e en favor de Pontevedra.

Precisamente por iso, traemos esta moción e cremos que hoxe este Pleno debe reafirmar de forma contundente a proposta que fixemos xa, en maio do ano pasado. O Partido Xudicial de Vigo data de hai 200 anos, funcionou perfectamente, achegou a xustiza aos cidadáns e polo tanto, cremos que é o modo e o sistema ideal. Porque este proceso de lei que está levando a cabo o Goberno, parécese

lamentablemente, moito á reforma da administración local, coas súas características de voltas e voltas, proxectos, comisións de expertos, declaracións contraditorias, algunha aparente concesión por parte do ministro, pero o que si é certo e que ao noso entender só esconden un horizonte que é debatela e buscar o mellor momento para os intereses do Partido Popular, non digo do Goberno nin digo da Nación, senón intereses partidistas, non pensando no interese xeral. Nós dende Vigo o que precisamente buscamos é o interese xeral.

Queremos evitar en similitude coa Lei de reforma de administración local que se repita esa xogada, agora todos se levan as mans á cabeza de non saber como aplicar esta reforma de administración local, pois xusto pasaría o mesmo con esta reforma da Xustiza, con esta reforma da Lei de demarcación e Planta Xudicial que condenaría á desaparición do Partido Xudicial de Vigo.

Tamén hai similitudes, esta tendencia a levalo todo ao provincial, a ese proceso de recentralización evidentemente é negativo. Nós na nosa moción pedimos retirar o proxecto, pedimos que haxa unha nova proposta e sobre todo que se enmarque dentro da Constitución e dentro do procedemento que se debe seguir.

Ese pronunciamento inequívoco que dicía anteriormente, o debe ser o mantemento polo Partido Xudicial de Vigo, e debe saír de aquí ao igual que tódolos sectores sociais, que tódolos colectivos da xustiza porque profesionais da xustiza, xuíces e órganos dos xuíces pronunciáronse clara e nitidamente por este mantemento. Para o Xuíz Decano de Vigo é inimaxinable, e sería unha catástrofe de continuar por esta vía e tamén para un vocal da Comisión de Expertos só sería unha decisión política que non se correspondería cos datos, porque os datos, evidentemente coñecémolos todos, pero non admiten dúbidas, a poboación de Vigo multiplica por tres a de Pontevedra, o número de casos que se tratan no Partido Xudicial en Vigo multiplican por cinco os que abordan en Pontevedra. Polo tanto, non teñen ningún sentido esta desaparición, este camiño cara esa recentralización da que falaba anteriormente. Nós mantemos unha posición favorable ao mantemento dos servizos públicos fronte á postura do Partido Popular en Xustiza, pero tamén noutros ámbitos de desmantelamento e privatización destes servizos e mantemos e insistimos niso nun concepto fundamental, que é esa proximidade dos servizos públicos, esa proximidade ao administrado e neste caso da xustiza, non hai ningún motivo obxectivo para que este camiño de facer desaparecer o Partido Xudicial se

materialice e por iso pedimos un pronunciamento claro e nítido deste Pleno do Concello.

SR. ALONSO PÉREZ: Coa intente cordial que neste momentos teñen o Partido Popular e o Partido Socialista estaría ben que, ademais de pagar cuestións que lle afectan ou que dependen doutras administracións, servira esta boa harmonía para que efectivamente desmandos, decisións que toma o Goberno do Estado se corrixiran, aproveitaran esta boa harmonía para que corrixiran que por exemplo Vigo se quede sen Partido Xudicial.

Quero lembrar que o Bloque Nacionalista Galego dende os primeiros momentos, dende que en febreiro do ano pasado os expertos fixeron a primeira aproximación da reforma da Lei Orgánica do Poder Xudicial xa nos manifestamos contrarios a esta reforma porque ademais de empeorar a xustiza recorta xulgados, cando o que hai que facer é todo o contrario, aumentalos. Xa daquela, o Bloque Nacionalista Galego preguntara no Parlamento do Estado, non lles parece un auténtico sen sentido privarlle a Vigo de Partido Xudicial? Saben que esta intención do Goberno desatou a alarma e as críticas de tódolos profesionais da xustiza porque se Vigo se queda sen Partido Xudicial podíase xerar un auténtico caos? Estas entre outras foron preguntas que a nosa parlamentaria a Sr. Olalla Fernández fixo no Parlamento do Estado. Posteriormente en decembro do ano pasado, por certo despois de estar asinada esta moción, tamén o Bloque Nacionalista Galego presentou unha iniciativa parlamentaria na Comisión de Xustiza, a parlamentaria Sra. Fernández para que non se levara a cabo esta proposta de reforma da demarcación e que ademais na elaboración do proxecto de lei de reforma da demarcación e planta, se teñan en conta as especificidades xeográficas, sociais e económicas propias das diferentes comunidades autónomas, de modo que se deseñe unha estrutura organizativa xudicial flexible, moderna e especializada en coordinación coas comunidades autónomas, con competencias transferidas á Sala do Goberno dos Tribunais Superiores de Xustiza e ó Concello Xeral do Poder Xudicial.

Tamén no Concello de Vigo, o Bloque Nacionalista Galego votamos a favor de mocións presentadas polo Partido Socialista e polo Partido Popular con emendas propias, na emenda dende o Bloque Nacionalista Galego solicitábase instar á Xunta de Galicia a reclamar do Goberno Estatal a paralización desta reforma, a

cumprir as obrigas estatutarias en materia de Xustiza e iniciar os trámites para a súa transferencia. Daquela no debate desta emenda, dicía a nosa compañeira Sra. Veloso, que agardábamos que o Partido Popular tivera algunha influencia sobre o ministro, xa que presentaban moción aquí contra as decisións do seu propio ministro. O que está claro é que non teñen absolutamente ningunha influencia porque hoxe neste debate presentan unha emenda á moción do Partido Socialista solicitándolle á Xunta de Galicia que interceda no ministerio, ou sexa non son capaces dentro do seu propio partido a solicitarlle ao seu propio ministro que teñen que pedir a intermediación da Xunta de Galicia.

Como se ve o Bloque Nacionalista Galego temos actuado dende tódolos fronts para paralizar esta reforma e imos votar a moción do Partido Socialista, agora ben non entendemos como o Partido Socialista na moción non presenta claramente que se manteña o Partido Xudicial de Vigo, non sei se é por esta nova situación que non queren molestar moito ao Partido Popular, que non fan claramente a petición de que se manteña ao Partido Xudicial de Vigo. Por isto, dende o Bloque Nacionalista Galego presentamos unha emenda que di instar ao Ministerio de Xustiza a manter o Partido Xudicial de Vigo.

SR. ÁLVAREZ PÉREZ: Sr. Font, é unha pena que non tiveramos a ocasión de debater con máis intensidade esta moción, cun pouco máis de anterioridade, hai un ano que tamén a presentamos nós, como ben sabe. Nós xa fixemos os nosos deberes hai un ano, cando houbo que facelo, pero non cunha moción, preparamos un arduo traballo liderado pola Comisión de Xustiza do Partido Popular de Vigo que se resume neste documento, que xa o preparamos hai un ano, en maio, no primeiro trimestre do 2013, parece ser que o Sr. Alonso non se decata, pero imos lembrarllo, este traballo foi entregado ao Ministro hai case un ano, concretamente enviouse este informe o 16 de maio do 2013 e aquí voulles ler unha rolda de prensa do 30 de maio do 2013, onde pon “Gallardón toma en consideración o informe do Partido Popular vigués sobre a reforma da planta xudicial” advirte “que non hai decisións tomadas e pide que a cidade lle faga chegar máis achegas”. Isto é do 30 de maio de 2013 o Ministro de Xustiza o Sr. Alberto Ruíz-Gallardón agradeceu nunha carta persoal ao presidente dos populares vigueses, o Sr. Figueroa, o informe elaborado pola Comisión de Xustiza do Partido Popular local onde se demostra a singularidade

de Vigo e a necesidade de manter e potenciar o seu actual Partido Xudicial.

Primeiro é a defensa de Vigo, Sr. Font, traballamos por e para Vigo por iso nos alegra que se sumen a unha iniciativa liderada e iniciada polo Partido Popular hai un ano, e por iso que consideramos que xuntos podemos chegar máis lonxe na defensa de Vigo. O que temos que facer é sumar e si imos votar a favor desta moción para manter a coherencia que levamos facendo e realizando dende hai máis dun ano neste tema, porque temos que pronunciarnos na defensa de Vigo.

Voulle ler as conclusións ás que se chegou no noso informe de hai máis dun ano, o Partido Popular de Vigo esixe que a modificación da Lei Orgánica do Poder Xudicial e a Lei de Demarcación e Planta non supoña en ningún caso a desaparición do Partido Xudicial de Vigo, así de tallantes, o principal fundamento desta reclamación como se desprende do presente informe é a importancia poboacional de Vigo, a súa actividade económica, empresarial e sobre todo a proporción entre o número de asuntos xerados neste Partido Xudicial e o resto de Partidos Xudiciais da provincia que sitúan a Vigo como un caso excepcional en España, esta excepcionalidade foi recoñecida incluso polo Comité de Expertos que asesora ao Ministro de Xustiza.

Entendemos polo tanto, de total xustiza e fundamento o recoñecer esta especialidade e excepcionalidade na cidade de Vigo e o seu equiparación ao que prevé o estudo dos expertos para os casos de Madrid e Barcelona, razóns de economía, equidade e respecto á realidade social, política e industrial da primeira cidade de Galicia e a decimo cuarta de España, levan á conclusión de pedir que se manteñan en calquera caso o Partido Xudicial de Vigo, así de contundentes, de rotundos e tallantes.

A continuidade do Partido Xudicial de Vigo levará consigo o mantemento das unidades xudiciais ou o aumento no seu caso, á hora de tomar decisións sobre calquera modificación da actual lexislación vixente. A permanencia e continuidade do Partido Xudicial de Vigo debe supoñer con calquera alteración do actual mapa xudicial o mantemento dos órganos xudiciais que ventilen a segunda instancia en todo tipo de procedementos, esta postura do Partido Popular de Vigo foi referendada polo Consello Xeral do Poder Xudicial e polo operadores xudiciais: maxistratura, avogados, procuradores, fiscais, funcionarios que verían unha solución bipolar para a provincia de Pontevedra como a máis ecuánime e adaptada

a súa realidade social, económica e política.

Este escrito, informe, documento foi remitido o 16 de maio do 2013 ao Ministro de Xustiza, nós fixemos os deberes pero non con palabras, con accións e nestes momentos non hai nin sequera un anteproxecto de lei e o que temos que facer é sumar forzas para conseguir que a situación en Vigo, que o Partido Xudicial de Vigo siga como está ou mellore. Iso é o que temos que facer.

SR. LÓPEZ FONT: Se esta é unha mañá de reivindicacións, paternidades sobre as iniciativas que tomamos cada un, pero eu quero reivindicar os que realmente estiveron dende o primeiro momento en contra do proxecto de Planta Xudicial e foi este grupo municipal que presentou unha moción no mes de maio aquí e en contestación ao Sr. Alonso, débolle dicir que xa naquela moción se dicía que se tería que manter o Partido Xudicial en Vigo, pero hai algo máis Sr. Álvarez en relación coa proposta que vostedes fixeron e é que dicíamos que en caso de que só houbo un Partido Xudicial debería ser o de Vigo. Recomendolle que se lea o diario de sesións do Congreso para ver as preguntas e as intervencións que fixera a miña compañeira a Sra. Silva, precisamente requirindo a que non se fixera esta modificación.

Debo dicirlle que é verdade que houbo unha carta de agradecemento, pero non queremos cartas de agradecemento do ministro, queremos que a vostedes lles contesten que efectivamente o que propoñen acéptanllo, porque cando se preguntou por parte da Sr. Silva non se contestou afirmativamente ao que vostedes propuxeron, ese é problema. Por iso, traemos hoxe esta moción porque si houbo un texto articulado na páxina web do ministerio, porque se houbo comparencias do ministro a petición da Sr. Silva e dalgún outro parlamentario máis e non foi o ministro absolutamente nítido. Vostede caeu na súa propia trampa, as cartas de agradecemento para o Partido Popular de Vigo valerán moito, pero para nós, para a cidade de Vigo o que vale realmente é que o Ministro conteste en sede parlamentaria de que non vai desaparecer o Partido Xudicial. Tivo cinco minutos e non me puido dicir cando manifestou isto o Ministro.

Polo tanto, esta é unha moción que nós presentamos en setembro e que trouxemos hoxe a este Pleno porque hoxe se manteñen tódalas incertezas. Aceptamos as dúas propostas adicionais que se nos fixeron dende o Partido Popular

e dende o Bloque Nacionalista Galego, a deste xa estaba aprobada no Pleno de maio deste Concello, pero efectivamente nós imos facer e queremos deste Pleno un pronunciamento claro e nítido porque é o que non tivo o Ministro, é a táctica habitual de facer unha proposta, de levalo como globo sonda, de intentar ver a reaccións dos sectores e hoxe o Ministro de Xustiza e o Goberno de España deben saber que esta cidade, os vinte e sete concelleiros que compoñen esta Corporación estamos en contra de que desapareza o Partido Xudicial de Vigo. Se van pola vía provincial e teñen que haber un só, que sexa o de Vigo.

PRESIDENCIA: Rematado o debate procedemos a votar as emendas presentadas polo Bloque Nacionalista Galego e polo Partido Popular antes de acometer a votación do texto da moción. Iniciamos coa emenda do Bloque Nacionalista Galega, que é de engádeda.

No transcurso do debate, o concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Alonso Pérez, presenta a seguinte emenda de engádeda,

4º.- Instar ao Ministerio de Xustiza a manter o Partido Xudicial de Vigo.

Así mesmo, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Alvarez Pérez, presenta outra emenda de engádeda que di o que segue,

.- Instar á Xunta de Galicia -unha vez que se presente o anteproxecto de Lei de Demarcación e Planta- a realizar as xestións oportunas co Ministerio de Xustiza para o mantemento dos órganos xudiciais que actualmente desenvolven as súas funcións no Partido Xudicial de vigo, defendendo as características do territorio galego, co obxectivo de configurar un modelo de demarcación e planta equilibrado, racional, que garanta o dereito fudamental á tutela xudical efectiva.

Ao seren aceptadas as anteriores emendas polo relator da moción, Sr. López Font, a Presidencia somete a votación as anteriores emendas.

VOTACIÓN DA EMENDA DO BNG: Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e feito, acórdase aceptar a

emenda de engádeda.

VOTACIÓN DA EMENDA DO PARTIDO POPULAR: Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e feito, acórdase aceptar a emenda de engádeda.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a moción presentada, en data 29.09.2013 (Rex. Nº 739/1101) polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, engadindo as emendas presentadas polos concelleiros do grupo municipal do BNG e Partido Popular, resultando o seguinte texto:

1. Desestimar e non levar a efecto as propostas de reforma da Lei de Demarcación e Planta Xudicial e a Lei Orgánica do Poder Xudicial feita pública na páxina web do Ministerio de Xustiza.

2. Presentar unha nova proposta de reforma na que na súa elaboración e contido:

- Se teña en conta as distintas competencias que concorren, e a opinión das CC.AA, tal e como expresa a Constitución Española e o art 35 da LOPJ.
- Se manteñan a demarcación e planta vinculada aos territorios, con partidos xudiciais como estrutura territorial dos Tribunais de Instancia, mantendo desta forma os partidos xudiciais e suprimindo que o seu ámbito territorial sexa provincial. Deixando sen efecto a recentralización que leva a cabo nas capitais de provincia. Se manteña as Audiencias Provinciales e os Xulgados de Paz para evitar o afastamento e a concentración da administración de xustiza tan contraria aos intereses dos cidadáns, e buscando o consenso nas novas demarcacións, como poden ser os tribunais de base ou primeiro grado.

3. Implantar os Tribunais de Instancia simultaneamente co pleno despregue da nova oficina xudicial, co fin de garantir o completo desenvolvemento dos servizos comúns procesales e axilizar a xustiza, mellorando o servizo público.”

4. Instar ao Ministerio de Xustiza a manter o Partido Xudicial de Vigo.



5. Instar á Xunta de Galicia -unha vez que se presente o anteproxecto de Lei de Demarcación e Planta- a realizar as xestións oportunas co Ministerio de Xustiza para o mantemento dos órganos xudiciais que actualmente desenvolven as súas funcións no Partido Xudicial de vigo, defendendo as características do territorio galego, co obxectivo de configurar un modelo de demarcación e planta equilibrado, racional, que garanta o dereito fundamental á tutela xudicial efectiva.

**5.2(47).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DA XUNTA DE GALICIA QUE INCLÚA NO CURSO 2014-15 O CICLO SUPERIOR DE IMAXE NA OFERTA EDUCATIVA DO IES AUDIOVISUAL DE BOUZAS EN VIGO. EXPTE. 864/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de marzo de 2014, número 864/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Díaz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Inaugurado este centro no ano 2005, tivo que compartir durante os seus primeiros anos de funcionamento as súas instalacións coa Escola de Arte Drámatica ata que esta se trasladou a Navia. Dito traslado supuxo a liberación duns espazos educativos, pero tal feito non foi acompañado, como sería desexable e ademáis necesario para atender a demanda, dunha ampliación da oferta educativa.

A oferta foi aumentando, primeiro con Son, logo con Producción e finalmente con Realización, pero bótase en falla o ciclo de Imaxe que permitiría pechar o “produto industrial”, pois o centro forma alumnado para producir eventos, para poñerlles son e poden realizar videos, pero faltalles a especialidade de imaxe. Especialidade, por certo, que é a que máis saída profesional ten hoxe en día.

Deste xeito, os xoves vigueses que queren cursar esta especialidade ou ben optan po matricularse no centro de A Coruña ou teñen que matricularse en centros privados. Ademais este tipo de estudos nestes centros privados supoñen uns custos moi elevados que a maioría das familias non poden afrontar.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte

ACORDO

– Instamos a Consellería de Educación da Xunta de Galicia que inclúa no curso 2014-15 o Ciclo Superior de Imaxe na oferta educativa do IES Audiovisual de Bouzas en Vigo, tendo en conta que as instalacións permiten a impartición do referido ciclo formativo.”

A Comisión Informativa de Economía, Facenda, Patrimonio e Educación, na súa sesión ordinaria do 21 de marzo de 2014, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: O Instituto de audiovisual de Vigo, o IES de Bouzas, foi creado no ano 2005, e tivo que compartir durante os seus seis primeiros anos de funcionamento as súas instalacións coa Escola de Arte Dramático ata que esta se trasladou a Navia, dito traslado supuxo a liberación duns espazos educativos, pero tal feito non foi acompañado como sería desexable e ademais necesario para atender a demanda dunha ampliación da oferta educativa. A oferta foi aumentando primeiro co ciclo superior de son, logo co ciclo superior en produción de audiovisuais, radio e espectáculos e finalmente con realización, pero vótase en falla o ciclo de imaxe que permitiría pechar o produto industrial, pois o centro forma alumnado para producir eventos para poñerlle son e poden realizar vídeos. Pero fáltalles a especialidade de imaxe, especialidade por certo que é a que máis saída profesional ten hoxe en día, deste xeito vemos como moitos dos xoves vigueses que queren cursar esta especialidade ou ben optan por matricularse no centro de A Coruña ou teñen que matricularse en centros privados. Ademais este tipo de estudos nestes centros privados supoñen uns custos moi elevados que a maioría das familias e máis nesta situación de crise, non poden afrontar.

O IES de Bouzas, o Instituto Audiovisuais de Vigo, conta agora mesmo con 4.500 metros cadrados, unhas instalacións magníficas en perfecto estado, uso que poden ademais acadar perfectamente este novo ciclo. Vemos como este Instituto vigués consta na actualidade con 219 alumnos matriculados que son máis do dobre do que había hai dous anos académicos, onde había noventa matriculados, en

definitiva unha educación de calidade que fan posible o equipo directivo e tamén os mestres. É por isto que queremos propoñer ao Pleno da Corporación porque realmente o que hoxe se pide aquí non é mais dun investimento de entre 50.000 e 90.000 euros, que significaría montar un estudio de televisión que sería a adquisición de material de iluminación e tamén a adquisición de cámaras, e ademais hai un risco engadido, porque en Santiago de Compostela, que tampouco contan con este ciclo, están comezando a demandar o ciclo superior de imaxe co cal nos atoparíamos na provincia de A Coruña con dous centros que impartirían esta docencia mentres que na nosa provincia non o habería.

Polo tanto, reitero a nosa demanda de instar á Consellería de Educación da Xunta de Galicia que inclúa no curso do 2014-2015 o ciclo superior de imaxe na oferta educativa do IES audiovisual de Bouzas en Vigo, tendo en conta que as instalacións permiten a impartición do ciclo formativo.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Dende o Bloque Nacionalista Galego imos apoiar esta moción como non podía ser doutro xeito cando falamos da potenciación, ampliación da oferta nos centros públicos da nosa cidade. Sempre defenderemos, repito, calquera ampliación que signifique aumentar a demanda e a oferta nos centros públicos da nosa cidade, como alternativa ás políticas educativas de recortes que tanto nos están afectando e que xa por desgracia nos imos empezar a acostumar a esas políticas que o Partido Popular está facendo unha tras outra e tras outra. Ademais disto, efectivamente, estamos a falar dun centro público emblemático na nosa cidade, posto que falamos dunha especialidades que durante moito tempo na nosa cidade só se impartían en centros privados moi significados ademais, e como ben dicía o concelleiro con grandes custes que non se podían afrontar polas familias.

Un centro ademais que foi conseguido tamén cun gran esforzo de toda a comunidade educativa da nosa cidade, que tivo ademais un camiño e un percorrido moi dificultoso, hai que lembrarse que xa daquela cun Alcalde nacionalista como o Sr. Lois Pérez Castrillo e unha concelleira nacionalista tamén, como a Sra. Ana Gandón, iniciáronse as conversas para convencer a Xunta de Galicia para convencer a autoridade portuaria etc. para que estas especialidade se puideran implantar na nosa cidade.

Unha vez que temos a Escola de Arte Dramático na súa propia situación en Navia, sería moi positivo para todos e todas, que os mozos/as puideran beneficiarse da ampliación deste ciclo superior de imaxe. Como se ven repetindo nas últimas semanas, en tempos de negociacións, en que este Goberno Municipal está facéndolle moitos favores á Xunta de Galicia pagándolle incluso cousas que non debería, a ver si se nos devolven parte destes favores tamén aumentándonos a oferta educativa na nosa cidade, que sería unha boa forma de agradecer a este goberno estas outras cousas que se está facendo pola Xunta de Galicia.

SR. RELOVA QUINTEIRO: Da mesma forma que comecei o outro día falando hai un mes, da defensa do grado profesional en música nesta cidade, comezo coa mesma frase, esta moción que presenta hoxe o grupo municipal do Partido Socialista invita, se mo permiten, a facer unha profunda reflexión e lembrar primeiro, o que xa forma parte da memoria viva desta cidade e segundo, da exemplar, modélica actitude dos políticos e da cidadanía cando deben de comprometerse todos nos logros pola educación e a cultura. En efecto, como a outra vez o Sr. Rodríguez Díaz reprochábame que non me manifestei cando si dixeramos que votabamos a favor, dende o principio díxenlle que en efecto votamos a favor a esta moción que vostedes presentan.

A min o que me sorprende é comprobar que a defensa que fai o Sr. Rodríguez Díaz desta moción é un corta e pega dunha noticia que sae no Faro de Vigo o día 12 de novembro 2013, a min paréceme moi pouco serio que un concelleiro de Educación lle fixeran esta faena, un corte e pega dunha noticia publicada no Faro de Vigo, isto é un pouco plaxio.

A foto do 2005 en novembro, é unha foto que tan a súa importancia, a inauguración desta escola tan importante xa emblemática, exemplar e profesional, é a foto da Sra. Corina Porro inaugurando esta escola e o Sr. Touriño, presidente da Xunta de Galicia naquel momento. En efecto a xestión da Sra. Ana Gandón foi determinante para que esta escola exista hoxe en Vigo. Pero ocorre algo increíble tamén, aparte de que estea a Sra. Porro, o Sr. Touriño e que estean políticos con responsabilidade de querer facer as cousas, é que estamos nun escenario que historicamente esta cidade dende os conservatorios superior, grao medio, profesional, privados, etc. escolas de música, Escola Municipal de Musica, de Danza

etc. nos convertemos na primeira potencia nesta cidade no que é os medios audiovisuais, o talento creativo, o exemplar e modélico esforzo que fai a xuventude nesta cidade por loitar, por crear, por expoñer os seus talentos, a veces os políticos, as administracións non somos conscientes deste gran esforzo.

A Consellería de Educación dixo que si ao estudo e á implantación desta nova especialidade porque sabe que hai unha alta demanda, hai espazos, hai cualificación, hai un equipo directivo que traballa e se esforza por estes logros e por esta xuventude. En efecto, a Consellería de Educación igual que o Goberno do Sr. Feijóo está moi pendente, non das próximas eleccións senón das futuras xeracións e da formación das xeracións na educación. Iso son piares indiscutibles dentro dun programa dun presidente, dunha Xunta de Galicia que se preocupa dos piares da educación e da cultura.

Nós temos moitas ideas, o Partido Popular, pero como esperamos gobernar a partir do 2015 eu voulle dar algún apunte, Sr. Rodríguez Díaz, e dende logo coa venia do Sr. Rodríguez Escudero, pero hai que facer un tipo de xestión cultural e educativa dada a forte creatividade, o forte talento que hai nesta cidade, nesta xuventude. Hai que facer un esforzo por unir e sobre todo Sr. Rodríguez Díaz, eu creo que é moi fácil e moi cómodo vir a un Pleno con mocións que lle preparan outras persoas, vir a dicilas aquí cando o fácil sería chamar ao Sr. Vázquez, Conselleiro de Educación e Cultura, sentarse a falar e xestionar, levar nunha carpeta unhas cantas propostas porque eu creo que non lle dixeron, non lle asesoran ben que en efecto a Consellería de Educación está estudando para poñer a imaxe dentro da escola.

Pero tamén é certo, e mire ao redor súa, primeiro, a forza do audiovisual que ten nesta cidade, segundo, o fenómeno que aconteceu en Tui no Play-Doc que é un dos dez mellores festivais do mundo de documentais e o que pasa no Cans de aquí, non no de Francia, temos demasiadas proxeccións educativas, culturais, talentos, creatividade, iniciativas, etc. e pregúntome por que o Concello de Vigo non aparece neste tipo de dinámicas culturais educativas que tanta esperanza e tanto talento e tanto traballo xeraría aos mozos, esperanza, creatividade, traballo e ilusionarse por unha cidade que crece a empuxóns como esta crescendo.

Apoiamos en definitivamente á escola.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Sr. Relova, vostede sempre se escapa polas ramas e ao final

non dixo se a vai apoiar ou non a vai apoiar. Sabe o que fai a Xunta de Galicia nesta cidade cando acoden a solicitarlle axudas porque os votan das casas, os deixan na rúa ou cando os traballadores teñen problemas e acoden alí á Xunta de Galicia? Teñen tres respostas, unha, ou non os reciben, a segunda, chaman á policía e os mandan ao xulgado, ou terceira, lles din tes razón como neste caso, pero non temos cartos, isto é o que lle din aquí. Sr. Relova, este Alcalde coñece de primeira man todo o que sucede e tamén neste Instituto.

Estivemos nunha xuntanza co equipo directivo aquí no Concello e ademais na semana pasada tivemos a oportunidade de clausurar unhas xornadas sobre “vídeo curriculum” onde foron apoiadas polo Alcalde o Sr. Abel Caballero, e onde puideron facer prácticas os alumnos e mais desenvolves con outros concellos, eu si estiven alí, vostede non estaba. Vin as instalacións das que falei aquí, as aulas, estiven co equipo directivo e cos alumnos, vostede ese día das xornadas non estaba por alí. Vostede poderá dicir que eu traio os datos de onde lle dea a gana, que me fixeron ou o que vostede queira, pero vostede non foi capaz de rebater que hai un número de alumnos que os multiplicaron por tres en dous cursos lectivos, que hai un equipo directivo e un equipo docente extraordinario que fai posible que este ensino público teña tanta e tan boa aceptación, iso no foi capaz de rebatelo.

Polo tanto, vostedes o que teñen que facer é chamar a ese conselleiro que en vez de dicir tede razón, hai que poñelo pero non hai cartos, que diga a terceira pata que falla que é que poñan cartos.

En canto aos señores do Bloque Nacionalista Galego ,eu agradézolle tamén esa achega, pero eu creo que cando vostedes falan así con ese “ritintín” quérolle lembrar aos señores do Bloque Nacionalista Galego que vostedes que si apoiaron e pactaron co Partido Popular documentos de largo recorrido como o PXOM, o Plan de Ordenación Urbana ou sexa que non veñan vostedes aquí tirando “chinitas”. E na Deputación de Pontevedra, aquilo é un compadreo, “amiguismo” do Partido Popular co Bloque Nacionalista Galego, por exemplo á Sra. Veloso eu nunca a escoitei falar na Deputación de Pontevedra, nin pedir nada para Vigo, eu si teño pedido para Vigo, por iso aparezo nas actas defendendo e reivindicando para Vigo, á Sra. Veloso nunca a escoitei en tres anos falar na Deputación.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a moción presentada en data 21.03.2014 (Rex. Nº 864/1101) polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Díaz, instando o Ciclo Superior de Imaxe na oferta educativa do IES Audiovisual de Bouzas en Vigo, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**5.3(48).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO MINISTERIO DE FOMENTO A CREACIÓN DUNHA COMISIÓN DE SEGUIMIENTO NA ESTACIÓN DO AVE DE VIGO E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 865/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de marzo de 2014, número 865/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Díaz, formula a seguinte,

MOCION

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O alcalde de Vigo, Abel Caballero, reuniuse cos principais sindicatos -CC.OO., UGT, e CIG- para confirmarlles os investimentos en humanizacións que se executarán cos novos Orzamentos e que nas obras adxudicadas polo Concello de Vigo non se realizan horas extras, nin traballos en domingos e festivos, así como que as novas contratacións se realicen a través das oficinas do INEM de Vigo.

Ademais atenderase á garantía de que as empresas cumpran coa prevención de riscos laborais, que non excedan as súas horas de traballo das oito reguladas, para que o emprego se reparta entre as empresas para a reactivación de la economía e o emprego.

Pola contra, nas obras de construción da estación do AVE, os sindicatos denunciaron a realización de horas extras e traballos en domingos e festivos, e que se poña fin a esta práctica.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte

#### ACORDO

– Instar ao Ministerio de Fomento á creación dunha comisión de seguimento na estación do AVE de Vigo, o cumprimento do Convenio Colectivo Provincial da Construción, o cesamento dos traballos en domingos e festivos e a paralización das horas extraordinarias, así como que as novas contratacións se fagan a traves da oficinas do INEM de Vigo.”

A Comisión Informativa de Fomento, na súa sesión ordinaria do 21 de marzo de 2014, ditaminou favorablemente a anterior moción.

#### DEBATE.-

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Recentemente as organizacións sindicais máis representativas da nosa cidade, a Unión Xeral de Traballadores, Comisións Obreiras e a CIG, pediron unha xuntanza co Alcalde para poder trata fundamentalmente sobre o sector da construción na nosa cidade, fundamentalmente nas obras que se están a desenvolver no noso termo municipal, pero que non son competencia municipal. Eles o que veñen a reivindicar fundamentalmente e na estación de Urzáiz do AVE, onde denuncian de que as empresas non queren chegar a acordos con eles para unha comisión de seguimento que poida garantir un reparto do tempo do traballo entre todos, que deixe fundamentalmente de traballar en domingos e festivos, de realizar horas extraordinarias e tamén que se cumpra o convenio colectivo da construción. Unha reivindicación que o Alcalde o Sr. Abel Caballero entendeu que é máis que lexítima, lóxica e xusta e polo tanto mostroulles todo o seu apoio, lembrando que no noso Concello, dende o ano 2008 existe unha comisión de seguimento para as obras que se desenvolvan no noso municipio de competencia municipal e ademais, os sindicatos teñen unha dotación económica para financiar, cada un deles, un traballador técnico en Saúde e Seguridade para que poida facer un seguimento con garantías desas obras. Ademais as empresas teñen que deixar a estes representantes dos sindicatos a acceder aos lugares de



traballo para poder facer ese seguimento, que viñan a pedir que iso se traslade tamén á estación do AVE. Dende logo este Goberno Municipal entendemos que é unha obra que vai ben, sobre prazos, onde a Ministra de Fomento está cumprindo, pero é unha suxestión que nos fan as organizacións sindicais e que entendemos que deben ser atendidas.

Ademais, hai outra obra importante na nosa cidade como é a da depuradora, onde se viñan realizando horas extraordinarias, onde se viñan facendo traballados en domingos e festivos e onde a iniciativa do Concello de Vigo conseguiu que se poida ter esa comisión de traballo co noso representante o Sr. Regades e os sindicatos xa recoñecen hoxe, que se avanzou e que non se traballa en domingos e festivos, cúmprese o convenio colectivo e non hai horas extraordinarias, que ao final é o vimos demandando os Socialistas, que é o que veñen demandando as organizacións sindicais, que haxa o reparto dese tempo de traballo, que poida haber dúas ou tres quendas e que poida haber máis persoas traballando. Tamén que eses traballadores sexan solicitados das oficinas de emprego.

Polo tanto, neste sector o sector da construción, que é un sector especialmente castigado pola crise, no noso municipio temos 3.145 desempregados neste sector, cremos que é moi importante que en obras desta envergadura se leve a cabo ese reparto do tempo de traballo. Por iso, que instamos ao Pleno municipal do Concello de Vigo a que inste ao Ministerio de Fomento a creación dunha comisión de seguimento na estación do AVE de Vigo, o cumprimento do Convenio Colectivo provincial da Construción, o cesamento dos traballos en domingos e festivos e a paralización das horas extraordinarias, así como que as novas contratacións se fagan a través das oficinas do INEM de Vigo.

SR. ALONSO PÉREZ: Non entendo moi ben esta moción, porque a min o que me trasladan os sindicatos non é exactamente o que está dicindo o Sr. Rodríguez Díaz. Efectivamente, pediron unha entrevista co Alcalde, a tiveron, esixiron que se cumpriran unha serie de normas nas obras da estación, pero tamén pediron que nas obras que realiza o Concello de Vigo se teña en conta unha serie de cláusulas sociais que non se están tendo en conta, e que ademais o Sr. Regades ou Sr. Rodríguez, os chamaría para incluír esas normas nunha comisión no Concello de Vigo, e están á espera desa chamada. Iso é o que me transmiten a min, que están

á espera desa chamada, Sr. Alcalde, que non se cumpriu o que se acordou nesa reunión.

Efectivamente, nós estamos a que se cumpran as normas laborais nas obras do AVE, que reduzan horas extras, que non se traballe sábados e festivos pero é que hai que ir moito máis alá. Eu se queren pásolles cales son as normas que ten a Deputación Xeral de Guipúscoa para a contratación e é todo unha serie de normas sociais onde se regula cales son as obrigas da contrata, cales son as normas que teñen que ter a nivel de seguridade e hixiene no traballo, de formación, de contratación de xente con discapacidade, de igualdade na contratación de home e muller facilitando tamén ao acceso da muller á contratación conciliando a vida laboral, se queren lles paso cales son as normas da contratación da Deputación de Guipúscoa.

En todo caso, o que non nos interesa é que se cumpra o convenio colectivo, que se cumpra en materia de seguridade laboral en tódalas obras nas que realice o Ministerio, pero tamén nas contratas do Concello de Vigo. Polo tanto, o que teñen que facer é que o que a min me trasladan os sindicatos de que os chamen para poñerse de acordo nas cláusulas sociais que hai que cumprir nas obras do Concello de Vigo.

Teño unha emenda que recolle tamén que estas cuestións se cumpran na contratación do Concello de Vigo.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: En primeiro lugar, anunciar que nós esta moción ímola votar en contra, por unha serie de argumentacións que imos expoñer aquí. En primeiro lugar, os sindicatos non se puxeron en contacto co Grupo Municipal do Partido Popular, polo tanto estes coñecementos que temos a través da moción e das súas exposicións nós non os coñecemos de primeira man.

En segundo lugar, hai un organismo oficial para detectar irregularidades nos traballos, que é a Inspección de Traballo, polo tanto, se se comete algunha irregularidade a Inspección de Traballo debería sabelo e os sindicatos deberían poñelo en coñecemento.

Noutro índice de cousas que expuxeron o tema das horas extras, traballar en festivos, é un tema que neste momento está permitido pola lexislación laboral e polo tanto non é ilegal, outra cousa é que os traballadores coa empresa acorden

outro tipo de horarios ou de traballo. A verdade que esta obra polas súas dimensións e aspectos técnicos precisa moitas veces de traballos consecutivos, de non poder pararse, teño aquí algunhas fotografías por se acaso vostedes non coñecen as dimensións da obra, quizais para instalar este tipo de vigas, para facer este tipo de traballos non se poida parar e por iso é necesario en moitas ocasións ter que estar traballando en quendas de maneira consecutiva e seguida, e se coincide quizais en domingo ou festivo non é posible a paralización da obra porque sería un atraso e quizais perigoso para o que é o procedemento da propia infraestrutura.

En terceiro lugar, é unha obra dunhas dimensións bastante elevadas, que non está causando problemas na cidade, e nós neste caso cremos que esta moción é un compromiso persoal do Grupo Municipal do Partido Socialista, o do Alcalde cos sindicatos, é un compromiso para presentar neste caso este tipo de comisións que cremos que non é neste momento oportuno, porque ademais lembramos tamén que si que hai informes dos sindicatos en determinadas obras que se fixeron no Plan E, que denunciaban este tipo de cousas e que vostedes miraron para o outro lado. Co cal nós, dunha forma sensata e coherente, cremos que este non é organismo para facer esa comisión, que a Inspección de Traballo se detecta que hai irregularidades debería poñelas en coñecemento dos cidadás, dos sindicatos e actuar nese sentido, e logo hai aspectos puntuais como contratar persoas de Vigo que poderían ser e poderían terse en conta, pero non é necesario nin presentar unha moción nin ter que aprobar neste Pleno Municipal a creación de dita comisión. Insisto en que é unha obra que vai a bo ritmo, xa o recoñeceu vostede, se vai a bo ritmo é porque precisamente non para festivos e porque as horas extra están contempladas de forma legal e están en transcurso, en funcionamento permanente, é unha obra dunhas dimensións que non pode ter paradas de 24 a 48 horas e incluso por exemplo, en pontes como a que acabamos de pasar tería moito atraso. O que queremos todos os vigueses é que o AVE teña unha estación e que chegue a tempo e en prazo.

Nós neste índice de cousas só dicir que a emenda de engádeda á moción que presenta o Bloque Nacionalista Galego na mesma liña, o Sr. Rodríguez Díaz fala de que hai unha comisión, pero eles insisten, se van pedir unha comisión para o AVE tamén é normal que a soliciten para as obras desta cidade, nós non temos

coñecemento. Imos votar en contra de tódolos xeitos porque non temos coñecemento das peticións dos sindicatos, non se puxeron en contacto con nós polo tanto se os traballadores precisan axuda da Corporación Municipal deben facer a súa petición a tódolos Grupos Municipais representados neste Pleno Municipal e non só os que lles conveña.

Polo tanto, imos votar en contra, cremos que é unha obra que vai a bo ritmo, cumpre a lexislación laboral vixente e tampouco temos moito máis que debater.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Respecto á emenda que presenta o Bloque Nacionalista Galego non foi o que nos pediron os sindicatos, eu estiben presente na reunión e os que viñeron aquí a falar co Alcalde non propuxeron o que vostede está a falar, a ver se hai algún outro que fala con vostede que non estivo na xuntanza. Isto que vostedes presentan estase facendo dende 2008 e ademais con financiamento para os sindicatos que teñan unha persoa titulada en Saúde e Seguridade para que poida facer ese seguimento.

Despois están as peticións que fixeron hai dez días Sr. Alonso, estes representantes sindicais e que dende logo algunhas son que teñen que incluírse en pregos de condicións que haberá que analizar a legalidade e polo tanto, se lles vai a contestar, dez días foi o que levamos dende aquela xuntanza porque nós si que lle contestamos aos sindicatos e se lle damos resposta, non facemos como outros.

Señores do Partido Popular, vostedes non entenderon, a proposta que nós facemos é de reparto do tempo de traballo, que se pode facer perfectamente e está contemplado na normativa señores do Partido popular, que hai certos traballos que non poden parar, cando se formigona non se pode parar, aquí o que se está propoñendo que se fagan quendas, que haxa unha repartición de tempo, máis homes e mulleres coa posibilidade de traballar nunha gran obra.

Polo tanto, e fíxese se coñecemos ben esa obra que foi contrata polo, naquel momento, o ministro o Sr. Blanco, neste sentido si coñecemos ben isto.

Señores do Bloque Nacionalista Galego nós cumprimos cos sindicatos, con todos, dende logo na depuradora que é unha das grandes obras que se está a facer existe esa comisión de seguimento, chegaron a un acordo coas empresas, coa Xunta de Galicia e con Fomento e alí se hai un reparto de tempo de traballo. Ademais eu quéroilles lembrar tanto ao Bloque Nacionalista Galego e ao Partido Popular, aos

sindicatos, ás organizacións sindicais cando teñen problemas veñen aquí, e dinlle ao Alcalde que “xa sabemos que non é túa a competencia Sr. Alcalde, pero queremos o teu apoio” e así tiveron ese apoio no tax-lease recoñecido polo tres sindicatos, así tiveron o apoio os traballadores/as de POVISA, recoñecidos polos sindicatos. Polo tanto, non veñan vostedes aquí a manipular estas cuestións.

En definitiva, o que lle é pedimos que apoiem esta moción que é xusta, lexítima e que o único que pide é que haxa máis quendas de traballo na obra do AVE, que se reparta ese tempo de traballo, que non haia horas extraordinarias, que se cumpra o convenio colectivo e que exista esa comisión de seguimento. En definitiva que sexan atendidos, e reiterar que nós, como Grupo Municipal Socialista e como Goberno estamos satisfeitos de como está indo o desenvolvemento desta estación que efectivamente se está a cumprir.

VOTACIÓN: Con dez votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, tres abstencións dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a moción presentada polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Díaz, en data 21.03.2014 (Rex. Nº 865/1101), instando ao Ministerio de Fomento a creación dunha Comisión de Seguimento na Estación do AVE en Vigo e outros acordos complementarios, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

PRESIDENCIA: Pasaremos nota ás tres centrais sindicais da votación, os que a apoiaron a súa proposta, os que a rexeitaron e os que se abstiveron e as razóns polas que esta proposta de UXT, Comisións Obreiras e a CIG, foi rexeitada neste Pleno cos votos en contra do Grupo do Partido Popular, coa abstención que non apoiou a proposta da CIG, de UXT e de Comisións Obreiras non apoiada polo Bloque Nacionalista Galego e o apoio do Partido Socialista á proposta da CIG, de Comisións Obreiras e da UXT.

#### **6.- ASUNTOS OU MOCIÓNS URXENTES.**

Non houbo.

### **PARTE DE CONTROL**

#### **1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.**

##### **1.1(49).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.**

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 20 de febreiro e 20 de marzo de 2014.

##### **1.2(50).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS.**

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó

correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 22 de febreiro e 20 de marzo de 2014.

## **2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.**

## **3.- COMPARECENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.**

Non se realizaron.

## **4.- MOCIÓNS.**

### **4.1(51).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A DEDICAR AS VIVENDAS DE PROPIEDAD MUNICIPAL SITUADAS NA RÚA REPÚBLICA ARXENTINA 12-14 A USOS SOCIAIS. EXPTE. 853/1101**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 6 de marzo de 2014, número 853/1101, a voceira do grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, formula a seguinte,

#### MOCIÓN

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Vigo posúe 40 vivendas nos números 12 e 14 da rúa República Arxentina que están sendo arranxadas neste momento para poder ser habitadas logo de reparar as deficiencias que se produciron por estaren pechadas moitos anos. No mes de xuño de 2013 o BNG preguntou en xerencia de urbanismo que uso pretendía darlle a estes pisos o goberno local e a resposta foi "está en estudo". Posteriormente, no mes de outubro de 2013 celebrouse un consello extraordinario da xerencia no que compareceu a concelleira de urbanismo para explicar o uso destas vivendas e, de novo, volveu esquivar a resposta limitándose a expoñer os longos trámites de regularización da propiedade destas vivendas pero adiando a súa resposta ao momento en que estes remataran, cando ADIF aceptase a

transmisión de 10 dos 50 pisos de propiedade municipal. Ata ese momento, segundo se trasladou aos medios de comunicación, as posibilidades que se estaban valorando eran varias, desde realoxamentos a persoas desafiuzadas, a alugueiro a mozos e mozas a prezos accesíbeis ata a venda de parte dos pisos, pero sempre sen concretar ningunha opción. Mesmo chegou a dicirse que se consultaría con colectivos da cidade sen que saibamos realmente se houbo algunha consulta, con que colectivos e cal foi a súa resposta. A única resposta contundente por parte da concelleira Carmela Silva foi que os pisos de Rosalía "serán para uso dos vigueses". Agora parece que isto xa non vai ser así. O PSOE e o PP coinciden en desprenderse do patrimonio municipal malvendéndoo para obter os cartos que paguen os terreos da Cidade de Xustiza, unha infraestrutura necesaria na cidade que leva anos paralizada polos constantes enfrontamentos entre a Xunta e o Concello e que, ao contrario que noutras cidades do país, non foi aínda resolta afondando na precariedade dos servizos de xustiza na cidade galega que máis actividade e necesidades ten.

O BNG rexeita totalmente a perda de pisos dos vigueses e das viguesas, que poidan ser malvendidos na situación actual do mercado inmobiliario, especialmente tendo en conta a difícil situación que atravesamos a nosa cidade, dramática para moitas familias. En 2013 producíronse 530 lanzamentos, o dobre dos que se produciran en 2008, cando comezou a crise, aumentando cada ano. Só se produciu un leve descenso en 2013, cando a modificación da lei hipotecaria e as decisións de varios xulgados de dar a razón aos prexudicados permitiron paralizar algúns desafiuzamentos. Porén no segundo semestre produciuse un repunte porque a día de hoxe son máis os desafiuzamentos por impago de alugueres que de hipotecas. Nesta situación non entendemos que o concello posúa vivendas "para o uso dos vigueses", como dixo a propia concelleira de urbanismo, e se desfaga delas.

Por todo o exposto, propoñemos ao pleno municipal o seguinte

ACORDO:

Instar ao goberno municipal a dedicar as vivendas de propiedade municipal situadas na rúa República Arxentina 12-14 a usos sociais."

A Comisión Informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión ordinaria do 21 de marzo de 2014, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-

SRA. VELOSO RÍOS: O Concello de Vigo posúe corenta vivendas nos números 12-14 da rúa República Arxentina que están sendo arranxadas agora mesmo para facelas



habitables despois de estar moitos anos pechadas. No mes de xuño de 2013, o Bloque Nacionalista Galego preguntou na Xerencia de Urbanismo que uso pretendía darlle o Goberno a estes pisos, e a resposta de aquela foi que estaba en estudo. Posteriormente no mes de outubro de 2013 realizouse un Consello Extraordinario da Xerencia de Urbanismo, no que compareceu a concelleira de Urbanismo para explicar o uso destas vivendas e, de novo, volveu a esquivar a resposta limitándose a expoñer os longos trámites de regularización da propiedade destas vivendas, pero retrasando a súa resposta ao momento en que todos estes trámites remataran, cando Adif aceptase a transmisión de dez dos cincuenta pisos que eran de propiedade municipal.

Ata ese momento, mentres o Goberno Local non deu resposta na Xerencia de Urbanismo, si se trasladou aos medios de comunicación distintas posibilidades que estaban valorando dende o Goberno Local, dende realoxamentos a persoas desafiuzadas, a alugueiro para mozos/as da cidade a prezos accesibles, mesmo á venda de parte dos pisos, pero sempre sen concretar ningunha opción a pesares da insistencia do Bloque Nacionalista Galego preguntando polo uso destas vivendas. Nós non entendíamos que este Goberno contase con corenta vivendas de propiedade municipal e que estiveran pechadas sabendo como hai unha necesidade de vivendas para as familias da nosa cidade. Mesmo o Goberno chegou a dicir que se consultaría con colectivos da cidade e nós realmente non sabemos si houbo algunha consulta, con que colectivo e cal foi a súa resposta porque tampouco se trasladou. A única resposta contundente que houbo iso si, por parte da concelleira a Sra. Silva, foi que os pisos de Rosalía serían para o uso dos vigueses, agora parece que isto non vai ser así, o Partido Socialista e o Partido Popular coinciden aquí, a pesares das denuncias anteriores que facía o Partido Popular, agora si coinciden en desprenderse do patrimonio municipal, mal vendendo para obter os cartos que paguen os terreos da Cidade da Xustiza, unha infraestrutura que é necesaria para a cidade, que leva anos paralizada polos constantes enfrontamentos entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo e que ao contrario que noutras cidades do país non foi aínda resolta, afondando na precariedade dos servizos da Xustiza na cidade galega que máis actividade e máis necesidades ten.

O Bloque Nacionalista Galego rexeita totalmente a perda de pisos dos vigueses/as,

que poidan ser mal vendidos na situación actual do mercado inmobiliario, especialmente tendo en conta a difícil situación que atravesamos a nosa cidade, que mesmo é dramática para moitas familias. Só en 2013 producíronse 530 lanzamentos de familias das súas casas, o dobre dos que se produciran en 2008 cando comezou a crise e aumentan cada ano. Só se produciu un leve descenso en 2013 cando a modificación da Lei Hipotecaria e as decisións de varios xulgados de dala razón a varios prexudicados, permitiu paralizar algúns desafuzamentos, pero é que agora non só se producen desafuzamentos por impago de hipotecas, senón sobre todo por impago de alugueres, e por iso hai un repunte importante a día de hoxe.

Nós, nesta situación, non entendemos que o Concello posúa vivendas para uso dos vigueses, como dixo a propia concelleira de Urbanismo e se desfaga delas. O Goberno Local no canto de buscar unha solución para as persoas, para as familias que están sen casa, se converta en promotor inmobiliario para resolver un problema que leva paralizado, precisamente pola inacción deste goberno e pola súa falta de capacidade política, para resolver unha inxustiza como é a da Cidade da Xustiza de Vigo, e que agora a única solución que se lle ocorre sexa desprendernos do patrimonio municipal, que necesitamos máis que nunca para auxiliar a moitas familias da nosa cidade.

Por iso, nós que estivemos votando en contra sistematicamente de tódolos pasos do proceso para a poxa destes pisos, hoxe propoñemos o acordo a este Pleno, instar ao Goberno Municipal a dedicar as vivendas de propiedade municipal situadas na rúa República Arxentina 12-14 a usos sociais.

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: Sorpréndenos que a estas alturas do proceso en que se atopan as corenta vivendas patrimonio municipal dos edificios 12-14 da rúa República Arxentina, sexa obxecto de debate no Pleno de hoxe para o Bloque Nacionalista Galego, cando se perderon oportunidades durante todo o proceso anterior para propoñer calquera alternativa distintas a que se acordou.

Hoxe para o Bloque Nacionalista Galego o destino destas vivendas debería ser para usos sociais, para o Partido Popular a apertura do expediente mediante poxa pública destes corenta piso e a aprobación o pasado venres na Xerencia de Urbanismo do prego de condicións, permitirá pagar as expropiacións do ámbito de

Chouzo e poñer a disposición da Xunta de Galicia os terreos libres de cargas para que en Vigo se constrúa dunha vez o terceiro edificio xudicial.

A pregunta que nos facemos hoxe é por que o Bloque Nacionalista Galego presenta neste momento esta moción? Cando recoñecen na mesma, nos seus argumentos, que súas únicas accións sobre o destino deste patrimonio municipal remontase a xuño de 2013, preguntando na Xerencia de Urbanismo polo uso que pretendía dar o Goberno a eses pisos, e posteriormente en outubro do mesmo ano, nunha xerencia extraordinaria solicitada polo Partido Popular para que se nos facilitase información sobre o uso e destino destas citadas vivendas.

Estas foron as dúas únicas accións dos señores do Bloque Nacionalista Galego dende que no ano 2007 foron copartícipes de decisións con este Goberno Socialista e con este mesmo Alcalde. A historia non se esquece, temos que lembrarlle ao Bloque Nacionalista Galego.

Con este bagaxe, e despois de seis anos sendo avaladas por vostedes señores do BNG, as políticas sociais deste Goberno, entre elas as de vivenda, non nos parece acertado que agora enarboren a bandeira do dramatismo social, cando estivo na súas mans remedialo e tomar decisións encamiñadas á busca de alternativas para as familias sen recursos necesitadas dunha vivenda. É labor do Goberno Municipal atender tódalas demandas que se presentan no Concello polas familias da cidade e ofrecer a cobertura e solución que requira cada un dos casos, cando hai necesidade dunha vivenda social como as que propoñen hoxe vostedes nos argumentos da súa moción.

Vostedes foron responsables dos seus actos cando tiveron goberno e poder de decisión, hoxe que non gobernan critican o que non fixeron no seu día, o Partido Popular onde gobernou e goberna si adopta políticas para ofrecer as familias con pouco recursos e necesidades, vivenda de protección oficial e en Vigo precisamente temos un exemplo, coas máis de 3.500 vivendas proxectadas polo Partido Popular construídas en Navia e que hoxe están habitadas.

Señores do Bloque Nacionalista Galego, o proceso para a construción da cidade da Xustiza comeza no 2005 coa sinatura dun convenio onde a Xunta de Galicia comprometíase a construír o terceiro edificio dos xulgados e o Concello a ceder os terreos, o que viu a continuación ata a data é coñecido por todos.

No Partido Popular temos moi claro as necesidades de Vigo e dos vigueses, e dende

hai anos hai catro infraestruturas prioritarias por enriba do resto, un hospital público, unha depuradora, unha estación de AVE e un novo edificio dos xulgados. Os tres primeiros constrúense e o terceiro esperando a que resolva canto antes o trámite da expropiación dos terreos de Chouzo para que se inicien os traballos.

Estas infraestruturas son unha demanda da nosa cidade, irrenunciabes e pola que todos temos a obriga de traballar, no fondo a Cidade da Xustiza tamén é unha necesidade que nos están demandando cidadáns e traballadores de Vigo, xuíces, avogados, procuradores, funcionarios e os usuarios que diariamente acoden as dependencias xudiciais para facer os trámites.

A idea do Partido Popular, recollida despois polo Goberno Municipal, de vendelos pisos de República Arxentina para que co obtido pagar as expropiación de Chouzo, foi o detonante que permitiu desbloquear a incerteza dun patrimonio municipal que non parecía ter un destino concreto, despois de que durante anos se marease a perdiz anunciando distintos usos e intencións que nunca se concretaron.

SR. LÓPEZ FONT: Non sabía eu que hoxe era o día da demagogia Sra. Veloso, descoñecía pero hai un dito para definir a aquel que chega tarde que di “a boas horas mangas verdes”. O tema é que data de hai máis de cincocentos anos e iso é o que lle pasa ao Bloque Nacionalista Galego en relación con este tema, co cal, esa frase de hai cincocentos anos a poderíamos adaptar agora “a boas horas Bloque Nacionalista Galego”. No relato que vostede fai falla a parte fundamental, que delata a incoherencia do Bloque Nacionalista Galego e é que dende este grupo mantivéronse conversas co anterior voceiro o Sr. Domínguez e con vostede sobre a venda, a alienación destes pisos, e vostedes estaban a favor. É unha pena que non haxa incluído nese relato o que vostedes estaban a favor, e esa é a proba, primeiro da incoherencia que vostedes manteñen e de algo que xa non me queda ningunha dúbida sobre cal é o seu posicionamento político, que é campaña electoral e estar ás ordes das directrices que lles marcan dende Santiago de Compostela, porque non teñen vostedes a patrimonialización de usos sociais. Vostedes non se quixeron sentar a falar de orzamentos e o que é evidente é que non se pode afirmar aquí que se perde patrimonio municipal alegremente, como se fose unha frase moi fácil de dicir, cando o que se recade reviste neste Concello, é absolutamente falso este tema dos pisos de Rosalía de Castro o lembro eu de hai catorce anos, non fixo nada

ninguén, inclusive vostedes que tamén gobernaron o Urbanismo desta cidade. É e esta Sra. Silva, dende hai dous anos como concelleira de Urbanismo a que primeiro, regularizou a situación dos pisos, a que salvou dun conflito en relación con Adif, e permite que hoxe sexa patrimonio municipal, é ao contrario Sra. Veloso, pola actuación da concelleira de Urbanismo o que teríamos que estar é agradecidos do patrimonio que se recuperou neste Concello.

Polo tanto, vostedes en Urbanismo non moveron nin un papel en relación con isto, nin tampouco con outras irregularidades que se producían na cidade, e tamén estiveron en contra de a medida e a proposta deste grupo de que houbera un 40% de vivenda protexida no Plan Xeral.

Polo tanto, non nos poden dar ningún tipo de leccións neste ámbito, porque tampouco nolo poden dar en ámbito político cando veñen aquí a facer propostas que alí onde gobernan como é no concello de Pontevedra non fan. Pero se atende ao que realmente se di sobre o que pode ser o proxecto de orzamentos e o dramático é que vostedes non se quixeron sentar a dialogar sobre os orzamentos, sobre fines sociais que vostede fala, este goberno e catro anos compartidos con vostedes e dous anos compartido orzamentos, fixo a mellores políticas sociais que se fixeron nunca nesta cidade, é máis no próximo orzamento vaise permitir 150 alugueres. Esta é a forma de estruturar realmente a axuda que necesitan os cidadáns, porque xa fixemos moito antes en axuda social pero este ano, Sra. Veloso, e vostede sabeo perfectamente hai tres eixos básicos, as persoas que teñen problemas cos alugueres, as persoas que teñen problemas con axudas de alimentos e aquelas persoas e o debatemos aquí, que están en pobreza enerxética, iso son fines sociais, non é a ambigüidade de dicir en relación coas vivendas o que se debe ou non se debe facer.

Polo tanto, eses 150 alugueres que van permitir os próximos orzamentos, xa veremos Sra. Veloso, concelleiros do Bloque Nacionalista Galego, que din vostedes cando veña esa proposta aquí, porque esa si que é unha forma real de axudar aos cidadáns. Creo de verdade e lles pido reflexión, creo que están nunha incoherencia absolutamente manifesta e non pode ser que o falado con vostede e co que estaban de acordo, hoxe por intereses electorais e partidistas digan o contrario.

SRA. VELOSO RÍOS: O que habería que preguntarse, como fai o Sr. Bernárdez que

se pregunta por que agora propoñemos isto, que habería que preguntarse por que en outubro o Partido Popular preguntaba e pedía explicación sobre o uso dos pisos de Rosalía de Castro, recoñecendo a necesidade de vivendas sociais neste cidade, e agora está de acordo, e así o está manifestando en Xerencia de Urbanismo co seu voto favorable con que se vendan estes pisos. En outubro querían saber para que se querían utilizar, e agora chegan a un acordo co Partido Socialista para vendelos e apróbase en Xerencia de Urbanismo cos votos favorables do Partido Socialista e do Partido Popular, non do Bloque Nacionalista Galego.

Efectivamente, o Bloque Nacionalista Galego chega tarde, poderíase dicir que chega tarde porque é certo que a coincidencia, supoño que tamén electoralista porque outra explicación non nos cabe na cabeza, a coincidencia entre o Partido Popular e o Partido Socialista supón que xa estea perpetrándose esta venda dos pisos, igual que a coincidencia entre o Partido Popular e o Partido Socialista supuxo a amortización da débeda anticipada ou a coincidencia entre o Partido Popular e o Partido Socialista supuxo a subvención de billetes de avión e subvencións as compañías aéreas e non a subvención de billetes de autobús.

Efectivamente, o feito de que neste cidade haxa un pacto entre o Partido Popular e o Partido Socialista fai que as familias que están desafiuzadas non teñan a posibilidade de contar con estes corenta pisos para poder ter unha vivenda, e se estean vendendo, esa é a realidade.

A vostedes o que está claro é que lles está molestando moito que o Bloque Nacionalista Galego estea denunciando esta situación e estea explicando cales son as consecuencias do seu acordo Partido Socialista e Partido Popular, e cales son as consecuencias de asunción do Partido Socialista das políticas do Partido Popular. Iso lles está molestando, por iso non están dando argumentos e por iso o único que están facendo en mandarnos calar ao Bloque Nacionalista Galego, e non non imos calar, non imos admitir que ninguén nos diga que nos calemos.

O único que están facendo é utilizando repetidamente frases e argumentos baleiros acusando de demagogia, de recibir ordes e entrando mesmo nese terreo persoal no que non se debería entrar nunca Sra. Silva, e demostrando que vostedes non teñen argumentos políticos para defender esta situación, este pacto que está condenando a moitas persoas desta cidade a vivir moito peor aínda. Non teñen vostedes argumentos, están vostedes recorrendo a frases baleiras, argumentos

mesmo persoais que demostran que teñen vostedes moi pouco nivel político a pesares de ter moitos cargos.

PRESIDENCIA: Moitas grazas Sra. Veloso, pero nesta cidade os que desenvolven a política social é o Goberno. Nesta cidade o que está facendo política social continua é o Goberno desta cidade, o que vai levar unha partida para poder alugar 150 vivendas para persoas que están na rúa é este Goberno. Eu vou esperar a cando traíamos esa proposta de 700.000 euros para poder alugar vivendas para persoas que están na rúa, que están sendo desafiuzadas, colocadas fora da súa casa, vou esperar a ver que vota o Bloque Nacionalista Galego, a ver si o BNG cando traíamos un orzamento que implique 150 vivendas de aluguer para a xente que o necesita se o vota ou non. Aí ímonos atopar Sra. Veloso, cando vostedes por razóns políticas inexplicables, non van apoiar un orzamento, que significa que os comedores sociais desta cidade poden seguir funcionando, e vostedes non o van votar. Pero imos ver que fan vostedes cando traíamos unha partida de 700.000 euros para a xente que está en pobreza enerxética e vostedes non o van votar. Imos ver que fan vostedes cando traíamos dous millóns de euros para bolsas de comedor de nenos/as que só comen no colexio e vostedes non o van votar, imos ver a verdade cando haxa que votar ao orzamento máis social que se votou nunca nesta cidade e en Galicia. Cando vostedes gobernan en Pontevedra nin hai partida para alugueres, nin para comedores, nin para pobreza enerxética, nin hai partida para alimentación. Eses que corean porque non queren que a cidade escoite o que estou a dicir, que hai un orzamento máis social en Vigo que en ningunha cidade en Galicia.

VOTACIÓN: Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e vinte e tres votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique

Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 6.03.2014 (Rex. Nº 853/1101), pola voceira do grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, instando ao goberno municipal dedicar as vivendas da rúa República Arxentina a usos sociais, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**4.2(52).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A IMPULSAR A ACTUACIÓN DE BRIGADAS QUE ATENDAN SEN DILACIÓN OS ARRANXOS DE EMERXENCIA NAS RÚAS DA CIDADE. EXPTE. 858/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de marzo de 2014, número 858/1101, a concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Egerique Mosquera, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Unha maioría de rúas de Vigo necesita unha reparación urxente tras os temporais que arrasaron a cidade o pasado inverno. É por iso que o Grupo Popular reclama a inmediata reparación de baches en calzadas e de danos en beirarrúas que se produciron polas inclemencias meteorolóxicas.

Despois das inclemencias e o mal tempo que houbo durante o inverno, parece lóxico que as rúas se resentisen; pero tamén parece de sentido común que se arbitren procedementos de emerxencia para solucionar o máis posible, porque os cidadáns están a sufrir as consecuencias.

Por todo elo propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte os seguinte acordo:

Instar ao goberno municipal a impulsar a actuación de brigadas que atendan sen dilación os arranxos de emerxencia que fagan falla nas rúas da nosa cidade.”



A Comisión Informativa de Fomento, na súa sesión ordinaria do 21 de marzo de 2014, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Nós queremos propoñer a este Pleno Municipal mellorar o sistema de traballo na rúa para arranxos sinxelos pero que son moi molestos para os cidadáns. Neste Goberno Municipal que enarbora moito a bandeira de que vivimos nunha cidade fermosa, si se vive e constrúe a cidade fermosa tamén estaría ben que se mantivera, porque fanse moitas obras pero despois o mantemento queda sempre moitas veces no esquecemento e brilla pola súa ausencia.

Nós dicímolos ademais de comprobalo a diario por nós mesmos pola cantidade de queixas e pola cantidade de peticións dos veciños que recibimos tamén, non só persoalmente aquí no Concello senón a través dunha conta de correo electrónico que creamos precisamente para este tipo de temas. Son incidentes moi pesados, moi incómodos para rutina do cidadá pero que son de arranxo sinxelo, e moitas veces non fai falla facer un gran investimento ou ter que aprobar unha contratación determinada, etc. Poden ser como tapas de rede de sumidoiros solta, moitas fochancas e fochas, problemas de tráfico, incidencias puntuais nos cambios, as veces tamén nos cortes determinados que aí falla de información para os condutores, as baldosas rotas e soltas, pasos de peóns sen pintar, parques sucios, control de cans, etc.

Estas suxestións, este coidado e vixilancia urbana, nós estamos sempre reivindicando que debe ser un pouco máis áxil, moitas veces queda no esquecemento e iso xera moita complicación para a rutina diaria dos cidadáns para actuar acotío, nós propoñemos esta brigada, este persoal que entendemos que hai catro persoas, cremos que son insuficientes polas dimensións da cidade, por tódalas zonas que debería atender e sobre todo despois deste inverno que xerou moitas incidencias en determinadas rúas, para os condutores, fochas bastante esaxerados que deberían de terse arranxado como máis celeridade, por evitar moitas incidencias e por evitar ás veces, algunha pequena colisión ou incidente de tráfico.

Nesta época estamos comprobando ademais que cada vez son máis, porque a xente tamén sae a rúa e atópase por exemplo zoas de paseo que están moi axitadas polas condicións meteorolóxicas, de existir unha brigada máis áxil para este tipo de temas estarían solucionados e seguramente estaríamos todos e gozaríamos todos mellor de todas esas zonas.

Afortunadamente conseguimos dende o Grupo Municipal do Partido Popular a base de estar estes tres anos demandando continuamente, determinados arranxos que se proxectaron obras e actuacións no Plan de Inversións aprobados que moitas veces nos visitamos as zonas do rural e de parroquias que se proxectaran obras necesarias non tódalas que quixéramos, pero si obras moi necesarias no plan de inversión, por iso o apoiamos, xa que reivindicabamos tanto tempo este tipo de obras e cremos que sen ter un custe excesivo esta proposta, este persoal do Concello podería aumentarse e podería ser máis eficiente. Sabemos que existe, eu pertenzo á comisión de Queixas e Suxestións no Concello, que funciona pero que quizais teña un valor máis estadístico que un pouco máis de execución.

Agora ás rúas realmente a verdade é que están nun estado bastante lamentable e poderíamos aproveitar este tempo, o clima e antes do verán, non só para os vigueses senón tamén para os visitantes para arranxalo con máis celeridade, sen necesidade de ter que estar pendentes das concesionarias, de ter que aprobar orzamentos novos, de ter que reclamar obras determinadas, é dicir, unha brigada que sexa máis áxil.

Peticións comúns que recibimos, de tódalas rúas unha media que recibimos case de trinta e corenta peticións case ao día, suxestións, moitas veces moi concretas e moi sinxelas de arranxar e que mellorarían a calidade de vida de moitos cidadáns.

Polo tanto, nós pretendemos que a brigada que existe xa que se aumente ou polo menos que sexa máis áxil e que sexa directamente dende o Concello para non ter que estar insisto dilatando moito no tempo todo este tipo de actuacións.

SR. ALONSO PÉREZ: Vemos ao Partido Popular moi brando, non sei que lle pasa, porque realmente agora que ten entregado ao Partido Socialista disposto a pagar con cartos do Concello de Vigo cuestións que tiña que pagar á Xunta de Galicia e a Deputación, agora que están entregados isto era pan comido, simplemente que pedira no pacto facer a comisión, estaba feito, os vexo moi brandos, non sei como

Ilo pediron.

Efectivamente esta comisión é necesaria, porque nós pateamos as rúas os tres concelleiros e podémolo constatar como está Teis con roturas diarias, Coia que ata lle entra nos locais do Cristo da Vitoria, inúndanselle os baixos por roturas tres veces neste inverno, entón é necesario, ademais nos si que temos experiencia porque no Casco Vello, o Sr. Domínguez que non está aquí, cando era responsable había unha brigada de intervención rápida para estas obras, é necesario.

Imos votar a favor, o único que lamento é que o Partido Popular sexa tan brando, agora que está entregado seguro que lle aprobaban esta comisión no pacto sen dubidalo.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Coincido en varias cousas co Partido Popular e coincido en varias cousas co Bloque Nacionalista Galego, como non pode ser de outra forma.

O pasado inverno foi un inverno moi duro, chuvioso, o constata tódalas estadísticas que din que foi o inverno máis duro dende os últimos corenta e cinco anos. Gracias as humanizacións que se levaron a cabo dende este Goberno Municipal, dirixido polo Sr. Abel Caballero, máis de 200 rúas humanizáronse nos últimos anos e podemos dicir que no ano máis chuvioso dos últimos corenta e cinco anos, non se produciron inundacións importantes na cidade. Aquelas noticias que xa barallaban día tras día de que se inundaba Colón, Balaídos, Areal, este ano non foron noticias porque non aconteceron. Vigo resiste ben e mellor que todo o seu entorno, as estradas de Vigo, como non pode ser doutra forma, sufriron este inverno moi chuvioso, eu preguntolle á Sra. Veloso, do Bloque Nacionalista Galego, porque cando reclame o Sr. Rodríguez Díaz, o noso voceiro na Deputación, se a cidade de Vigo dos seus orzamentos pode adicar trinta millóns de euros para investimentos na cidade, a achega que fai a cidade de Vigo á Deputación de Pontevedra que aporta máis do 33% por que non se revirte na cidade de Vigo? Pero estou convencido que a Sra. Veloso, que é a voceira deste concello na Deputación, vai votar a favor a moción do Sr. Rodríguez Díaz que vai presentar, vai deixar de ser unha “calada” e vai formar parte activa dos defensores desta cidade na Deputación de Pontevedra.

Señores do Partido Popular, a verdade que hai reflexións que eu non podoo nin

compartir nin entender porque cando din vostedes que o persoal do Concello podería incrementarse, eu dígolle que non, o persoal do Concello non se pode incrementar, por que? O teñen fácil os señores do Partido Popular, en vez de adicar tanto tempo a políticas de recortes no Goberno do Estado e no Goberno da Xunta de Galicia, cambien os Orzamentos xerais do Estado e deixen contratar nos Concellos porque como vostedes saben non podemos contratar porque temos a taxa de reposición cero que ven nos Orzamentos xerais do Estado.

Nestes últimos anos houbo numerosas xubilacións neste Concello que o Goberno de España do Partido Popular non nos deixan repoñer. As políticas “keynesianas” que se están levando a cabo dende esta cidade, que está levando a cabo o Goberno do Sr. Abel Caballero van crear neste ano, no 2014, gracias aos Orzamentos municipais máis de 1000 empregos directos. Plan de inversións 2015 do Concello de Vigo, van ampliar máis de 1000 empregos directos na nosa cidade, empregos que son sumamente necesarios.

Cando vostedes me falaban de crear brigadas, están creadas, as creou no mandato anterior a miña compañeira a Sra. Abelairas que funcionan ben. E froito diso, nestes momentos o Plan desta quincena é a seguinte, imos a traballar en fochas na rúa Urzaiz 80, 83, 108, 66, 42, 12 e 20, en Fernando Católico, en Cervantes, en Vázquez Varela, en Puerto Rico, en Venezuela, en Marqués de Alcedo, en Manuel Olivié, en San Amaro, en Hispanidade, en República Arxentina, en García Barbón, en Coutadas, en Sanjurjo Badía, na Avenida de Galicia, aínda que como todos saben os membros desta corporación e os cidadáns de Vigo a Avenida de Galicia é unha estrada que é competencia da Xunta de Galicia e que temos que reparar nós porque non o fan dende a Xunta de Galicia. Imos traballar tamén nesta quincena en Buenos Aires, en Vía Norte, en Gran Vía, en Lepanto, en Alfonso XIII, en Llorente, en Avenida de Beiramar, en Jacinto Benavente, en Marqués de Valterra, Tomás Alonso, Avenida Atlántida, Tomás Paredes, Cañiza, Porriño, Camiño do Caramuxo, Pablo Iglesias, Balaídos, Florida, Eugenio Arbones, Médico Jose Mota, na Pastora, na rúa Conde, na rúa Portela, rúa Ramón Nieto, na Avenida Ramón Nieto, na Avenida de Madrid e tamén na VG-20 que lle agradeceríamos que instaran ao Ministerio de Fomento, ao Goberno de España que eles fagan esa reparación.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: A cuestión aquí por alusións, non é estar “blandito” ou

non, a cuestión é que levamos reivindicando todo esta axilidade das brigadas e actuación en determinados lugares dende o principio da lexislatura e sempre estaremos aí pendentes diso.

O listado que o Sr. Regades propón parécenos largo, iso quere dicir que a cidade non está en boas condicións pero insuficientes, pero aínda de arranxar todas esas rúas quedan moitos lugares e moitas zonas da cidade que están sen atención. Nós insistimos en que isto sería para melloral a calidade de vida de tódolos vigueses, moi útil, que o mantemento é fundamental non só poñerse aquí a falar de tódalas obras que se fan, que si que poden estar moi ben, pero despois precisan de moito mantemento. Reclamamos tamén a atención das peticións de urxencia e das peticións que os cidadáns fan directamente ao goberno municipal porque veñen á oposición ao ver que aquí moitas veces se lle pecha a porta ou non se lle fai atención. Neste sentido as brigadas existen, pero nós cremos que son insuficientes e sobre todo, neste tempo posterior á cantidade de temporais que tivemos.

Polo tanto, non dicimos incrementar o número de persoal pero que se poñan a traballar e que incluso persoal que quizais neste momento non estea adicado a isto que se poida adicar a isto sobre todo polas consecuencias que tivemos deste inverno.

*(No momento da votación atópanse ausentes o Sr. Figueroa Vila e a Presidencia)*

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 19.04.2014 (Rex. Nº 858/1101), pola concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Egerique Mosquera, instando ao goberno municipal a impulsar a actuación de brigadas que atendan os arranxos de emerxencia que fagan falla nas rúas da nosa cidade, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**4.3(53).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A FORMULACIÓN DE PLANS SECTORIAIS DE PROMOCIÓN TURÍSTICA, A FIN DE CAPTAR VISITANTES PARA OS DÍAS DE SEMANA SANTA E PARA OS MESES DE VERÁN. EXPTE. 860/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de marzo de 2014, número 860/1101, a concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Egerique Mosquera, formula a seguinte,

**MOCIÓN**

“A promoción turística de Vigo ten, neste momento, serias carencias en cuanto a accións e tamén en cuanto a material promocional. A meirande parte das cidades teñen xa programadas as súas políticas promocionais, e aquí se descoñecen.

Vigo, pola súa variedade de ofertas, dispón dunha amplía gama de oferta turística que non se explota adecuadamente.

Por todo elo propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

“Que por parte do goberno municipal se deseñen e acometan plans sectoriais de promoción turística: náutico y deportivo, gastronómico, de patrimonio histórico, paisaxístico, etcétera, a fin de captar visitantes tanto nos días da próxima Semana Santa como nos meses de verán.”

A Comisión Informativa de Industria, Comercio, Turismo e Pemes, na súa sesión ordinaria do 21 de marzo de 2014, ditaminou favorablemente a anterior moción.

**DEBATE.-**

SR. ÁLVAREZ PÉREZ: Vémonos na obriga de presentar esta moción ante a inacción do goberno para arranxar un sector que é de vital importancia para a cidade. Xa o denunciámos de forma reiterada, sen embargo a Concellería de Turismo fai oídos

xordos ás demandas dos colectivos da cidade.

Xa non se trata de facer un plan estratéxico, non, xa non estamos a tempo, iso vímolos demandando dende hai tres anos, pero polo menos fagamos plans sectoriais, accións concretas que nos permita captar turistas de cara o verán, que nos permita facer algo nese sentido. Nós brindámoslle o noso apoio, todo o que necesiten para poder arrancar un sector necesario para a cidade, non entendemos que está pasando na súa área Sr. Rodríguez Escudero, é algo que nos levamos preguntando dende hai tempo, pero aínda así insistimos porque consideramos que se pode arrancar, pódense facer cousas e estamos a tempo aínda para facer cousas.

Por iso, entre as nosas propostas de plans sectoriais e de accións concretas propoñemos a inmediata redacción dun plan de fomento turístico das actividades náutico-deportivas, temos unhas praias maravillosas, unha ría que é a envexa do mundo, explotémola, hai que atraer turistas, hai que mobilizar todo, estamos a falar de vela, mergullo, esnórquel, windsurf, remo, pádel, surf, calquera actividade deportiva lúdica que podemos ofrecer ao resto. Estamos falando tamén de plans sectoriais enfocados directamente á gastronomía para potenciar así os nosos restaurantes, os nosos produtos, as nosas ostras e por suposto o noso marisco en xeral. Estamos falando de potenciar as posibilidades paisaxistas do entorno da ría practicamente único e inigualable, estamos falando de prácticas de sendeirismo, hai moita xente interesada nesa actividade e por que non un plan que explore tamén o atractivo turístico do patrimonio histórico da cidade. Si, son medidas de urxencia pero non nos queda máis remedio, o verán témolo aí e o máis preocupante desta situación é que xa non é unha cuestión de mocións, de estratexia é unha cuestión de execución, Sr. Escudero que está pasando? A cidade necesita dinamizar o sector do turismo, hai que activalo, reactivalo, reunirse con tódalas organizacións e axentes sociais que nos poden permitir posicionar a Vigo no polo do turismo tanto nacional como internacional.

Días despois de ter presentado esta moción decatámonos de que a cidade de A Coruña está promovendo coa cidade de O Porto e outras cidades francesas o facer este tipo de plans, accións concretas para dinamizar compenetrándose e facendo promoción conxunta das actividades e estámonos dando conta que a Vigo fixéronlle un sándwich, non podemos deixar isto máis de lado, non facer nada Sr.

Rodríguez Escudero, reiterámoslle, volvemos dicirlle estamos aquí para o que necesite e díxenlle antes non é unha cuestión de preparar plans estratéxicos, iso xa teríamos que telo feito ao principio da lexislatura, agora necesitamos accións concretas que nos permitan dinamizar, ter os nosos restaurantes cheos, accións que nos permitan ter os nosos hoteis coa maior ocupación posible. Quedan poucos meses pero estamos a tempo, díganos que necesita para poder levar a cabo este tipo de accións, de plans, necesita a nosa axuda non hai problema, ofrecémoslla e darémoslla, estamos no oitavo andar dispostos e preparados para apoialo no que necesite polo ben da cidade, porque non podemos permitirnos máis atraso, non podemos permitirnos esta inacción, gustaríanos que nos dixera que é o que está pasando para que cheguemos a esta inacción total, temos que facer algo, polos nosos cidadáns, pola nosa cidade, por Vigo.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: A verdade señor concelleiro do Partido Popular foi unha pena que nesta campaña que acaba de quitar a Xunta de Galicia non puxeran a súa voz porque creo que faría moi ben, dígoo porque ten vostede unha boa locución, entón nesta campaña propagandística que agora quitou a Xunta de Galicia creo que quedaría ben.

En primeiro lugar, temos que indicar dende o Bloque Nacionalista Galego que esta moción chega tarde, mal e arrastro porque as cousas non se fan así, agora entendo que o Partido Popular nos últimos meses está máis preocupado por negociar para que Vigo pague certas cousas que tiña que pagar a Xunta de Galicia e esquécese ó igual que o ten feito o Goberno Municipal de que a planificación e a organización da promoción turística na nosa cidade non se pode xestionar a impulsos. Traer unha moción a quince días da Semana Santa, dicíndolle ao Goberno que faga actividades cara recoller turistas e visitantes na Semana Santa parécenos unha política de impulsos e que isto non se fai así.

O concelleiro de Turismo, que tamén ultimamente está en plan de facer impulsos tivo que agardar ata que todo o sector de Turismo unanimemente clamara contra a falla de xestión para logo reunirse con eles. Pois non, señores do Partido Popular e do Partido Socialista así non se fan as cousas, improvisando, sen un rumbo claro, nin sequera sabemos aquí cales son os obxectivos que nos vindeiros anos ou nos vindeiros meses ten tanto o Partido Popular dende a Xunta de Galicia ou dende a



Deputación de Pontevedra, ou ten a propia Concellería de Turismo da cidade, non coñecemos absolutamente ningúns dos obxectivos que se queren plasmar.

No Goberno Municipal, nestes tres últimos anos, e sinto dicirillo, Sr. Escudero con tódolos respectos que lle teño, nada de nada de nada, ausencia total de iniciativas, deixando esmorecer organismos creados no anterior goberno e que hoxe están desaparecidos e nin sequera se lles espera. Pero tamén temos que referirnos aos señores do Partido Popular porque en política de materia turística, tanto dende a Xunta de Galicia como a Deputación co que respecta a nosa cidade, nada de nada de nada. Hai unha total descoordinación entre os distintos destinos turísticos do noso país, hai unha falla total dende a Xunta de Galicia e dende ese Padroado, que agora xa non é Rias Baixas, unha falla total de apoio aos colectivos da nosa cidade, e o que é peor señores do Partido Popular, “despilfarro” dos cartos públicos, como “despilfarro” supón unha campaña, esa que lle chaman “Galicia o bo camiño”, que custa nada máis e nada menos que 3.200.000 euros, exactamente a mesma cantidade que no anterior goberno se conseguiron co Plan de Competitividade Turística e que deixou na nosa cidade infraestruturas importantes en materias turísticas da nosa cidade, exactamente a mesma cantidade para unha campaña publicitaria na que por certo, por iso lle dicía eu que case mellor sería que vostede fixera a voz desa campaña porque de Vigo e dos seus atractivos turísticos practicamente en toda a campaña nin se lles nota, nin se aparece.

Polo tanto, nós non imos apoiar esta moción, imos absternos porque nos parece primeiro que non é o momento desta moción, segundo que o Partido Popular non pode dar en materia de promoción turística ningunha lección a ninguén, ogallá deses 3.200.000 euros, xa non digo a metade, pero proporcionalmente o que lle correspondería a cidade ogallá o Partido Popular e vostede mesmo, reclamara aos seus compañeiros que parte deses cartos nolos deixaran xestionar aos vigueses/as, que seguro que faríamos bastante mellor promoción da nosa cidade porque a coñecemos.

O Goberno Municipal, eu xa o teño dito algunha que outra vez, que se poñan as pilas, porque hai que facer unha planificación, unha racionalización dos nosos recursos e unha coordinación con tódolos colectivos da cidade.

Polo tanto, uns e outros, outros e uns que se poñan a traballar dunha vez pola promoción da nosa cidade.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Gracias pola oportunidade, a través da presentación desta moción, de responder e darlle a coñecer ao Pleno realmente as cousas que se están facendo.

En primeiro lugar, quería responderlle ao Sr. Domínguez, que lle corresponde o mérito que sempre lle recoñezo, de ser o indutor positivo do Plan de Competitividade Turística. O Plan de Competitividade Turística é un instrumento moi valioso ao cal ao Sr. Domínguez se lle debe o mérito, insisto de poñelo en marcha, que realmente posibilitou o relanzamento e desenvolvemento do turismo, por primeira vez en Vigo, de ría e urbano.

Pero tamén ao Sr. Domínguez correspóndelle o desmérito e xa o dixen no Pleno, de que cando no ano 2011 esta Corporación tomou posesión o Plan de Competitividade Turística estaba paralizado con risco absoluto, recoñecido por tódalas entidades que participan na mesma, Turespaña, Turgalicia e esta Concellería, non só da quebra senón da perda dos máis de catro millóns de euros.

Polo tanto, o primeiro obxectivo, Sr. Domínguez, e así podémolo demostrar foi quitar a flote, salvar un instrumento valioso ao cal insisto, e nunca me cansarei de repetilo, a vostede débese o mérito de poñelo en marcha pero que realmente naufragou por problemas de xestión. Durante estes tres anos, precisamente salvouse o Plan de Competitividade Turística, proba diso é que este ano por fin, este Plan toca a fin desenvolvéndose todos e cada unha das propostas que no ano 2011 estaban a punto totalmente, diso hai testemuñas, das outras administracións, de naufragar e polo tanto de perder os catro millóns.

A misión que houbo durante estes tres anos é salvar ese instrumento poderoso e creo que podemos dar conta algún día neste mesmo Pleno.

Sr. Álvarez, o que vostede nos pide que fagamos xa o estamos facendo quizais ignoro por este motivo vostede non se decatou, ben é verdade que a promoción de Vigo lonxe de facela como a faciamos antes para a xente de Vigo, facémola fora, polo tanto, agora ao mellor os que menos nos decatamos somos a xente que estamos en Vigo porque realmente os que se decatan son o público para a cal vai destinada a promoción de Vigo.

Simplemente iso que nos pide vostede non só se está facendo, fíxose e voulle dicir, e iso o pode constatar vostede Sr. Álvarez, as accións que neste momento están

en marcha precisamente co fin que vostede pide, co de potenciar a afluencia de turistas durante a Semana Santa e no verán. Primeiro, presentación en FITUR do programa “Vigo Hospitality”. Segundo, execución da campaña promoción “Vigo ten mil caras” en soporte “on line”, que se desenvolveu durante o mes de febreiro e marzo cun gran éxito, por importe de máis de 70.000 euros. Campaña de promoción de destinos en Oporto, París, Madrid, Barcelona, mercados de proximidade en Vigo, en Bilbao, Valladolid, Zamora e León que se está executando nestes momentos e en abril do ano 2014, por importe de máis de 177.000 euros, aquí ten todo o material divulgativo nos medios de comunicación, nas páxinas correspondentes e nos medios de comunicación escritos e “on line”, en todas estas cidades, pásollos despois. Campaña promocional de paquetes turísticos “Vigo in coming”, prazo de aplicación 28 de marzo ao 6 de abril, por máis de 150.000 euros, coas axencias de viaxes, desenvolvemento tamén a través de redes sociais etc. con sorteo de paquetes incluídos feito da man do sector. Por último a promoción da campaña “Vive Vigo” destinada ao público de verán máis de 200.000 euros que se executará durante os meses de abril e maio, con destino precisamente a este turismo de verán.

Polo tanto, máis de 500.000 euros con destino á promoción precisamente nestas datas que di vostede, Semana Santa e verán.

SR. ÁLVAREZ PÉREZ: Sr. Domínguez, gracias polo que a min respecta polo tema da voz.

O de tarde, mal e arrastro non o entendo, creo que aquí se alguén presentou moción de turismo dende o principio da lexislatura fomos nós, vou facer un breve repaso, fomos os primeiros en demandar e solicitar un plan estratéxico para o turismo, fomos os primeiros en demandar e arranxar o tema da sinalización aquí na cidade de Vigo que causa graves prexuízos para tódolos turistas e non turistas que veñen a Vigo, acordarase tamén da tarxeta “Vigo Pass” para promocionar todo o tema do turismo, aeroporto, portos, mercados, pero sen embargo só se lle ocorre dicir que chegamos tarde, mal e arrastro, onde estivo vostede durante todo este tempo Sr. Domínguez? Parece que estivo noutro sitio, ausente da Corporación Municipal. Vou deixar falar deste tema que é perder o tempo.

Sr. Rodríguez Escudero, non me pode dicir que o obxectivo nesta lexislatura, a súa

misión é salvar un plan, non iso non pode ser, que pasaron tres anos, non pode vir aquí a dicir que o obxectivo, a súa misión é salvar un plan, o Plan de Competitividade Turística, non iso non é posible. Algo deben estar facendo mal cando ninguén se decata deste tipo de promocións, sóalle a Osvit, Ceprós, Agavi por exemplo, axentes sociais, hai que facer as cousas conxuntamente con eles, as promocións teñen que funcionar e non están funcionando, ninguén se está decatando desas promocións, esas promocións non van correctamente dirixidas ao público obxectivo e vostede sábeo. Hai que traballar coas entidades de aquí, da cidade, non cada un seguindo o seu camiño, iso non serve absolutamente para nada, debería de reformular, non vou falar de estratexia de promoción porque dubido que a haxa neste sentido, que é o que me preocupa, que é o que estamos demandando. Pero ninguén se está a decatar deste tipo de promocións, a xestión, non entendemos por que, se é unha cuestión de execución, de ideas, que é o que pode estar faltando neste momentos Sr. Rodríguez Escudero, pero non se poden facer así as cousas. O turismo de Vigo está completamente abandonado, e non o digo eu dino os cidadáns, dio a rúa, e dino moi claramente, non ten mais que darse un paseo preguntar aos restaurantes, hoteis e sempre preguntan onde está o concelleiro de turismo desta cidade.

VOTACIÓN: Con vinteún votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e tres abstencións dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 19.03.2014 (Rex. Nº 860/1101), polo

concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Álvarez Pérez, instando ao goberno municipal plans sectoriais de promoción turística, a fin de captar visitante para a Semana Santa e os meses do verán, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**4.4(54).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A REGULAR NA COMUNIDADE AUTÓNOMA O USO DO CIGARRO ELECTRÓNICO, EQUIPARÁNDOO Ó TABACO. EXPTE. 861/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de marzo de 2014, número 860/1101, a concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Egerique Mosquera, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O pasado 26 de febreiro a Eurocámara aprobou a Directiva europea sobre tabaco, que tamén regula o uso do cigarro electrónico.

A pesares da expectativa que esta regulación tiña xerado, tódalas sociedades médicas e certificas sentíronse dalgunha maneira frustadas pola permisibilidade da mesma con este produto que nada ten de inocuo para a saúde.

O e-cigarro non ten a consideración nin de tabaco nin de medicamento, e inclúe a mais de nicotina, produtos canceríxenos, metais pesados, e outras sustancias das que non se teñen comprobados mediante estudos científicos os efectos da inhalación no organismo do consumidor.

A petición de veda-lo consumo na hostalería e unánime por parte das sociedades científicas e médicas, e así se manifestaron publicamente a SEPAR e a OMC.

Por todo elo propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte os seguinte acordo:

Instar a Xunta de Galicia a regular na nosa CCAA o uso do cigarro electrónico, equiparando o mesmo o tabaco.”

A Comisión Informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión

ordinaria do 21 de marzo de 2014, ditaminou favorablemente a anterior moción.

#### DEBATE.-

SRA. CENDÓN ALONSO: O cigarro electrónico leva once anos no mercado sorteando a polémica entre industria e comunidades científicas da inocuidade ou non do produto. Galicia viu crecer o número de usuarios paralelamente ao número de tendas de venta. A nosa cidade é a que máis número de tendas ten e a que máis creceu no último ano.

A sociedade española de patoloxía respiratoria, a SEPAR, ven alertando da perigosidade e toxicidade de algúns dos compoñentes destes produtos electrónicos. Vapear non significa inhalar vapor de auga inocuo, non é unha alternativa válida para deixar de fumar, mais ao contrario é unha porte de entrada ao consumo do tabaco por parte dos máis novos. Recentemente na nosa comunidade diagnosticouse unha neumonía lipoidea, por glicerina vexetal que levan estes produtos para volatilizar a nicotina. Unha neumonía que pode ser moi grave porque é bilateral, non só afecta a un pulmón senón que afecta aos dous.

O noso país recentemente regulou o cigarro electrónico na Lei de protección de consumidores e usuarios, e a regula insuficientemente pendente dunha transposición dunha Directiva europea na que considera a este produto dentro dos do tabaco. Por iso, a ninguén lle debe estrañar que este grupo traia esta moción aquí a debate, para traspoñer esta Directiva temos dou anos, e paréceme un tempo excesivo que esperemos, sen ningún tipo de recomendación, que este produto continúe no mercado sen a debida publicidade.

Por que queremos adiantarnos? Sinxelamente, principio de precaución que o establece a ONS, non se puido demostrar a inocuidade deste produto, nin para usuarios, nin sequera para os que rodean aos usuarios, para os vapeadores pasivos. Estes dispositivos conteñen sustancias tóxicas demostradas, conteñen nicotina, propilenglicol que é un produto que producen crises asmáticas nos nenos, conteñen dietilenglicol que se utiliza na fabricación de anticonxelantes, nitrosaminas canceríxenas, carbonilo canceríxeno, metais pesados como o chumbo ou o níquel canceríxenos tamén, saborizantes que se coñecen os

efectos por inxestión pero non por inhalación porque non se fixeron os estudos. En terceiro lugar, xa o dixen, considéraselle como unha porta de saída ao tabaco e non é unha porta de saída, todo o contrario é unha porta de entrada aos adolescentes porque se lle está dando esta consideración de inocuo, polo prezo e a posibilidade, aínda por enriba, de “fashionalo” á medida persoal, volvemos á moda do cigarro en man e isto ten uns efectos importantes no sistema cardio vascular e no cerebro, ademais de que a súa adición é moito máis rápida. España é o país que maior esforzo fixo na restrición do tabaco e así recoñecéunolo a Comunidade Europea. Encontrámonos no “top dez” dos que fixemos un esforzo na loita antitabaco e isto danos maior saúde e máis anos de vida. Por todos estes motivos nós, dende o Grupo Popular, solicitamos que tras as primeiras regulacións do cigarro electrónico continuemos o esforzo de protección de toda a cidadanía, igualando a normativa vixente á normativa do tabaco que tan bo resultado nos deu en índices de saúde.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: A verdade é que despois desta moción presentada polo Partido Popular, e sen que lles pareza mal, a min ocórreseme un lema en forma de canción para estes últimos acordos que están tendo entre o Partido Popular e o Partido Socialista, poden vostedes acuñar un lema cunha canción que diga “xuntos, café para dous, fumando un cigarrillo a medias”, eu creo que sería un bo slogan para eses acordos despois desta moción.

Non sei por que nos traen aquí temas que son de competencia estatal ou autonómica cando hai outros asuntos máis importantes que terían que traer ao Pleno desta cidade, estas palabras non as dixen eu, díxoas unha concelleira do Partido Popular no Pleno desta Corporación cando se estaba debatendo nada máis e nada menos que o dereito das mulleres a decidir sobre o seu futuro e maternidade. Ese non era un tema que había que traer a un Pleno dunha corporación, é dicir, o futuro e o dereito a decidir das mulleres, pero resulta que si é un tema de vital importancia traer a este Pleno da Corporación aquel famoso “picudo vermello” das palmeiras da Sra. Porro ou traer aquí a este Pleno que a Xunta de Galicia regule o uso do cigarro electrónico. Xa vexo eu cal son as prioridades que en materia política ten o Partido Popular, que si, que se regule o cigarro electrónico, nós estamos de acordo diso, que seguro que ademais é bo para

a saúde, pero por que non traen vostedes aquí outros temas que si son de vital importancia para saúde de toda a cidadanía? Por que non traen mocións instando á Xunta de Galicia que paralice dunha vez por todas a privatización da Sanidade pública e que paralice dunha vez por todas a Xunta de Galicia, o copago dos medicamentos ou que paralice dunha vez por todas os recortes en materia sanitaria, a dispersión da poboación, a falla de recursos na nosa sanidade pública, realmente cremos que iso si serían temas moito máis importantes que unha regulación. Teno vostede moi fácil Sra. Cendón, levante o teléfono, chame á conselleira de Sanidade e dígalle que dunha vez por todas regule isto e utilicen o Pleno desta Corporación, que son concelleiros do Partido Popular por esta cidade, para defender a esta cidade, aos homes e mulleres que sen ningún tipo de prestación non poden acceder hoxe por hoxe á sanidade pública, aqueles emigrantes ou aquelas persoas que despois de ter que marcharse fora van volver aquí e non poden ser atendidos pola sanidade pública, utilicen vostedes os seus cargos de concelleiros desta cidade para loitar pola saúde de toda a cidadanía que ese si é un tema moi importante, moito máis que a regulación dun cigarro electrónico.

PRESIDENCIA: Incluso a entoación da canción non foi mala, teño que felicitalo pola interpretación.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Solidarízome coas palabras do Presidente con respecto ás cualidades do Sr. Domínguez e solidarízome tamén coa súa preocupación con problemas esenciais da saúde pública desta comunidade e país. Iso non quere dicir que tampouco non esteamos de acordo o Grupo Socialista, pola preocupación do Grupo Popular respecto a non regulación ou necesidade dunha regulación específica do cigarro electrónico na nosa comunidade dada a incidencia que ten na saúde pública.

Polo tanto, estamos de acordo con esa preocupación por parte do Grupo Popular da necesidade de que se regule a nivel de Galicia o cigarro de acordo e cos mesmos criterios que se utilizan para o tabaco habitual.

Facémolo dende a óptica, dende o coñecemento que temos e da comprensión que se ten do problema actual do cigarro electrónico, nada menos que en 37



sociedades científicas españolas que o fixeron e o vehicularizaron a través dos políticos do Senado e do Parlamento español para evitar levar a cabo esta regulación nas modificacións da Lei de consumidores.

O cigarro electrónico contén nicotina pero non está demostrado que sexa un dispositivo eficaz para deixar de fumar, a súa utilidade como estratexia para reducir danos en fumadores que non queren deixalo definitivamente tampouco está avalada cientificamente, polo contrario pode ter o efecto pouco desexable de reter a fumadores na súa adición e ademais inducir unha perigosa renormalización da conduta de fumar.

O vapor dos cigarros electrónicos pode conter sustancias tóxicas tal como dixo a concelleira do Partido Popular e nocivas para a saúde e non deberían utilizarse en espazos públicos pechados.

A situación de desregularización que sufrimos en España debería resolverse rapidamente á marxe do que se legisla en Europa, xa que o crecente mercado e en uso destes dispositivos poñen en perigo moitos dos avances máis apreciados logrados recentemente. Ademais é necesario e urxente aplicar estes dispositivos de idénticas regulacións aos produtos do tabaco, adecuar a súa fiscalidade, prohibir calquera forma de publicidade e promoción e a venda a menores e prohibir o consumo en espazos públicos nas mesmas condicións que recolle a lexislación vixente.

Por iso, nós apoiamos esta moción e agradecemos a oportunidade de que se discuta neste Pleno porque é valioso que se traia aquí a este Pleno, ademais de non comprender a actitude dual que ten o Partido Popular neste sentido. Precisamente na lei que se aprobou e tramitou no Senado o día 26 de marzo, foi o Partido Popular o que se opuxo a incluír na modificación da Lei de Consumidores o que hoxe pide a concelleira do Partido Popular neste Pleno co cal estamos de acordo. Por iso agradecemos máis a súa achega no mesmo.

SRA. CENDÓN ALONSO: Eu téño-me que unir ás felicitacións das facultades como cantante do Sr. Domínguez.

Sr. Domínguez, eu o que lle quero dicir é que esta medida é de saúde pública, as medidas de saúde pública son as máis efectivas para a saúde de tódolos cidadáns. Un pequeno gasto en saúde pública supón un beneficio en saúde inmenso, moito

máis grande que o da asistencia e isto é un tema importante, porque dous anos de atraso en facer a transposición da normativa europea supón que imos ter a moitos adictos a un produto que sabemos que é nocivo.

Outras comunidades autónomas fixeron as recomendacións ao respecto do uso e nós consideramos que en ningún sitio pechado se debe utilizar o cigarro electrónico, porque non están demostrados os efectos nos vapeadores pasivos, por iso urximos á Consellería de Sanidade e á Comunidade Autónoma que faga as recomendacións antes de que se debata a normativa e ademais consta que o ministerio que vai traballar moito niso como o fixeron en Europa.

Mentres tanto recomendacións, que os adolescentes e que a cidadanía coñeza os efectos deste produto que as tendas están vendendo como algo inocuo e non o é.

Sr. Rodríguez Escudero, non hai ningunha dualidade, nós aquí non somos un Partido Popular fotocopiadora, non traemos os postulados de Madrid como sempre nos dixeron, nin os postulados de Santiago de Compostela. O Senado non aceptou as emendas por unha sinxela razón, porque como lle dicía esta normativa do cigarro electrónico vai colada nunha lei de defensa de consumo e usuarios, entón non legisla especificamente o cigarro electrónico, legisla as hipotecas, a venta en internet, os contratos telefónicos, de electricidade, legisla produtos deste tipo e entón o produto como un produto de consumo sen máis queda lexislado nesta lei. A ministra xa lle contestou ás sociedades científicas de que se vai legislar especificamente pola Directiva do tabaco europeo, pero nós, insisto, non queremos esperar dous anos que é o prazo que hai, queremos facelo antes e por suposto en coordinación total coa política que mantén o noso partido no resto das administracións. O que queremos é que se fagan unhas recomendacións xa, por iso instamos á Consellería a que o faga.

Estamos de acordo Sr. Rodríguez Escudero en que isto hai que facelo.

*(No momento da votación atópanse ausentes o Sr. Figueroa Vila e a Sra. Silva Rego)*

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito , adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 19.04.2014 (Rex. Nº 860/1101), pola concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Cendón Alonso, instando á Xunta de Galicia a regular na Comunidade Autónoma o uso do cigarro electrónico, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

#### **4.A. MOCIÓNS URXENTES DE CONTROL DO GOBERNO MUNICIPAL.**

Non houbo.

#### **5(55).- FORMULACIÓN DE ROGOS.**

##### **ROGO FORMULADO POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, SRA. VELOSO RÍOS, RELATIVO AO ACORDO MUNICIPAL PARA CREAR UNHA TARXETA SOCIAL NO VITRASA.**

SRA. VELOSO RÍOS: O rogo é precisamente para pedir que se execute un momento político determinado que foi o acordo unánime deste Pleno de crear unha tarxeta social para as persoas desempregadas e sen recursos, para poder acceder ao VITRASA, que agora mesmo non teñen ningún tipo de tarxeta que poidan utilizar de desconto máis aló de tarxeta verde normal. Foi un acordo plenario, adoptado unánimemente polas tres forzas políticas que estamos aquí representadas e rogamus que se execute.

PRESIDENCIA: Foi un acordo no que se advertiu de que o custe era unha cuestión importante , que non era un tema secundario, e o custo podía ir a quince, vinte, trinta ou corenta millóns de euros, e nese tema estamos.

##### **ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. ARAÚJO PEREIRA, RELATIVO Á PETICIÓN DOS VECIÑOS DE PRESAS EN BEADE PARA QUE VITRASA CHEGUE A ESTA ZONA**

## **URBANA.**

SR. ARAÚJO PEREIRA: Témonos reunidos con veciños de moitas parroquias, a verdade é que son bastante críticos ao Plan de Transporte, pero quérome centrar nun rogo que teña en conta aos veciños das Presas en Beade que fan unha proposta para que chegue o autobús urbano a esa zona, pola estrada do Porto, pasando polas Presas e o Camiño Seixiños, parece ser que xa falaron aquí, hai un problema cun semáforo, que o arranxe o antes posible e que o autobús chegue o antes posible alí.

PRESIDENCIA: Tomamos nota do rogo. Nós reunímonos tamén con moitos cidadáns que están contentos co cambio do VITRASA, miles deles.

## **ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. PÉREZ DAVILA, RELATIVO Á SITUACIÓN DA ENTIDADE LOCAL MENOR DE BEMBRIVE.**

SR. PÉREZ DÁVILA: Quería facer un rogo, máis ben unha súplica que fai en forma de rogo a esta Corporación, porque é para un problema grave que está acontecendo na cidade, unha administración pública desta cidade que corre perigo de desaparecer por incumprimento da Lei de Morosidade, de Déficit Cero, e da Lei de Estabilidade Orzamentaria, incluso como indica o propio Secretario-Interventor da entidade local menor de Bembrive, por facer actuacións de particulares, exclusivas deste Concello como o saneamento público, alumeadado público ou obras no cemiterio municipal. Pídlle a esta Corporación e aos grupos desta cidade, xa que somos o Partido Popular o único que está anunciando esta cuestión porque é un problema grave e do que espero que non nos teñamos que arrepentir cando xa non haxa entidade local menor de Bembrive na parroquia de Bembrive.

PRESIDENCIA: Eu creo que esta é unha cuestión que ten que ser debatida na entidade local menor, que ten personalidade para estes efectos. Polo tanto, ínstoos a que esta cuestión sexa levada ao órgano que corresponde, e se ten que ver con

este Concello ínstolle a que presente a moción correspondente.

**6(56).- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.**

PRESIDENCIA: Hai cinco preguntas do Bloque Nacionalista Galego, en tanto que o regulamento lle concede só catro, que esta vez poderán ser formuladas pero que no futuro lle pregamos ao Bloque Nacionalista Galego que se ataña ao Regulamento e envíe un máximo de catro preguntas. Aquí hai cinco preguntas, esta vez contestaremos pero a seguinte prégolles que se atañan ao Regulamento.

**PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, SR. ALONSO PÉREZ, RELATIVO ÁS ROTURAS DAS CANALIZACIÓNS NO BARRIO DE COIA.**

SR. ALONSO PÉREZ: No barrio de Coia prodúcese habitualmente roturas de canalizacións que chegaron mesmo a provocar grandes danos e perdas irrecuperables ao inundar os locais do Movemento Cidadán do Cristo da Victoria, ademais de afectar a casas, vehículos e provocar o corte do tráfico nalgunhas rúas. Cando teñen previsto realizar o arranxo definitivo das canalizacións neste barrio e que cantidade teñen previsto investir?

SR. REGADES FERNÁNDEZ: A min pásame como a Sra. Veloso, tamén estou preocupado, a boa relación histórica con pactos públicos e privados do Bloque Nacionalista Galego co Partido Popular non sei como nestes momentos o Bloque Nacionalista Galego non lle pide estas obras á Xunta de Galicia porque como vostedes saben nos multiplicaron por tres o canón das facturas que tódalas viguesas e tódolos vigueses pagamos. Dos corenta euros que cada dous meses pagan as viguesas/es, máis do 25% é un canón da Xunta de Galicia, que por certo a Xunta de Galicia di que é de carácter finalista, é dicir, que ten que reverter na cidade, e nestes momentos non está sendo finalista, non o está revertendo na cidade porque a inversión da Xunta de Galicia en infraestruturas hidráulicas na cidade é cero.

Pódolle dicir unha cousa, nestes momentos este goberno desenvolveu no barrio de Coia, un barrio que por certo coñezo moi ben, a renovación da Avenida de Castelao, a renovación da rúa Estrada, da rúa Bayona, da rúa Marín, da rúa Redondela, da rúa Villagarcía, da rúa Castelao, da rúa Cangas, da rúa Salvaterra, fixo un equipamento social na praza da Miñoa, estes días imos empezar a renovación da rúa Moaña, imos empezar estes días a renovación da rúa Cordoeira, e imos empezar a renovación da rúa Barciela. Todo isto suma máis de once millóns de euros e supón máis do 70% dos eixos vertebradores hidráulicos do barrio de Coia. Somos o Goberno que máis investiu no barrio de Coia porque outros gobernos incluso no que o tiña a Alcaldía o Bloque Nacionalista Galego investiu cero neste barrio histórico e populoso da nosa cidade. Por iso, pedímoslle aos señores do Bloque Nacionalista Galego, eu creo que lle contestei todo o que estamos facendo e todo o que imos facer, que lle reivindiquen aos seus amigos da Xunta de Galicia e como lle dicía antes da Deputación de Pontevedra a que invistan nesta cidade porque todo nos iría moito mellor.

**PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA, RELATIVO Á CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO CULTURAL NO BARRIO DE COIA.**

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Existe un compromiso adquirido tanto polo PSOE como polo PP, asinado en forma de proposta de convenio fronte aos veciños e veciñas de Coia, para a construción dun centro cultural para o barrio. O Concello cedería os terreos e a Deputación de Pontevedra financiaría a obra, para a que xa existe un proxecto consensuado cos veciños/as e que encaixa no PXOM.

Cal é a razón para que non se constrúe aínda este centro e cando teñen previsto facelo?

Onde se atopan nestes momentos as pedras do antigo Colexio Alemán coas que estaba previsto construír este centro?

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: En canto á primeira pregunta cal é a razón pola que non se constrúe, téñolle que dicir Sr. Domínguez que nós temos feito o noso traballo, é dicir, fixéronse tódolos trámites en Urbanismo, o que fai falla é que a Deputación

poña os cartos, eu quérolle lembrar que ten sentado ao seu lado á súa voceira, que na Deputación de Pontevedra non lle escoitei en tres anos e medio pedir un euro para un edificio en Coia, que non sei se ao mellor é para colocar algúns amigos nel para que teñan situación e algo que facer.

En canto a segunda pregunta onde se atopan as pedras do antigo colexio alemán, pois están no parque Central Municipal.

**PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, SRA. VELOSO RÍOS, RELATIVO AO FUNCIONAMENTO DO CENTRO SOCIOCOMUNITARIO DE RÍOS NO BARRIO DE TEIS.**

SRA. VELOSO RÍOS: O centro sociocomunitario de Ríos, en Teis, foi sempre unha demanda do barrio de Teis que finalmente se construíu pero permaneceu pechado durante moito tempo. Recentemente abriu as súas portas de maneira case clandestina porque non foi anunciado publicamente polo goberno para facilitar información aos veciños/as da existencia dun novo servizo municipal.

Que servizos teñen previsto ofrecer neste centro? Quen e como o está xestionando?

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: O centro sociocomunitario de Ríos é unha demanda nun barrio moi castigado pola reconversión e dificultades socioeconómicas e que o Alcalde Abel Caballero igual que fixo con Teis, atendeu despois dun abandono de máis de cincuenta anos. As antigas oficinas da Fábrica A Garavilla e a conservación da única cheminea cadrada que está en fronte e máis o parking infantil, foi produto dun compromiso do Alcalde o Sr. Abel Caballero que conseguiu catro millóns de fondos europeos para poder investir alí e aportar un millón de euros tamén desta Corporación, só para ese barrio de Teis. Con eses fondos tiráronse os muros da Etea, puideron os veciños/as gozar dela, teñen un edificio sociocomunitario que é un espacio para tódalas asociacións, para tódolos veciños/as con espazos tamén con ordenadores de uso libre e gratuíto para os veciños/as, para a asociacións, para que desenvolvan as súas actividades. En definitiva, un centro para todo Teis, pero

sobre todo para ese barrio de Ríos. Polo tanto, ven reforzar toda esa inversión que se fixo en Sanjurjo Badía, avenida de Galicia que é competencia da Xunta de Galicia e se humanizou ata o Centro de Saúde, o entorno da praza de Toural, todo o Toural, é dicir, un investimento importante que saben vostedes quen o atendeu? O Alcalde, o Sr. Abel Caballero, este Goberno Municipal, despois dun abandono de cincuenta anos en Teis, o mellor alcalde para Vigo e para Teis. Cando vostedes veñen a falar de que se abre un centro de forma clandestina, eu creo que Sra. Veloso, vostede non sabe nin por onde se chega a ese centro, porque senón non podería dicir iso. Polo tanto, a xestión é pública que se está facendo alí.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e sete minutos, da que se redacta a presente Acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó Libro de Actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.